



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 114

**Sesión plenaria**  
7 de maio de 2019

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



CSV: BOPGDSPGca2mhQb315  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## ORDE DO DÍA

---

### Punto 1. Textos lexislativos

1.1 Proposta de tramitación polo procedemento de lectura única do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019 e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto (doc. núm. 49436, 10/PL-000015)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 469, do 29.04.2019

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia (doc. núm. 47930, PL-000013)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 446, do 21.03.2019  
Publicación de emendas á totalidade, BOPG nº 460, do 12.04.2019

### Punto 2. Mocións

#### 2.1 49575 (10/MOC-000141)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario. (Moción consecuencia da Interpelación nº 47773, publicada no BOPG nº 446, do 21.03.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 06.05.2019

#### 2.2 49577 (10/MOC-000142)

**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

**Torrado Quintela, Julio**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 45516, publicada no BOPG nº 430, do 13.02.2019, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 06.05.2019

#### 2.3 49578 (10/MOC-000143)

**Grupo Parlamentario de En Marea**

**Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos. (Moción consecuencia da Interpelación nº 19848, publicada no BOPG nº 211, do 15.11.2017, e debatida na sesión plenaria do 29.04.2019)  
Publicación da iniciativa, BOPG nº 473, do 06.05.2019



### **Punto 3. Proposicións non de lei**

#### **3.1 39703 (10/PNP-002965)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar

Publicación da iniciativa, BOPG nº 383, do 14.11.2018

#### **3.2 40520 (10/PNP-003045)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis**

Sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

#### **3.3 43406 (10/PNP-003244)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

#### **3.4 44919 (10/PNP-003366)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Cal Ogando, Marcos e Quinteiro Araújo, Paula**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 427, do 06.02.2019

#### **3.5 48340 (10/PNP-003658)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Trenor López, Gonzalo e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir o abastecemento de auga á poboación diante de posibles situacións de seca

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019

#### **3.6 48750 (10/PNP-003685)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

##### **Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co uso do galego nas entidades bancarias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 458, do 09.04.2019



**3.7 49026 (10/PNP-003703)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun informe referido ás denuncias ou queixas presentadas nos últimos seis anos por dificultar o uso das linguas oficiais de Galicia, o tipo de resposta ofrecida e as medidas adoptadas ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

**3.8 49208 (10/PNP-003721)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa posible afectación da actividade das industrias xestoras de residuos e do uso de fertilizantes agrícolas derivados das lamas da depuración na saúde da poboación e no normal estado dos solos e dos acuíferos do concello das Somozas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

**Punto 4. Interpelacións****4.1 42269 (10/INT-001407)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as necesidades de mellora do transporte ferroviario en Galicia, nomeadamente entre Ourense e A Coruña e Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 410, do 14.01.2019

**4.2 45411 (10/INT-001492)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación co servizo público da Xustiza

Publicación da iniciativa, BOPG nº 430, do 13.02.2019

**4.3 49084 (10/INT-001640)****Grupo Parlamentario de En Marea****Cuña Bóveda, María de los Ángeles e Chao Pérez, Luca**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa protección e conservación do patrimonio cultural arquitectónico e arqueolóxico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

**Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia****5.1 49474 (10/POPX-000145)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a valoración da situación e resultados das políticas de emprego do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019



**5.249491 (10/POPX-000146)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o cumprimento do mandato do artigo 5.3 do Estatuto de autonomía de Galicia coa política lingüística do Goberno galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

**5.3 49492 (10/POPX-000147)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre o balance das políticas do Goberno galego en materia de equilibrio territorial

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

**Punto 6. Preguntas ao Goberno****6.1 46398 (10/POP-005522)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Amigo Díaz, María Encarnación e oito deputados/as máis**

Sobre a situación na que se atopan cada un dos proxectos promovidos pola Xunta de Galicia para o novo barrio da Residencia, en Lugo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 437, do 27.02.2019

**6.2 48909 (10/POP-005835)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Toja Suárez, María Dolores e dous deputados/as máis**

Sobre o estado de execución no que se atopa o acordo parlamentario referido á análise de viabilidade da creación dun enlace directo entre a autovía da Costa da Morte e o polígono industrial de Vimianzo, en dirección a Camariñas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

**6.3 49465 (10/PUP-000245)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre as razóns do Goberno galego para suspender, de xeito temporal, o proceso de contratación das concesións de transporte público interurbano por estrada de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

**6.4 49472 (10/PUP-000246)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego para a posta en servizo da nova estación intermodal da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019



**6.5 46731 (10/POP-005568)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para evitar a desaparición da empresa Isowat, na Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 441, do 06.03.2019

**6.6 43134 (10/POP-005108)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel e sete deputados/as máis**

Sobre o proxecto que está previsto implantar en Ourense relacionado coa innovación na formación profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 417, do 23.01.2019

**6.7 48852 (10/POP-005832)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias de mantemento que presenta o edificio do Centro de Saúde de Foz

Publicación da iniciativa, BOPG nº 463, do 17.04.2019

**6.8 49475 (10/PUP-000247)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as medidas previstas para resolver a situación de precariedade na que se atopa o persoal eventual de enfermaría no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 470, do 30.04.2019

**6.9 49137 (10/POP-005852)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da ampliación dos equipos de valoración da discapacidade na zona norte da provincia de Pontevedra e no resto das zonas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019

**6.10 49160 (10/POP-005854)****Grupo Parlamentario de En Marea****Quinteiro Araújo, Paula e dous deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto das listas de agarda existentes na provincia de Pontevedra para a valoración do grao de discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 466, do 24.04.2019



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.** (Punto primeiro da orde do día.)

Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 11.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)* (Páx. 13.), *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 15.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 16.)

Votación da proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019: *aprobada por 35 votos a favor, 31 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 18.)

**Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.** (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 18.)

Rolda de defensa das emendas á totalidade e fixación e posicións: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 23.), *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 27.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Lago Peñas (EM)* (Páx. 31.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 35.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 39.) e *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 41.)

*Nova intervención do Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García)*. (Páx. 43.)

**Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia.** (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 46.)

Rolda de defensa da emenda á totalidade e de posicionamento: *Solla Fernández (EM)*. (Páx. 50.)

Rolda dos grupos parlamentarios non emendantes para fixar a súa posición: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 55.), *Sr. Torrado Quintela (S)* (Páx. 59.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P)*. (Páx. 63.)

Rolda de réplica do grupo parlamentario emendantes: *Solla Fernández (EM)*. (Páx. 67.)



### ***Votación dos textos lexislativos***

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación da emenda á totalidade con texto alternativo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019: *rexeitada por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 70.)

Votación do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019: *aprobado por 37 votos a favor, ningún en contra e 32 abstencións.* (Páx. 70.)

Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica: *rexeitada por 19 votos a favor, 37 en contra e 13 abstencións.* (Páx. 71.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 71.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 71.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 74.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 75.) e Sra. Chao Pérez (EM).* (Páx. 77.)

*O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 78.)

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 80.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 84.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG) (Páx. 86.) e Sra. Amigo Díaz (P).* (Páx. 87.)

*O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 89.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.*





**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos.** (Punto segundo da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción.* (Páx. 91.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 93.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 97.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 99.) e *Sr. Blanco Paradelo (P).* (Páx. 100.)

*O señor Sánchez García (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 103.)

### **Votación das mocións**

Votación da moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario: *rexeitada por 32 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 104.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde: *rexeitado por 32 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 105.)

Votación dos puntos 1 e 4 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos: *rexeitados por 20 a favor, 34 en contra e 12 abstencións.* (Páx. 106.)

Votación dos puntos 2 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos: *rexeitados por 32 votos a favor, 34 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 106.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 106.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM)* (Páx. 112.) e *Sr. Fernández Gil (P).* (Páx. 113.)

*O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 115.)



**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup>. María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 116.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Barreira (P).* (Páx. 117.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 120.), *Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 122.) e *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 123.)

*A señora Rodríguez Barreira (P) intervén para posicionarse sobre as emendas.* (Páx. 125.)

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 127.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 128.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S).* (Páx. 131.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 133.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P).* (Páx. 135.)

*A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 137.)

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade.** (Punto terceiro da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 139.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Cal Ogando (EM).* (Páx. 139.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 142.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Prado Cores (BNG)* (Páx. 144.) e *Sra. Rodríguez-Vispo Rodríguez (P).* (Páx. 145.)

*O señor Cal Ogando (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 147.)

*Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e catro minutos da tarde.*



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

**O señor PRESIDENTE:** Bo día.

Damos comezo á sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Entramos na orde do día. Primeiro punto: texto lexislativo.

**Proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019 e, se é o caso, debate e votación do dito proxecto**

**O señor PRESIDENTE:** A Mesa, oída a Xunta de Portavoces, na reunión do día 30 de abril de 2019, acordou propor ao Pleno da Cámara a tramitación polo procedemento de lectura única deste proxecto de lei, ao abeiro no disposto no artigo 134.1 do Regulamento.

Polo tanto, antes de someter a votación a proposta de tramitación polo procedemento de lectura única, ábrese unha rolda para fixaren a súa posición os grupos parlamentarios.

Comezamos, polo tanto, co Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Ten para iso a palabra, por un tempo de cinco minutos, a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día a todas e a todos.

Tal e como manifestou o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego xa nas anteriores xuntas de portavoces, pois insistimos hoxe nesta quenda de intervención en que nos opoñemos á tramitación por este procedemento do proxecto de lei en lectura única. En primeiro lugar, porque, se ben é certo que o propio Regulamento da Cámara contempla esta posibilidade, non é menos certo que tamén se recolle o seu carácter excepcional implícito, reservado para materias que pola súa natureza conceden este procedemento ou pola súa simplicidade. E, neste caso, malia que realmente diante do que estamos non deixa de ser unha modificación duns orzamentos revestido doutra cousa, tamén hai que dicir que temos precedentes doutro tipo de tramitación e que sobre todo non estamos diante dunha materia simple.

Non estamos diante dunha materia simple en dous ámbitos: por unha banda, pola complexidade da operación que se presenta, porque deberamos poder dar un debate sosegado sobre cales son as prioridades de gasto, a onde teñen que ir os recursos públicos dos galegos e galegas, e desta forma, con esta tramitación pechada, non podemos dar un debate mediante emendas parciais ao articulado onde cheguemos a algún tipo de consenso sobre esas prioridades.

Pero hai outra pata, que é tamén de onde saen eses recursos. Tamén deberamos poder dar un debate racional de onde estamos a tirar os recursos e de se realmente poderíamos falar,



en lugar de 48 millóns, pois de 88, de 100, de 200 ou de 1, pero dar un debate sobre esa cuestión de fondo tamén.

E iso é algo que se agrava con este procedemento de lectura única, pero ao que se engade que tamén os grupos da oposición descoñecemos cales son as condicións concretas, a letra pequena desa débeda que agora di o Goberno que está a amortizar. Tampouco sabemos cal é a situación orzamentaria a día de hoxe. Polo tanto, é un debate desigual e é un debate a cegas.

É certo que cun procedemento ordinario habería moitas sombras aínda que destapar, pero poderíamos botar luces sobre algunhas cuestións, poderíamos demandar información ao Goberno, poderíamos agardar algúns dos informes que deberían acompañar esta lei e que non temos engadidos e poderíamos mesmo pedir comparecencias, como se ten feito noutros trámites lexislativos.

Pero, en todo caso, fóra das cuestións formais e procedementais e de cal sería o mellor método dese punto de vista, o principal argumento para opoñernos a esta forma de tramitar esta lei é político, é unha cuestión de fondo político, porque poderíamos estar diante dun trámite que fora case de xestión, diante unha materia que tivera un consenso en toda a Cámara, pero realmente non estamos diante diso. O que estamos é diante dunha operación do Goberno galego que o que busca é réditos electorais a menos de vinte días dunhas eleccións municipais, e, polo tanto, unha estratexia do Goberno diante da que se está a pregar o Parlamento galego, que nos están a vender que hai unhas determinadas urxencias sociais —que nós compartimos que efectivamente existen, pero que esta non é a receita máxica—, e, polo tanto, entendemos que do punto de vista da ética política, aínda que formalmente este procedemento poida estar lexitimado polo Regulamento do Parlamento galego, pois, por riba do debate legalista, debería estar o debate da ética política, de se esta é a actitude dun goberno que unicamente o que está a aplicar aquí é o que temos visto noutras ocasións: que o Partido Popular identifica maioría absoluta con verdade absoluta e que aplica unha vez máis ese rodillo do que outras veces temos denominado, máis que maioría absoluta, maioría absolutista.

E, polo tanto, entendemos que hoxe é unha mala nova que se aprobe unilateralmente este procedemento. Porque o Parlamento vai ser menos Parlamento. Toda a oposición se manifestou en contra deste procedemento, todos e todas penso que imos votar en contra, pero ao Goberno élle absolutamente indiferente, porque só está ao servizo da súa axenda electoralista.

E tamén hai outra cuestión que do punto de vista moral nos renxe. É un pouco disparatado, por non dicir unha auténtica tomadura de pelo ou unha falta de seriedade, que esteamos a debater este procedemento e que teñamos notas de prensa da Xunta de Galicia de hai cinco días, do pasado Consello da Xunta, onde xa se nos está a informar publicamente de que o Goberno iniciou operacións para facer o que teoricamente imos aprobar e votar hoxe, o cal non deixa de ser xa unha falta de elegancia, pero, sobre todo, unha falta do punto de vista do sentido da democracia e do sentido do que debера ser este Parlamento.

Polo tanto, nós, que temos outra forma de facer política, outra forma de facer parlamentarismo, entendemos que este non é o procedemento axeitado e, polo tanto, queremos manifestar nesta quenda de palabra a nosa oposición e votaremos «non», e deixaremos para a



seguinte quenda tamén unha intervención sobre por que nos parece que, por riba deste procedemento disparatado, tamén no fondo do que se nos está presentando hoxe se está tomando o pelo a todos os galegos e galegas e tamén a este Parlamento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bo día a todos e a todas.

Eu tamén lles anuncio que imos votar en contra deste procedemento de lectura única, que é un procedemento —como se dicía— especial e que, ademais, combina unha urxencia agravada cun procedemento de lectura única, que fai aínda máis complicado e máis difícil que poidamos exercer o noso papel como grupos parlamentarios da oposición, pero, sobre todo, porque cremos que non se cumpren os requisitos nin para a urxencia nin para a lectura única.

É certo que a urxencia é unha decisión discrecional da Mesa do Parlamento, que, en principio, debe reducir os prazos á metade, excepto casos excepcionais, e neste caso redúcese á metade da metade, o cal indica unha présa que eu creo que é digna de mellor causa.

E o procedemento de lectura única pois indícase no Regulamento do Parlamento que pode aplicarse cando a natureza dun proxecto de lei o aconsellar ou a simplicidade o permitir, que é unha formulación vaga pero suficientemente expresiva e que a doutrina ten levado a dar a entender que a natureza quere dicir que exista un consenso, por tanto que os grupos parlamentarios fagan unha renuncia previa a presentar emendas, porque están de acordo, dado que formulan entre todos o proxecto —non se trata deste suposto—, ou que a simplicidade da súa formulación pois fai innecesario máis debate, porque se trata dunha lei que pode —digamos— resumirse nunha frase—para entendernos—. Non se trata tampouco deste caso.

Hai un calendario apresurado. Fíxense vostedes: desde o inicio por parte do señor conselleiro dos trámites para a redacción desta lei até o final van pasar tres semanas, todos os trámites en tres semanas, coa Semana Santa polo medio, porque isto comezou o mércores previo ao Xoves Santo; por tanto, temos un procedemento que desde logo é de extrema celeridade.

A urxencia xustifícase, efectivamente, no expediente. Xustifícase porque se fala —eu creo que de forma moi interesada— da necesidade de acometer obras en centros educativos que só poden facerse durante o verán. E nós entendemos este argumento, pero cremos que non é o argumento correcto, primeiro, porque o verán é unha circunstancia que eu creo que todos somos capaces de prever; por tanto, sabemos cando vai darse esta circunstancia; débense activar os procedementos, xustamente os ordinarios, tendo en conta isto. Pero, segundo, porque isto se observa para menos dun 50 % dos créditos que están incluídos neste proxecto



de lei; do resto, incluso dalgúns se di que van finalizarse no ano 2020; por tanto, non teñen nada que ver con esta cuestión. E terceiro —quizais máis importante—, porque o Consello da Xunta do 2 de maio aprobou un anticipo, que está previsto na propia Lei de réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia, que permite iniciar os trámites para levar adiante estes proxectos con independencia de que aprobemos hoxe ou aprobemos dentro de tres semanas ou dentro dun mes.

Por tanto, a urxencia coa que se xustifica a tramitación apresurada deste proxecto de lei desaparece a partir da aprobación deste anticipo. A urxencia só parece ter un obxectivo, que é ter esta lei aprobada antes de que se inicie dentro dun par de días a campaña electoral das municipais, (*Aplausos.*) porque se baixan vostedes ao contido, verán que este proxecto ao final do que se trata é de actuar en vinte e un centros educativos de concellos distintos, nun número importante de centros sociais, nun número importante tamén de centros sanitarios, e, por tanto, trátase de poder recorrer Galicia pois vendendo para axudar os candidatos do Partido Popular o que está neste proxecto de lei.

Pero, sobre todo, a lectura única tampouco se xustifica. A simplicidade non se razoa en ningún momento, porque non pode facerse. Este proxecto modifica contas de seis consellerías, tres axencias, dous organismos autónomos, dúas empresas e unha fundación. Modifica sete disposicións, cinco anexos e vinte e seis conceptos presupostarios. Nada simple. Non é simple desde o momento en que vemos como distintos conselleiros, o propio presidente, están facendo referencias a este proxecto de lei que non se adecúan ao texto do proxecto. Non debe ser simple cando se equivocan.

O propio presidente dixo o outro día na sesión de control que se incluían neste proxecto tres millóns de euros para reforzar a política de vivenda; non están. Non debe ser tan simple cando se equivoca o señor presidente. A señora conselleira de Infraestruturas di que se introducen máis recursos para reforzar a política de infraestruturas. Todo o contrario: retíranse recursos da Sociedade Pública de Investimentos, destinados xustamente a obra nova. Por tanto, non debe ser tan simple o proxecto cando se equivocan na súa interpretación.

Non debe ser tan simple cando se fala de 125, 130, 96 millóns e ao final resulta que son 48, como recordaba a portavoz do BNG. Non debe ser tan simple.

O procedemento de lectura única, como se indicaba antes, axiliza a tramitación pero desvaloriza o Parlamento, limita a capacidade de actuación dos grupos. O informe dos letrados trasladaba a responsabilidade a este pleno, e eu creo que debemos exercela dicindo que non, porque este procedemento impide que poidamos facer unha avaliación sensata, razoada, da proposta. Falta documentación pertinente; por exemplo, o estado de execución dos orzamentos a 15 de abril, antes de empezar. Porque este procedemento especial xustifícase só porque non existe crédito para gastos imprescindibles, e que non exista crédito está dito no expediente pero non está acreditado; non sabemos se é así ou non; para poder valoralo ben, teríamos que poder acreditalo.

E, por outra parte —remato xa—, na propia lei establécese que o Fondo de Continxencia debe ser utilizado para isto e, non obstante, aquí non se fai. ¿É que xa non existen recursos



no Fondo de Continxencia, que son trinta e tantos millóns de euros, dos cales a maior parte están no Sergas? Xustamente, o Sergas é un dos organismos autónomos que ten un suplemento de crédito para poder facer novas actuacións. ¿Xa non hai créditos no Fondo de Continxencia? Nin se acredita nin se di nada no expediente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Por todas esas razóns, porque nós cremos que un procedemento ordinario permitiría dar a coñecer mellor cal é a situación —podería comparecer o director xeral, podería comparecer o xerente do Sergas na propia ponencia e informarnos do que está pasando—, pois imos votar en contra deste procedemento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Lago, dende o escano.

Déanlle voz ao escano do señor Lago, por favor.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

Falo desde o escano porque me quero alonxar o máis posible deste mitin de campaña do Partido Popular. Non quero participar no paripé. (*Murmurios.*)

Hoxe, cando collía o tren para vir realizar o meu traballo, lin unha noticia no principal xornal deste país: «*La Xunta moviliza los primeros 48 millones del superávit para gasto social. Dedicará 16 millones a personal y equipamiento sanitario. El resto son...*». Exactamente, exactamente.

Vimos aquí os deputados e as deputadas do Parlamento de Galicia facer o paripé diante da decisión da Xunta de Galicia, do grupo maioritario, (*Murmurios.*) que só ten unha función, que é conseguir ese titular de prensa. Polo tanto, o meu grupo non se vai facer comparsa desa operación de *marketing* e propaganda electoral que fai o Partido Popular, neste caso o grupo no Parlamento.

Claro que non existe ningunha razón que xustifique o trámite en lectura única e en procedemento de urxencia, porque, de ser así, se o conselleiro nos convencera hoxe de que a sanidade pública galega está en situación de emerxencia tal que require un trámite único e un procedemento de urxencia para dotala de fondos suficientes para acabar con esa situación de emerxencia, creo que iso requiriría explicacións engadidas.

Polo tanto, este grupo non vai facer de comparsa da operación de *marketing* e propaganda que fai o Partido Popular, e nesta primeira intervención, polo tanto, nin nos acercamos á tribuna e facémola directamente dende o escano.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Grupo Parlamentario Popular, señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos.

A verdade é que chama poderosamente a atención escoitar as intervencións dos grupos da esquerda, como argumentan que esta lei non se tramite coa maior axilidade e polo procedemento de lectura única; a verdade é que chama poderosamente a atención escoitar os argumentos esgrimidos. Unha lei que impulsa o Goberno galego para poder investir os cento vinte e cinco millóns do superávit do ano 2018 na mellora da sanidade, na mellora dos centros educativos, na mellora dos centros sociais e nos investimentos no medio rural na cuestión forestal. ¿Pero non eran prioridades que compartiamos todos os grupos? ¡Ah!, eran prioridades, pero agora non, agora non. Moi ben.

Trátase dunha lei que habilita un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias non contempladas no orzamento ordinario do ano 2019, actuacións previstas, actuacións planificadas polo Goberno galego. A verdade é que resulta curioso ver a oposición revolverse contra o Goberno e contra a maioría parlamentaria que o sustenta por querer aprobar esta lei con celeridade, por querer aprobar esta lei con axilidade, tal e como prevén os procedementos legais e regulamentarios desta Cámara.

Os informes dos Servizos Xurídicos desta Cámara (*O señor Tellado Filgueira mostra un documento.*) avalan o procedemento na súa totalidade. Todos os grupos coñecen os informes que onte nos fixeron chegar os Servizos Xurídicos. ¿Cal é a crítica? Os informes dos Servizos Xurídicos deste Parlamento avalan que o procedemento de urxencia e o procedemento de lectura única é perfectamente legal e que non menoscaba, en ningún caso, os dereitos dos grupos parlamentarios desta Cámara, como algúns parece que pretenden argumentar. Proba diso e proba de que o texto legal en cuestión é de formulación simple é que os grupos socialista e nacionalista formularon emendas á totalidade, mesmo máis extensas e máis exhaustivas na súa literalidade —non na súa profundidade— que o texto legal proposto polo propio Goberno. Logo, é verdade que as Mareas non presentaron emendas porque están a outra cousa, están a ver se reparten isto do senador por designación autonómica e salvan así *al soldado Villares*.

Pero o certo, o único certo é que os informes dos Servizos Xurídicos da Cámara son concluíntes, son determinantes, non hai peros, non hai matices, non hai sombras de dúbida. Por iso é sorprendente a argumentación dos grupos da oposición.

Para o BNG fúrtase o dereito a debater. ¿E logo que estamos facendo? ¿E logo que é o que imos facer nas próximas dúas horas? ¿É que vostedes queren que debatamos tres meses sobre estes investimentos en vez de facelos? ¿Vostedes queren que debatamos tres meses en vez de poñer en marcha as obras nos centros educativos e que estean finalizadas en setembro, cando os rapaces volvan aos seus centros educativos? ¿Iso é o que queren? ¿É que é





máis importante que poidamos debater aquí durante tres meses, vostedes e nós, que atender as necesidades da xente? ¿Iso é o que nos din dende o Bloque Nacionalista Galego?

Fálannos vostedes da elegancia na aprobación deste proxecto de modificación orzamentaria. ¿Vostedes? ¿Vostedes, que aprobaron os orzamentos no Concello de Pontevedra aproveitando que ese día, ese mesmo día, operaban un membro do Partido Popular e así tiñan maioría? Pero ¿fálannos vostedes de elegancia? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Logo, dende o Grupo das Mareas de *Pudimos* argumentan que esta é unha actuación electoralista, e por iso cren que é mellor atrasala con trámites e burocracia parlamentaria. Esa é toda a súa argumentación, compartida co partido dos decretos lei, esa é toda a súa argumentación.

Para as Mareas son obras electoralistas, porque dende o Partido Popular queremos facer cousas que demanda a cidadanía para manter a súa confianza. ¡Ah!, ¿si? Seguindo a súa lóxica argumental, nós deberíamos pensar que vostedes pretenden atrasar esas actuacións para xerar malestar na cidadanía. Vostedes o que pretenden é atrasar investimentos do superávit, por iso daquilo de «canto peor, mellor». Esa é a lóxica dos grupos da oposición. (*Aplausos.*)

Pois miren, eu teño que dicirlles que acertan. Nós queremos mellorar a vida da xente, queremos facelo xa, cando hai recursos para facelo, cos diñeiros non de ninguén, cos diñeiros dos galegos e as galegas, que merecen e precisan estes investimentos. Son actuacións prioritarias, son actuacións priorizadas, son actuacións planificadas que agora contan con recursos para levalas adiante. ¿Por que habería que atrasalas? ¿Por que queren vostedes obstruír, obstaculizar, entorpecer a acción do Goberno galego? ¿Para criticar que o Goberno non fai? ¿Para que a oposición poida dicir que fai o que non fai?

Mire, critican porque din que o Goberno non actúa e ao mesmo tempo tamén critican porque o Goberno actúa. ¿En que quedamos? A nós vannos atopar sempre traballando a prol dos galegos e dende logo non van conseguir facernos caer nas súas trampas do obstrucionismo, de que nin fan nin deixan facer, como ten demostrado o Goberno socialista dende a Moncloa con respecto ao superávit durante todas estas semanas e estes meses. Sigán vostedes nesa estratexia de paralo todo, sigán vostedes instalados no obstrucionismo político, que non creo que cheguen verdadeiramente moi lonxe.

Nós, efectivamente, imos procurar aprobar leis como esta, que pretenden mellorar a vida dos galegos. Alá aqueles que queren paralizar investimentos e que queren prexudicar o conxunto da cidadanía se cren que aí poden atopar votos. A nós vannos atopar traballando sempre para mellorar a vida dos galegos, aí imos estar sempre.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Procedemos á votación desta proposta.



Votamos.

*Votación da proposta de tramitación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 31.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a tramitación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei.*

**Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos co procedemento de lectura única, e, en concreto —é o que xa tiñamos comentado—, debate e votación, polo procedemento de lectura única, deste proxecto de lei.

Para presentar o proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Facenda, don Valeriano Martínez García, por un tempo de quince minutos.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Presento hoxe ante a Cámara o Proxecto de lei de reforzo de actuacións prioritarias para 2019, un proxecto que é necesario e urxente. Esta necesidade e esta urxencia vén xustificada polos tres principais obxectivos que persegue. En primeiro lugar, levar a cabo actuacións, no eido educativo, sanitario e social, prioritarias e previstas para os vindeiros anos e que agora se reforzan en 2019 grazas á solvencia da Comunidade Autónoma. En segundo lugar, mellorar a atención primaria no Servizo Galego de Saúde, consonte a nova planificación e os retos que temos por diante nos vindeiros anos, así como para mellorar o equipamento sanitario. E, en terceiro lugar, facer todo isto empregando o superávit contable de cento vinte e cinco millóns de euros do ano 2018, sen penalizar o cumprimento das regras fiscais para este ano, evitando deste xeito os atrancos e os atrasos que o Goberno central está impondo a Galicia nos últimos meses.

Afortunadamente en Galicia temos estabilidade e autonomía e, polo tanto, queremos e podemos cumprir estes obxectivos, porque Galicia é unha comunidade cumpridora e responsable. En Galicia levamos dez anos cumprindo todas as regras fiscais, tanto nos peores momentos da crise como nos anos de recuperación económica, e o resultado é que Galicia lidera na última década o crecemento en renda per cápita de España, por riba doutras comunidades coas que compartimos o desafío demográfico e o avellentamento, cun modelo propio de crecemento san, que se caracteriza por ter menos déficit.



Galicia é a terceira comunidade autónoma que máis reduciu o seu déficit dende 2009 e conseguiu pechar 2018 con superávit por primeira vez dende o ano 2002. Con menos débeda, Galicia é a comunidade autónoma que menos aumentou o seu volume de débeda dende 2009, con máis investimentos. Galicia é a segunda comunidade que fixo máis esforzo investidor en 2018. E con mellor pago a provedores; Galicia é a comunidade autónoma que mellor paga as súas facturas en toda España.

En definitiva, en Galicia demostramos que é posible cumprir todas as regras fiscais e, ao mesmo tempo, acadar máis crecemento económico, máis emprego e máis inclusión.

Este modelo queremos reforzalo investindo cento trinta millóns de euros en actuacións prioritarias e urxentes, cento vinte e cinco millóns do superávit máis outros cinco millóns de euros en aforros en xuros da débeda. E podémolo facer porque en 2018, ademais de que Galicia cumpriu todas as regras fiscais, mellorou os seus ingresos e acadou ese superávit orzamentario.

Cumprimos o límite de débeda, pois tiñamos o límite establecido no 18,4 % do PIB e logramos baixar a débeda e pechar co 18,1 %. Cumprimos o límite de pagos a provedores, e, como dicía anteriormente, Galicia foi líder en pagamento acelerado durante 2018.

E todos os nosos cálculos indícanos que temos tamén cumprida, un ano máis, a regra de gasto, cuestión que desgraciadamente a día de hoxe aínda non foi confirmada polo Ministerio de Hacienda. Agardamos que agora que pasaron as eleccións xerais se faga pública —ou igual hai que esperar ao 26 de maio—.

E, como xa avancei, a gran novidade foi o feito de que Galicia, por primeira vez en dezaseis anos, pechou o exercicio con superávit contable, que —insisto— nós estimamos en cento vinte e cinco millóns de euros. (*Aplausos.*) De feito, hai semanas que xa lle aclaramos ao Goberno central que a diferenza cos cento catro millóns que calculan eles é por un gasto que teñen computado dúas veces.

Cando coñecemos estes datos en febreiro, contactamos co Ministerio de Hacienda para poder utilizar este superávit, e o propio presidente da Xunta pediulle por carta un mecanismo para poder empregalo, toda vez que no Proxecto de lei de orzamentos do Estado se eliminara a posibilidade de que as comunidades autónomas cumpridoras e con superávit puidesen empregalo.

Fomos leais co Goberno central, como sempre facemos, pero non obtivemos resposta. Non obstante, a posición do Goberno de Galicia fixo rectificar o Goberno central, que o 29 de marzo aprobou un real decreto para reinvestir o superávit, publicado no BOE o 30 de marzo e validado polo Congreso o 3 de abril.

Conseguimos rectificar o Executivo socialista, pero seguimos sen poder empregar o superávit e sen poder utilizalo nas necesidades dos galegos. Desde o Goberno galego consideramos unha petición razoable flexibilizar o uso do superávit, xa que este ano aumentan as administracións con superávit e que toda a normativa debe evolucionar en función do diferente contexto e circunstancias.



Así, a regulación do uso do superávit que fixo o Goberno do PP está enmarcada nun momento en que había que controlar a débeda polo seu grande incremento no peor momento da crise económica, na que nos metera o Goberno socialista do señor Zapatero. Pero tamén necesitamos axilidade, para poder utilizar ese superávit en servizos para os galegos, investimentos prioritarios no eido social e reforzo da atención primaria.

Parece lóxico, pois, que Galicia, unha comunidade que cumpre, que nunca pide máis que o que lle corresponde, poida utilizar os cartos de todos os galegos en beneficio de todos os galegos. (*Aplausos.*)

E como non tivemos unha resposta axeitada do Goberno central e previamos que a autorización para investir o superávit ía prolongarse no tempo, quizais pola convocatoria electoral, tivemos que buscar unha vía alternativa e áxil para, por un lado, poder investir xa mesmo este superávit ao mesmo tempo que poder utilizalo no que realmente necesitan os galegos. Por iso este goberno, dende a nosa autonomía e dentro das nosas propias competencias, preparou un mecanismo legal para utilizar os cartos dos galegos nos servizos públicos dos galegos, nun exercicio pleno, pois, do noso autogoberno.

Porque, señorías, quero lembrar que o real decreto só permite facer investimentos financeiros sostibles, e iso está ben, pero para unha comunidade como Galicia, que leva anos de contas saneadas, non é suficiente. Isto significa que, por exemplo, con esta regulación non poderíamos contratar máis persoal sanitario, que si queremos contratar. Por iso este proxecto de lei forma parte da solución alternativa para utilizar o superávit de responsabilidade, e poderemos facer fronte a actuacións prioritarias indo máis alá dos orzamentos en vigor. Porque existen actuacións que non poden agardar máis. Os investimentos que queremos levar a cabo en centros educativos teñen que facerse no período vacacional de verán, deben estar rematados para o comezo do próximo curso escolar. O mesmo acontece cos investimentos que reforzamos nas escolas infantís, e, ademais, queremos priorizar e facer o antes posible reforzos na atención primaria, tanto de persoal como de equipamento.

Por todas estas razóns, no Goberno galego analizamos todas as posibilidades e optamos por este mecanismo —reitero— legal e que podemos aprobar dentro das nosas competencias, en exercicio do noso autogoberno.

Señorías, grazas ao bo peche do exercicio orzamentario de 2018, cunha mellor evolución dos ingresos, podemos acometer unha serie de operacións de reordenación do endebedamento do sector público autonómico que xera aforros nas cargas fiscais futuras e ao mesmo tempo posibilita o afloramento dunha serie de dispoñibilidades crediticias que permiten financiar estas novas actuacións prioritarias.

Con este novo crédito finánciase, reorientándoo, o gasto non financeiro dedicado a amortizar débeda da Comunidade Autónoma, concretamente das entidades SPI e Xestur.

Utilizaremos o superávit para reducir a débeda da Comunidade Autónoma, en concreto en dúas décimas, facendo o que as leis vixentes din que hai que facer. Porque, evidentemente, esta operación enmárcase nas leis estatais e autonómicas de sustentabilidade financeira, en



concreto no artigo 18 da nosa Lei galega, que di no seu punto primeiro: «No suposto de que a liquidación orzamentaria sexa superavitaria respecto do obxectivo fixado inicialmente, os recursos xerados dedicaranse a reducir o déficit do exercicio ou o endebedamento da Comunidade Autónoma, segundo corresponda». Pero tamén algo parecido vén dicir a lei estatal cando se le simplemente o seu artigo 14.

Nós, por un lado, cumprimos estritamente o que din estas normativas legais e ao mesmo tempo liberamos créditos orzamentarios cos que financiaremos estes novos investimentos en sanidade, en educación e en servizos sociais.

Señorías, agardo o apoio de todos os grupos parlamentarios para unha lei que fai algo, ao meu entender, tan razoable como investir en sanidade, educación e servizos sociais, ao mesmo tempo que reduce o endebedamento.

Con esta vía alternativa conseguimos o que buscabamos desde o principio: reducir a débeda —e, como digo, en dúas décimas—, xerando nova capacidade de gasto; destinar aos galegos os cartos que son de todos os galegos e non ter que seguir agardando por un goberno que o único que fai é poñer atrancos ás comunidades que cumprimos, en lugar de achegar solucións.

¿E como distribuímos os recursos dos que imos dispoñer? Grazas a esta lei, dispoñemos dun total de noventa e seis millóns de euros, corenta e oito este ano e outros corenta e oito no 2020. O resto, ata os cento trinta millóns, un total de trinta e catro millóns, quedarán dispoñibles como capacidade investidora na Axencia Galega de Infraestruturas, axencia que realizará en réxime de encomenda diversas actuacións prioritarias, entre as que destacan as que atinxen á materia de vivenda. Isto en canto ao montante global.

Señorías, explicarei agora os investimentos previstos para o presente exercicio na norma que hoxe presento: vinte e dous millóns de euros no eido da sanidade, outros vinte e dous para educación, seis en servizos sociais e tres en infraestruturas.

No eido da sanidade, garantimos o comprometido para reforzar a atención primaria e incluimos autorización para a contratación progresiva de máis de duascenas novas prazas en persoal de enfermería e ata trescentas con outro tipo de persoal. A licitación do contrato de transporte urxente, con suplemento para financiar vehículos e servizos adicionais, así como para garantir o incremento salarial do novo convenio do sector. A construción e a mellora e ampliación de dezanove centros de saúde, ademais do novo equipamento tanto en atención primaria como no seu momento no ámbito hospitalario; en total, máis de corenta millóns de euros para sanidade entre os dous anos.

No eido da educación, o obxectivo é mellorar as instalacións de corenta colexios e institutos de toda a comunidade autónoma e para avanzar tamén na dixitalización do alumnado galego coa inclusión de novos centros no plan E-Dixgal. De feito, no Consello da Xunta do xoves pasado aprobamos un anticipo de tesourería de 21,4 millóns para melloras en vinte e dous centros neste 2019, así como 1,3 millóns para reforzar o Plan de educación dixital.



En materia de servizos sociais, prevemos actuacións de mellora e eficiencia enerxética en centros dependentes de Política Social, como son as escolas infantís, os centros de maiores, as residencias.

E para Medio Rural, a semana pasada tamén se anticiparon tres millóns de euros para actuacións en infraestruturas prioritarias na prevención de incendios forestais.

Ademais, boa parte das actuacións que imos realizar encádranse como investimentos financeiros sostibles, polo que a súa execución non afectará o cumprimento da regra de gasto neste 2019, tal como permite o real decreto que o Goberno central aprobou a instancias de Galicia.

Desta forma, con esta lei, poderemos investir noventa e seis millóns de euros en dous anos, corenta e oito neste 2019 e outros corenta e oito en 2020, e —reitero— para reforzar fundamentalmente actuacións prioritarias en sanidade, educación e servizos sociais. A maiores destes noventa e seis millóns, teremos dispoñibles trinta e catro, dezasete millóns de euros cada ano, que non forman parte desta lei pero que empregaremos en actuacións a través da Axencia Galega de Infraestruturas.

Con esta operación, legal e autónoma, Galicia garante que utilizará o 100 % do seu superávit contable de 2018 e o que empeza a investir xa. Podémolo facer porque temos estabilidade, porque exercemos a nosa autonomía financeira e, por tanto, estamos a facer uso do noso autogoberno.

En definitiva, o Goberno galego ten a obriga de dar unha resposta, legal e rápida, para poder investir o superávit que obtivo en 2018 grazas ao esforzo de todos os galegos e as galegas. O Goberno galego foi responsable e cumpriu todas e cada unha das disciplinas fiscais que eran o obxectivo de déficit, o obxectivo de débeda, a regra de gasto. O Goberno galego fixo rectificar o Goberno socialista para reinvestir o superávit, pero, unha vez conseguido isto, debido a que o Goberno central non flexibilizou o uso do superávit nin permitiu gastalo aínda, o Goberno acelera unha solución viable, porque as necesidades dos galegos non poden agardar máis.

Con esta lei reducimos e reordenamos a débeda, é dicir, aforramos en gastos financeiros para o futuro; axilizamos trámites para realizar eses investimentos necesarios, como son o reforzo de persoal e o equipamento en atención primaria; e investimos tanto en centros educativos como en escolas durante o período vacacional do verán. E facémolo porque temos esa estabilidade, esa autonomía financeira, e exercemos —como dicía varias veces— o noso autogoberno.

Ademais, acabamos de coñecer que o Goberno de Canarias tamén vai utilizar o superávit sen agardar a autorización do Goberno de España. Isto creo que confirma que a vía utilizada por Galicia é a vía correcta. Galicia, como comunidade cumpridora, non pode pagar a inestabilidade política estatal nin agardar que haxa un goberno en España.

Señorías, remato pedindo o apoio dos grupos parlamentarios para unha lei que é boa para Galicia, porque é un bo instrumento para reforzar as principais necesidades dos galegos e as galegas.



Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Rolda de defensa das emendas á totalidade con texto alternativo, así como posicionamento respecto do proxecto de lei.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Bo día de novo.

Desde o Bloque Nacionalista Galego discrepamos fondamente, como xa avanzamos antes, deste proxecto de lei, non só polo camiño seguido para a súa tramitación, senón tamén pola concreción do seu contido, que evidencia, señor Martínez, un fracaso dobre: do marco político vixente que vostedes construíron, pero tamén da propia planificación do Goberno, porque parte do que vostede nos vén de dicir agora é unha emenda á totalidade dos orzamentos da Xunta de Galiza, que nós emendamos, aos que votamos en contra e que vostedes nos vendían como a vía e a solución para os servizos públicos deste país.

E, polo tanto, o primeiro erro de vulto que ten xa esta lei é que está sustentada nunha auténtica falacia, porque é falaz a argumentación que se inclúe no texto legal, pero é falaz toda a sarta de mentiras que nos levan contado os responsables —ou máis ben irresponsables— do Goberno do Partido Popular durante as últimas semanas. E a pouco que rasquemos non se sostén.

Polo tanto, desde o BNG negamos a maior: esta non é unha lei de superávit, esta tampouco é a repentina conversión do señor Núñez Feijóo nun súper heroe que vai combater os agravios do Estado español en defensa de Galiza e, por suposto, esta lei tampouco é a máxica reestruturación da débeda de Galicia que nos vai traer unha chuvía de millóns coa que solucionar a desfeita que vostedes fixeron nos servizos públicos. (*Aplausos.*)

Esta lei non deixa de ser unha sobreactuación máis do Goberno galego, un goberno dirixido por un Partido Popular que agora está á baixa, que está preocupado polo resultado electoral e que quere disimular, quere disimular facendo que están a rectificar, cando realmente están aplicando unha cortina de fume para facer que fan polos nosos servizos públicos, especialmente pola sanidade, nun momento de crise deste servizo, no que ten con uñas e dentes todos os profesionais loitando e tamén os usuarios e usuarias.

E, en resumidas contas, poderíamos comezar a emendar á totalidade esta lei cambiándolle o nome, porque, en realidade, diante do que estamos non é unha lei de superávit, é unha modificación de orzamentos por campaña electoral, señor Martínez; modificación de orzamentos por campaña electoral, é que non hai outra. Pode estar revestido de arquitectura orzamentaria nun exercicio de política ficción, vostedes poden crer as súas propias mentiras, pero non deixa de ser unha modificación por campaña.

E moi brevemente eu quería facer algunha mención á cuestión do superávit. Aínda que non é unha lei de superávit, é necesario poñer unha serie de cuestións enriba da mesa.



¿Defendemos desde o BNG que Galiza deba ter capacidade plena para decidir como reinvestir o seu superávit? Pois, por suposto, benvidos vostedes, benvidos a iso. ¿Pensa o BNG que o marco para reinvestir o superávit que ofrece o Estado español é absolutamente insuficiente e condicionado? Pois tamén. E, por suposto, tamén defendemos que deba ir para reforzar os servizos públicos deste país. Pero é que a pregunta que temos que facernos é por que iso non é xa así. E o certo é que os responsables principais son os cargos do Partido Popular, son as decisións políticas do Partido Popular, pero da Xunta de Galiza e tamén do Goberno central cando vostedes estiveron.

Primeiro, porque xa non é que Alberto Núñez Feijóo non sexa só o campión da austeridade, é que foi o seu precursor. E que isto que teño aquí (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*), señor Martínez, ao que vostede fixo unha mención tamén na súa intervención, é a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sostibilidade financeira de Galiza. ¿E quen a asina? Feijóo. ¿E que nos di, que nos di do superávit? Vostede fixo unha mención vaga tamén, pero é que ese artigo 18 o que condiciona é precisamente a onde pode e non pode ir ese superávit, e vostedes foron os primeiros que, entre escoller pagar aos bancos ou pagar nóminas de médicos e médicas neste país, escolleron pagar aos bancos. (*Aplausos.*) Non me mire así, señor Martínez, porque é así. Polo tanto, deberían ter un pouco de pudor ao dicir segundo que cuestións, un pouco de pudor polo menos.

E, segundo, porque vostedes foron os precursores pero despois seguiron, con compracencia e asentindo, o camiño que seguiu o Estado español, porque despois desa lei galega veu ese idilio dunha noite de verán de agosto entre o Partido Popular e o Partido Socialista no que acome-teron a reforma exprés da Constitución española no seu artigo 135 e despois diso naceu, derivada, a lei Montoro do ano 2012. E ¿que nos di no artigo 32? Prioridade absoluta da débeda.

Entón, o problema de que esteamos como estamos é esta forma de proceder durante os anos de recesión económica. Vostedes, primeiro, impulsaron este corsé político que condiciona, primeiro, a nosa autonomía económica e, polo tanto, a nosa autonomía política —polo tanto, por riba non teñan a caradura de revestirnos isto como un superexercicio de autogoberno—; e, segundo, priorizaron o pagamento da débeda por riba dos intereses populares e foron os mellores alumnos da clase do austericidio, e iso tivo consecuencias. Polo tanto, con este historial pois teñen vostedes pouca credibilidade. Isto constátase como un postureo político máis, porque están ás portas dunhas eleccións e porque agora non gobernan en Madrid. Se mañá gobernara o Partido Popular, estamos convencidos de que dirían algo diferente.

Tamén hai que desmentir outra das grandes falacias que nos están vendendo con este proceso, porque hai bastante distancia entre o que nos contan da xestión da débeda e o que é a realidade. E hai algunha redución da débeda polas condicións de mercado —iso é así—, pero iso non tapa a realidade. Por moito que vostedes sobreactúen, señor Martínez, o certo é que o presidente Núñez Feijóo foi o presidente da débeda deste país, e co último dato dispoñible que o di o Banco de España —non o di o BNG— temos a débeda en máis de once mil millóns de euros; se engadimos as colaboracións público-privadas, máis de catorce mil millóns de euros. Vostedes causaron máis do 70 % da débeda que ten hoxe este país.

Polo tanto, por moita reestruturación que nos vendan, non obvia a maior: que vemos un problema importante neste sentido. Porque a cuestión de fondo é: ¿de que nos serviu ese





endebedamento? ¿Ese endebedamento axudounos, no tempo da recesión económica, a soste os nosos servizos públicos e telos nunha situación aceptable? Pois a resposta é que non. E só basta saír deste Parlamento, abrir os ollos e ver a situación de urxencia que hai no país, unha situación de urxencia no tecido económico; unha situación de urxencia no tecido laboral, coa consolidación da temporalidade; unha situación de urxencia nos servizos públicos, especialmente —insisto— na sanidade.

Vostedes teñen outra vez os médicos e médicas de Vigo convocando mobilizacións para o 21 e 22 deste mes. Vostedes teñen as enfermeiras e enfermeiros en loita, no que eles xa chaman o Penegra. Teñen moitísimos centros de saúde protestando varios días da semana ao longo do país, como, por exemplo, A Rúa todos os luns, etc., etc., etc.; non me chegaría o tempo que me resta para facer unha radiografía de todo o país.

Pero a cuestión é que esta situación de urxencia ten moitas causas. Primeiro, ese marco político centralista que vostedes seguen sen cuestionar e que está por riba dos dereitos sociais e humanos, e, por outra banda, tamén a deficiente xestión da Xunta de Galiza. Nós entendemos que tamén este proxecto o que evidencia é a incapacidade da Xunta de Galiza, primeiro, nunha cuestión colateral á que vostede non fixo mención, que é ese sistema de financiamento insuficiente que temos, que en 2019 segue dándonos menos achega que en 2009 e que, polo tanto, limita moito a nosa capacidade de actuación.

Galiza ten que soste esas competencias, como ensino e sanidade, e non ten os recursos suficientes. Vostedes veñen aquí facer retórica, pero non poñen unha soa proposta estrutural a longo prazo para o futuro deste país.

Pero tamén hai que dicir que parte de que cheguemos a este punto pois é precisamente a deficiente xestión da Xunta de Galiza e a mala planificación que vostedes fan. Xa non é algo que diga o BNG. Podemos remitirnos aos informes do Consello de Contas, que indican como vostedes abusan do Fondo de Continxencia e un longo etcétera. Podemos falar desa partida de imprevistos en extinción, etc., etc.

Pero é que, por riba, o autodenominado Goberno do rigor neste proxecto de lei o que nos está a demostrar é que vostedes non planifican ben. Primeiro, porque vostedes botan as contas da leiteira. Eu xa non sei, sinceramente; é que é delirante escoitalo. Trouxen varias notas de prensa da Xunta de Galicia, e mesmo declaracións de Núñez Feijóo ou mesmo escoitándoo a vostede é que xa non hai quen se aclare, porque un día din que van ser cento vinte millóns, outro día din cento vinte e cinco, outro día xa din centro trinta. É que é unha cuestión delirante. Eu non sei como vostede pode vir defender este proxecto de lei, no que todos e todas podemos ver o cadro da contía de diñeiro que se mobiliza, que son corenta e oito millóns, e seguir a falar de cento trinta e cinco. ¿É que como pode ser posible? Vostedes escarállanse de risa, pero, de verdade, é que non é... Como di Castelao: o conto é ben triste; non nos riamos porque o conto é ben triste.

Eu prométoles ás súas señorías que, cando imprimín este texto e comecei a miralo, volví a fotocopiadora, porque dixen: eu perdín algún cadro polo camiño ata o despacho, porque non me dan as contas. E, efectivamente, a realidade supera a ficción.



Pero eu quería desgranar así un pouco respecto do contido deste proxecto. E o primeiro que nos chama a atención son as ausencias. É unha pena que o señor Conde marchara tomar o café, pero o certo é que aínda recentemente, cando compareceu neste Parlamento, é un dos conselleiros que máis insistía en que Galiza precisaba ese superávit para investimentos imprescindibles no ámbito das súas consellerías, pero non hai nin unha soa partida que vaia para o impulso económico, coa situación que estamos neste país.

Pero logo, xa entrando nas cuestións que votedes poñen enriba da mesa, seguimos os gastos en ensino, e, efectivamente, obras para vinte e tres centros —como se non houbera máis de mil centros neste país—. Desde o BNG —vostede rise— temos traído casos a este Parlamento que non tiveron máis remedio que aceptar, porque é que falamos de centros como o de Burela, en que chovía dentro.

Efectivamente, nós pensamos que son necesarias moitas desas obras que vostede sinala, claro que o son, pero a cuestión é que vostedes planificaron mal, e a proba é que nos venden que hai que aprobar esta lei porque, se non, non se fan esas obras en verán, pero logo falan de obras que xa proxectan para 2020, que é un delirio. É un delirio que nos vendan como a gran varita máxica que vostedes precisen facer este movemento para cumprir un plan que, se non, non ían cumprir. É que é un absoluto disparate e demostra que se organizan mal.

O mesmo en canto ao gasto en política social. Claro, vostedes achegan seis millóns para política social, que é claramente insuficiente. Eu quero recordar que xa gastaron un terzo do que orzan nesta lei simplemente pois xa para arranxar e privatizar o centro de Montealegre en Ourense. Os centros do lado de Montealegre en Ourense cocen en verán e pasan frío en inverno, pero vostedes, con seis millóns, van arranxar iso e van arranxar moitísimo do que queda no país. Desde logo, nós non cremos nada.

Tamén chama a atención que respecto de medio rural —¡claro!, como a cuestión dos incendios é algo moi sensible— vostedes pretenden meter tres millóns de euros para medio rural e que automaticamente asintamos e digamos que si. E claro que son necesarios, pero é que a proba é que estamos en maio e isto revela unha moi mala planificación. Hoxe chove, pero é que onte medio país estaba a trinta graos e vostedes teñen o servizo de protección e de prevención e de intervención a medio gas, señor Martínez, a medio gas. E, polo tanto, é impresentable que isto se recolla como un grande avance e non como unha mostra de que, efectivamente, planifican mal.

Pero eu quería determe na cuestión que nos parece máis urxente neste momento, que é todo o referido a gasto sanitario, e que, ademais, nos venderon durante as últimas semanas que isto ía ser a revolución do gasto sanitario, e realmente o que lemos aquí na letra miúda pois é o colmo dos colmos. Veñen aquí disfrazando esta modificación orzamentaria da panacea para a sanidade, pero logo non destinan nin a metade deses corenta e oito millóns. Pero, por riba, se entramos no detalle, demostra absoluta falta de previsión.

Falaba tamén vostede —e o propio señor Tellado— de partidas previstas. Mentira, porque, por exemplo, crean unha partida, que non existía, de equipamentos de atención primaria. ¡Home!, pois o mínimo será vir aquí desculpase e asumir que era un erro non ter prevista unha partida de equipamentos para atención primaria.



Respecto de persoal, eu xa sinceramente tampouco sei que contas botan, isto tamén é a chuvia dos números: un día din douscentos profesionais, outro día douscentos vinte, outro día din trescentos —debe ser segundo se levanten ou segundo dá o sol en San Caetano ou non—, pero as contas non dan, porque destinan 1,5 millóns para o grupo A e dous para a continuidade do laboral temporal. Pero isto nin resolve a necesidade inmediata da contratación nin resolve a necesidade futura, que, ademais, espero que non teña planificado pagar sempre co superávit gasto corrente.

Pero, en todo caso, as contas non dan, a menos que xa nos diga que —non sei— non lles van pagar a Seguridade Social aos médicos. Pero o certo é que as contas non dan.

E, polo tanto, desde o BNG, aínda que esta lei merecía un texto de devolución, un texto de devolución e volta ao Goberno, nós temos a responsabilidade que vostedes non teñen e, entón, presentamos un texto alternativo con dous obxectivos: primeiro, poñer de relevo que é posible destinar máis contía da que vostedes poñen enriba da mesa; por iso mobilizamos na nosa emenda oitenta e oito millóns a maiores, e reflectimos tamén así a importancia de centralizar os esforzos na sanidade, que é onde incluimos ese diñeiro a maiores que mobilizamos, demostrando que é posible, e, que aínda que non nos gusta este mecanismo, diante da urxencia que está a vivir o país, nós estaríamos dispostos a sentarnos a falar e a dialogar co Goberno galego. Aquí non hai un exercicio da apriorismo onde este grupo da oposición veña dicir que non porque non; non é iso. Simplemente hai unha discrepancia fonda con que isto nin é a receita máxica nin se están a destinar os esforzos onde se deba, tal e como reflectimos tamén nos debates dos orzamentos previos.

Polo tanto, despois engadirei algunha cuestión máis sobre o que nos parece que é maquillaxe orzamentario que fan, porque aumentan partidas que xa aumentan todos os anos, porque están infrafinanciadas; meten partidas que en 2018 recortaron e, polo tanto, o que están facendo é tapar os seus propios buracos e un longo etcétera.

Pero, en conclusión, nós temos que lamentar que hoxe non vai saír un esforzo maior do Goberno galego, que non vai saír unha rectificación da súa política económica xeral, porque vai en detrimento dos servizos públicos deste país, e que hoxe exclusivamente estean ao servizo das campañas electorais.

Nós entendemos que a longo prazo é necesaria unha rectificación real destas políticas da Xunta de Galiza e tamén a medio prazo do marco político xeral, porque que este país non poida ter os seus servizos públicos suficientemente dotados é responsabilidade...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...primeiro, dese marco político xeral, centralista e ao servizo da xestión da débeda, e, segundo, dunha deficiente planificación e submisión permanente que tivo o Goberno liderado por Alberto Núñez Feijóo nesta última década.

E, polo tanto, nesta primeira quenda, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días de novo.

Ben, señor Tellado, co criterio que vostede formula aquí en relación cos procedementos de lectura única, podemos traer todas as leis por lectura única, porque o informe dos letrados o único que di é que é unha decisión política que adopta o Pleno da Cámara. (*Aplausos.*) Entón, podemos traer todas. Claro, no límite o Parlamento é un impedimento para que a Xunta de Galicia faga unha xestión máis áxil. Pero esa non é a concepción que nós temos. Non sei se será a de Vox, supoño que a de vostedes non, supoño, espero que non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Non. O decretos leis válídanse despois e xustamente os decretos leis na Deputación Permanente vostedes votaron en contra daquel que permitía utilizar o superávit, votaron en contra dese decreto lei, (*Aplausos.*) o Partido Popular, o principal impedimento para que Galicia puidera facelo, e o Partido Socialista e outros grupos votaron a favor. O cal permite que hoxe esteamos discutindo algunhas cousas aquí, non isto, non isto, que esa é a primeira cuestión.

Hai que empezar por explicar en que consiste este proxecto de lei, porque este proxecto de lei non ten que ver co superávit, máis que na formulación fantasiosa que fan desde a Xunta de Galicia, onde nos obrigan a perseguir sombras chinesas, moven cousas e entón iso proxéctase sobre un muro branco e parece que están facendo outra cousa. Pero iso non ten que ver co superávit. ¿Por que non ten que ver co superávit? Porque, aínda que Galicia pechara o exercicio anterior en equilibrio, este proxecto de lei podería ser traído hoxe aquí e poderíamos aprobalo exactamente igual. E, por tanto, isto non ten que ver co superávit, isto ten que ver con outras cousas que son necesidades electorais da Xunta de Galicia. (*Aplausos.*)

Rétoos a que me citen no articulado, señor Tellado, vostede, que vai falar despois, rétoo a que me cite no articulado ou no anexo algunha referencia ao superávit, algunha. Non hai ningunha, non hai ningunha. É máis, na propia exposición de motivos indica —o cal está ben, porque é real— que non se modifica o gasto da Xunta de Galicia, o gasto global da Xunta de Galicia. Efectivamente, non se modifica o gasto. Son transferencias internas, son modificacións de crédito dentro dese perímetro de gasto. Se non se modifica o gasto, quere dicir que non se están aplicando recursos adicionais; estanse aplicando recursos que xa tiña a Xunta de Galicia cando aprobamos o orzamento a finais do ano pasado. (*Aplausos.*) Dío a exposición de motivos. ¿Quere que lle lea a exposición de motivos, onde di isto xustamente? Di: non supón un aumento dos créditos do orzamento consolidado, non supón un aumento dos créditos do orzamento consolidado. Está escrito aquí, señor conselleiro, está escrito aquí. (*O señor Fernández Leiceaga mostra un documento.*) Non supón un aumento dos créditos do orzamento consolidado. (*Murmurios.*) Iso... Non, xa, xa, xa, nesta frase ten razón.

En relación co endebedamento, mire, a procedencia dos fondos, na súa maior parte —despois temos o IGVS—, procede de fondos da Axencia Galega de Infraestruturas e outros fondos



da Xunta, que son destinados á Sociedade Pública de Investimentos e que se lle retiran. Pero estes fondos, nos propios anexos onde se establecen as baixas de crédito, dise: trinta e dous millóns que se retiran, obra nova, obra nova por mandato á Sociedade Pública de Investimentos, obra nova, é dicir, para facer investimento; ademais, é un concepto do capítulo VI, investimentos, é obra nova, capítulo VI, investimentos. Retíranse investimentos da Sociedade Pública de Investimentos e destínanse a outra cousa. Destínase unha parte fundamental a centros educativos, centros sociais, equipamento sanitario, centros sanitarios, a outros investimentos. Está ben, está ben. Retíranse de algo, pásanse para outra cousa, transferencias internas. E nisto consiste o proxecto de lei que está sometido hoxe a discusión. Non nos enganemos: estamos falando disto; entón, se estamos falando disto, falemos disto.

¿De que se trata aquí? Pois trátase de que a Xunta de Galicia, con meses de atraso, recoñece que a oposición tiña razón no debate do orzamento de 2019 cando dicía que había poucos recursos para investimento, poucos recursos para investimento en materia de carácter social, que o estivemos repetindo durante todo este trámite de investimento. E agora, con meses de atraso, dannos a razón. ¡Perfecto! Moi ben, está ben que rectifiquen, está ben, pero non nos reñan, e rectifiquen e fágano humildemente, dicindo: equivocámonos; e actuacións que agora nos presentan como absolutamente prioritarias non as contemplaban en decembro. ¿Que pasou? Agora son absolutamente prioritarias, hai que facelas antes do verán. Pero en decembro non eran. ¿Que pasa? Cando era posible ademais facelo, porque esa é outra parte. Vostedes están vulnerando a propia Lei de réxime financeiro e orzamentario da Xunta de Galicia, que o primeiro que di é que hai que utilizar o Fondo de Continxencia para estas necesidades, se son imprevisibles, se non se poden demorar. Xustamente, dos vinte e tantos millóns ou dos case vinte millóns de investimentos para o Sergas, terían que utilizar o Fondo de Continxencias do Sergas para financeiro, e non o fan, e dío a Lei de réxime financeiro e orzamentario. Poderían facelo desde aí.

E gustaríame saber como están os créditos en abril, porque ¡menudo cambio na execución orzamentaria desde o ano pasado a este!, para que os créditos en abril das seccións que vostedes falan por referencias estean esgotados e non permitan facer nada disto. Gustaríame velo, non temos esa información, e é un problema, porque deberíamos tela, para poder xulgar mellor o que nos están proponendo, porque nos están pedindo que tomemos decisións a cegas, e iso non debe de facerse a un Parlamento democrático como este. Hai que dar información, hai que ser transparentes, e, se non, non nos poden pedir responsabilidade nin nos poden pedir que fagamos unha oposición centrada na concreción, en afinar as cousas.

Por iso, nós imos facer igual que o BNG, imos presentar unha emenda á totalidade, onde facemos —digamos— unha avaliación global do que vostedes nos din, e dicimos que non nos imos opoñer a que fagan eses cambios nos investimentos para colexios, para centros sanitarios, para centros sociais; non nos opoñemos a isto. Parécenos que pode ser, porque non temos información, e non podemos decidir.

En cambio, como o BNG, dicimos que é insuficiente a rectificación que fan, que se realmente queren facer un cambio na política sanitaria, que é o máis imporante, teñen que ser moito máis decididos; que se queren facer un cambio na política sanitaria, non pode saldar a contratación do novo persoal con 1,5 millóns de euros. Non é suficiente.



Nós propoñemos multiplicar por sete ou por oito esa cifra, e, se queren facer un cambio nas condicións de traballo daqueles que están contratados en condicións lamentables con carácter temporal na sanidade, teñen tamén que destinar máis recursos para este ano. Por iso nós propoñemos destinar bastantes máis recursos para iso na nosa emenda.

E eses son os cambios, así como reforzar substancialmente a capacidade de investimento do Sergas, en trinta millóns adicionais polo menos, sobre o que vostedes propoñen.

Cando voten que non á nosa emenda, van votar que non a reforzar considerablemente a capacidade de intervención do Sergas, tanto en materia de persoal como en materia de investimentos; van votar que non a iso.

Non confundan, nós non nos imos opoñer á rectificación parcial que fan en materias de carácter social, pero queremos máis decisión, máis fortaleza, máis recursos, e cremos, ademais, que, despois de meses de conflito na sanidade, de tantos encontros mantidos con distintos colectivos e representantes, de tantas promesas feitas aos distintos colectivos sobre os cambios nas condicións laborais, sobre as melloras nos centros de atención primaria, sobre tantas cousas, non pode saldarse iso coas pequenas cantidades de recursos adicionais que vostedes plantexan. Hai máis posibilidades de espremer o orzamento, e, por tanto, é aí onde temos que facer un esforzo maior.

Permítanme acabar cunha referencia ao debate máis de fondo, á cuestión da arquitectura da estabilidade orzamentaria, que tamén está neste debate doutra maneira, e ao que vou destinar dous ou tres minutos.

Nós estamos a favor de que exista unha arquitectura de estabilidade orzamentaria, párecenos razoable. Non compartimos a versión do conselleiro, que é que cando temos déficit dicimos que imos destinar o superávit a endebedamento e cando temos superávit entón temos que ter capacidade de destinalo a outra cousa, porque iso é facer trampas ao solitario. A arquitectura de estabilidade ten que funcionar tanto en momentos de crise como en momentos de recuperación económica. É máis importante aínda en momentos de recuperación económica, porque é aí cando hai que xerar o colchón que permite afrontar as situacións de crise. O que pasa é que, ao mesmo tempo, non debemos ser tan fundamentalistas e tan dogmáticos en ningún dos momentos. Por iso nós sempre defendemos que na arquitectura de estabilidade había que excepcionar, por exemplo, os gastos de investimento, e que isto había que facelo en momentos de crise e en momentos de recuperación, porque os gastos de investimento son un impulso ao crecemento e á modernización económica se están feitos con criterio razoable, de eficiencia non só financeira senón social.

E isto é o que hai que cambiar, e benvido sexa se vostedes me din agora que están a favor disto, porque entón, señor conselleiro, teño que dicirlle que o primeiro que espero que fagan, sendo un goberno con maioría absoluta, é que traian aquí unha proposta de modificación da Lei 2/2011, que obriga en todo momento a destinar a reducir o déficit ou a débeda os cartos do superávit, porque vostede o que me está dicindo é: vou inventar algún procedemento para saltar esa norma legal que me obriga; é que é unha norma de Galicia.



Si, xa sei que formalmente se trata de cumprir, pero materialmente vai ser outra cousa. (*Murmurios.*) Si, si, iso é o que me está dicindo, porque vostede dixo aquí que esta é unha lei de superávit —que non o é— e ao mesmo tempo me di que vou cumprir a lei. A ver, ou é unha lei de superávit —e, por tanto, está destinando o superávit a gasto social— ou non o é. ¿En que quedamos? Porque, se non o é, e é unha operación máis complexa, como a que creo eu que teñen vostedes na cabeza, pero que non podemos debater hoxe porque non a temos diante, e materialmente hoxe a lei soamente fala de corenta e oito millóns, non de noventa e seis, nin de cento vinte e cinco, nin dos cento trinta incorporando as cantidades adicionais derivadas dun menor gasto financeiro, falamos de corenta e oito.

Pero, en todo caso, se vostede o que me di é que, en determinadas condicións, o uso do superávit debe flexibilizarse, estamos de acordo, pero, entón, ten que modificar a Lei 2/2011, e debería de traer aquí unha proposta de modificación desa lei, e estea seguro de que vai atopar eco no noso grupo para facer este cambio. Igual que o tivo aquí —xa o sabe— para demandar do Goberno de España que fixera unha regulación máis flexible do uso do superávit, que tamén están demandando os concellos, e que se enfrontou durante moitos anos co muro que significaba a posición do señor Rajoy e do señor Montoro, que dicían que non, que non, que non, porque era unha condición que non permitían en termos de flexibilidade política.

Pero, se están de acordo con iso, deberían ter votado a favor da proposta que nós fixemos —non no pleno anterior, senón no pleno de hai un mes— en relación con este tema, e non votaron a favor disto. Por tanto, hai unha certa —digamos— discrepancia entre o que proclaman e despois o que fan en termos políticos.

Traian aquí unha proposta de modificación da lei, posiciónense en contra da posición global do seu partido, do señor Casado, que está noutra cousa, e terán algo máis de credibilidade.

Eu remato xa. Creo que debemos discutir os corenta e catro millóns, que é o que nos trae aquí. Eses corenta e catro millóns son insuficientes e por iso nós incorporamos sesenta millóns adicionais para sanidade, para persoal e para investimento. Voten a favor diso.

E, terceiro, se queren vostedes que discutamos unha flexibilización da política de austeridade, benvidos sexan, pero traian a proposta, que teñen maioría absoluta, e discutíremolo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Rolda a favor e en contra das emendas dos portavoces para que se posicionen.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Lago Peñas.

**O señor LAGO PEÑAS:** Bo día.

O Partido Popular está en tempos de rectificación, tamén en política orzamentaria, porque o proxecto de lei que hoxe debatemos supón unha rectificación en toda regra da súa práctica de goberno na Xunta de Galicia nos últimos dez anos.



En primeiro lugar, porque este proxecto de lei vén recoñecer o que todos os grupos desta Cámara, agás o Grupo Parlamentario Popular, levamos dicindo toda a lexislatura, e a lexislatura pasada: que os recursos orzamentarios para atender os servizos públicos básicos do noso país son claramente insuficientes. Os duros recortes na sanidade, na educación, na política social, aplicados en dez anos de austeridade, deterioraron gravemente a súa calidade, e, polo tanto, faise imprescindible aumentar os seus recursos.

Agora, hoxe o Partido Popular vén darnos a razón, e faino ademais utilizando un procedemento de tramitación que mesmo debería poñernos en alerta sobre esa deterioración dos servizos públicos básicos, porque este modelo de debate dunha lei en lectura única só está xustificado en casos de urxencia.

¿Que debemos entender, conselleiro? ¿Que a sanidade pública ou o ensino necesitan con urxencia recibir fondos para asegurar o seu funcionamento? ¿É iso o que está dicindo a Xunta de Galicia?

A resposta, cando se analizan as cifras concretas, é que non é o caso, porque, en realidade —vou dicilo claramente—, estamos diante dunha modificación orzamentaria de escasas contía, que non xustifica o balbordo xerado polo presidente da Xunta de Galicia con este tema.

O proxecto de lei, como se dixo, supón unha modificación de apenas corenta e oito millóns de euros, unha cifra menor, porque na realidade esta operación non deixa de ser unha máis, unha máis, das numerosas modificacións de crédito que se fan de forma ordinaria todos os exercicios.

E isto lévanos á segunda cuestión relevante deste debate, porque o que trae hoxe aquí a Xunta de Galicia é un truco contable, para intentar eludir as restricións legais que impiden facer o que a Xunta quere facer: destinar un suposto superávit orzamentario a financiar gasto corrente.

Conselleiro, un truco, un artificio, unha artimaña, un exercicio de enxeñería orzamentaria creativa. Elíxame o nome que queira. Vostede mesmo utilizou un, que a min non deixou de preocuparme; chamoulle «solución alternativa». E voulle dicir algo que me preocupou gravemente. Non sei se os deputados e as deputadas foron quen de prestar atención, pero o conselleiro insistiu catro veces, catro veces, en que era legal a proposta. Tivo que insistir catro veces en que a proposta que trae a Xunta de Galicia a esta Cámara a é legal. Pero, señor conselleiro, iso é un cualificativo, ¿dicir que un proxecto de lei que trae a Xunta de Galicia a esta Cámara é legal? ¿Ten que insistir en que é legal? ¿Por que ten que dicir catro veces nesta Cámara que a proposta que trae vostede é legal? ¿Que sentido ten? Estaría ben que o explicara, porque eu creo que, no fondo, vostede sabe que o que está utilizando é un truco orzamentario.

Como non se atreven a cuestionar as normas de austeridade, recorren a unha vía interposta, a un truco, pero esta estratexia timorata supón entrar nun conflito permanente, como o que padecen os concellos de todo o Estado e do noso país dende hai anos, e porque, aínda que





non o queren recoñecer, o proxecto de lei que hoxe —ben, o periódico dixo que xa estaba aprobado— van aprobar nesta Cámara supón unha impugnación na práctica da arquitectura da austeridade, ese marco institucional e normativo imposto pola Troika a partir do ano 2010.

Aquí vou expresar a única diferenza que teño coa intervención do portavoz do Partido Socialista. Non estamos diante dun marco dunha arquitectura de estabilidade orzamentaria. Non. Arquitectura de estabilidade orzamentaria en todo caso aprobouna o Tratado de Maastricht establecendo o 3 % de déficit e o 60 % de débeda sobre o PIB. Isto é unha arquitectura fiscal de austeridade, porque ten como finalidade non o equilibrio das contas públicas, senón a redución do gasto público. Por iso é unha arquitectura de austeridade.

Nós estamos de acordo, conselleiro, porque é a nosa posición desde o principio, e repetímolo aquí cada vez que debatemos as normas nas que se concreta esa arquitectura de austeridade, nomeadamente no debate sobre o teito de gasto. E facémolo porque para nós as necesidades da xente, da cidadanía, teñen que estar por riba dos intereses dos bancos. Por iso defendemos a necesidade urxente de rematar coa arquitectura de austeridade, que restrinxen a capacidade dos diferentes niveis de goberno, tamén os da Xunta de Galicia e dos concellos, para destinar máis recursos para o benestar da cidadanía.

Vouno dicir claramente, por se hai algunha dúbida: nós estamos a favor de destinar os maiores ingresos e os superávits orzamentarios a incrementar os recursos da sanidade, da educación e da política social. Pero, conselleiro, sexamos claros e consecuentes: para poder facelo, hai que derrogar as leis que hoxe o impiden. Primeiro, derrogar a Lei 2/2011, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, unha lei da que vostede é o seu pai intelectual, máis coñecida como teito de gasto; unha lei da que todos os anos presume nesta Cámara gabándose de ser o primeiro goberno que estableceu límites estritos á evolución do gasto público.

Xa se dixo, pero, como eu creo que no fondo este é o debate real que estamos tendo nesta Cámara, vou recordar algúns elementos desa arquitectura de austeridade que están na súa lei e na lei Montoro.

Na Lei 2/2011, do Partido Popular de Galicia, aprobada neste Parlamento, dise: o instrumento fundamental para incorporar disciplina orzamentaria é evitar que ingresos extraordinarios se incorporen á estrutura administrativa a través do gasto corrente. Dise tamén: o establecemento dun límite de gasto non financeiro que permitirá empregar eses ingresos extraordinarios en amortizar débeda. O artigo 18 desa lei, que creo que é o fundamental nese caso, di: no suposto de que a liquidación orzamentaria sexa superavitaria respecto do obxectivo fixado inicialmente, os recursos xerados dedicaranse a reducir o déficit do exercicio ou o endebedamento da Comunidade Autónoma.

Vostede foi o pai intelectual desta lei, que ten unha filla, a Lei 2/2012, a lei Montoro, que establece esta arquitectura de austeridade no conxunto do Estado. No artigo 12.5 dunha lei estatal de obrigado cumprimento para o noso país dise: *Los ingresos que se obtengan por encima de lo previsto se destinarán íntegramente a reducir el nivel de deuda pública.* Esta mesma lei, no seu artigo 12, di: *En el supuesto de la liquidación presupuestaria del superávit, este se destinará, en el caso del Estado, comunidades autónomas y corporaciones locales, a reducir el nivel de endeudamiento.*



E non me resisto, aínda que non ten que ver co que estamos debatendo directamente hoxe, a ler un parágrafo desta lei que debería figurar na antoloxía da indignidade: *El pago de los intereses y el capital de la deuda pública de las administraciones gozarán de prioridad absoluta frente a otro cualquier gasto*. Un texto no que se concreta o espírito da reforma do artigo 135 da Constitución española, modificado ao ditado da Troika, impondo que os intereses da banca e dos fondos de investimento están por riba dos intereses da cidadanía.

Derrogar estas normas é urxente, porque a limitación do gasto, isto é, as normas que obrigan, conselleiro, as normas que obrigan a destinar os maiores ingresos a reducir débeda están pensadas precisamente para as fases expansivas do ciclo económico. Na recesión a lei de teito de gasto ten pouca operatividade, porque xa a caída dos ingresos actúa como freo do gasto público. É en momentos como o de hoxe, cando medra a economía e, polo tanto, se incrementan os ingresos públicos, para cando están pensadas estas normas, esta disciplina que ten como finalidade impedir que aumente o gasto público. Por iso non é unha arquitectura de estabilidade orzamentaria, é unha arquitectura de austeridade.

En último lugar, pero non menos importante, está determinar cal é a orixe dese suposto superávit orzamentario de 2018. Para dicilo con total claridade, o resultado provisional de superávit nas contas de 2018 non é consecuencia dun aumento dos ingresos públicos da Xunta de Galicia, senón dunha redución dos gastos. Esta é unha diferenza fundamental, porque os cento vinte e cinco millóns de euros de superávit dos que fala o conselleiro non se corresponden a unha mellora da xestión que permitira incrementar os ingresos. Todo o contrario: a liquidación de 2018 reflicte que ao final do exercicio os ingresos estiveron por debaixo do orzado. En concreto, na liquidación entregada aos grupos parlamentarios, os ingresos non financeiros liquidados son inferiores en setenta e seis millóns de euros aos previstos nos orzamentos. Polo tanto, o suposto superávit do que se gabou aquí o conselleiro débese exclusivamente a que a Xunta non gastou todo o orzado no ano 2018.

E aquí é moi relevante coñecer cales son as partidas fundamentais nas que a Xunta deixou de gastar os fondos dos que dispuña. Basicamente, son os programas que conforman a política de emprego, o apoio á economía social, a política de vivenda e o Plan galego de I+D+i. Para que se entenda ben, o suposto superávit do que presume a Xunta de Galicia é que deixou de gastar fondos nas persoas desempregadas, no acceso á vivenda e no desenvolvemento tecnolóxico do noso país. E iso para nós é intolerable.

Remato cunha pregunta ao conselleiro. Señor Martínez, ¿vai ter o valor dentro de tres meses de traer a esta Cámara a lei de teito de gasto? ¿Vai facer que o Parlamento de Galicia aprobe unha cifra e un procedemento que ten como única finalidade impedir que se leve adiante a proposta que hoxe está facendo o Partido Popular? Se así o fixera, demostraría que isto non é máis que un exercicio vulgar de propaganda electoral. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Lago.

Antes de darlle paso ao voceiro do Grupo Parlamentario Popular, saudamos os alumnos e alumnas de 1º e 2º da ESO do Instituto Valadares, de Vigo, e os seus profesores ou os seus acompañantes. Benvidos ao Parlamento.



E agora si, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Tellado.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Grazas, señor presidente.

Debatenos hoxe unha lei de reforzo das actuacións prioritarias para o ano 2019, unha lei que permite dispoñer do superávit de cento vinte e cinco millóns de euros de 2018 e adicalo a actuacións prioritarias, actuacións previstas no eido educativo, no eido sanitario, no eido social. Podemos facelo porque Galicia foi unha comunidade autónoma cumpridora. Cumprimos todas as regras de gasto (menos déficit, menos débeda), puidemos facer os investimentos que a nosa comunidade precisaba, e, polo tanto, o que queremos é devolverlles aos galegos o que lles corresponde aos galegos, nada máis e nada menos.

Pero o certo é que, logo de escoitar os grupos da oposición, temos que plantexarnos moitas preguntas: ¿é que vostedes están en contra de que utilicemos o superávit en reformar centros educativos? ¿Están en contra de que utilicemos o superávit en mellorar a atención primaria, que din defender, pleno si e pleno tamén? ¿Están en contra de que fagamos novos investimentos en materia forestal agora, antes de que chegue o verán? ¿Están en contra de que fagamos melloras nos centros sociais? ¿Están en contra de que reduzamos con eses recursos a débeda da nosa Comunidade Autónoma? Vostedes estanse retratando neste pleno, claramente, claramente.

Estamos falando de noventa e seis millóns de euros para investir: corenta e oito millóns de euros este ano, corenta e oito millóns de euros o ano que vén; vinte e dous millóns de euros en sanidade neste 2019, vinte e dous millóns de euros en educación, seis millóns de euros en servizos sociais, tres millóns de euros en infraestruturas rurais. ¿Están en contra? ¿Por que van votar en contra? Como diría o noso presidente, ¿de que se nos acusa?, ¿de que se nos acusa? ¿De celeridade e eficacia na nosa xestión? Pois aceptamos a crítica. ¿De ser rigorosos na xestión económica? Aceptamos a crítica. ¿De querer mellorar a sanidade pública? Aceptamos a crítica. ¿De querer mellorar a educación dos galegos? Aceptamos a crítica. ¿De querer investir máis nos servizos sociais? Aceptamos a crítica. Aceptamos a crítica, pero, en todo caso, vostedes quedan retratados, seguen ubicados no «canto peor, mellor», quedan retratados nesa postura de paralo absolutamente todo.

Están en contra de crear duascenas novas prazas para médicos e persoal de enfermería; díganllelo vostedes a eses cos que se manifestan. Están vostedes en contra de mellorar ou ampliar dezanove centros de saúde; díganllelo vostedes aos dos «PAC en folga», díganllelo cando saian deste pleno. Están vostedes en contra de que fagamos melloras nas instalacións de corenta colexios e institutos da nosa comunidade. Esa é a oposición que temos hoxe en Galicia, esa é a realidade.

Miren, o certo é que o Goberno galego trae hoxe unha lei a este pleno que reduce o endebedamento de Galicia, para que Galicia siga sendo unha comunidade autónoma líder en control da débeda —non o dicimos nós, dío o Banco de España—; unha lei que aforra gastos financeiros, porque con menos débeda pagaremos menos xuros —esa é a realidade—; e unha lei que nos permitirá financiar —e financiar xa, agora— investimentos en sanidade, en educación, en servizos sociais e en medio rural.



¿De verdade que van votar vostedes en contra disto? ¿De verdade que o BNG, que sempre di que defende Galicia, vai votar en contra dunha lei que é nada máis e nada menos que o exercicio do noso autogoberno? Alá vostedes, alá vostedes.

Señor Lago, vén vostede a este pleno sen os deberes feitos. Supoño que non lle deu tempo, ten problemas na casa, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ten problemas na casa... ¡Home!, é evidente, porque non trae vostede emenda de ningún tipo. Polo tanto, vén aquí opinar, pero emenda, de ningún tipo. Eu entendo que estarán distraídos. Piden máis pero non concretan nin de onde nin para que.

Insiste vostede en que esta tramitación é legal. Está moi ben que insista precisamente vostede na legalidade do procedemento, porque ten que recordar vostede que as emendas do seu grupo aos orzamentos deste ano foron cualificadas polos Servizos Xurídicos desta Cámara como ilegais, porque suprimían o pago da débeda. ¿Recorda que foron tombadas polos Servizos Xurídicos desta Cámara? Entendo que vostede insista na legalidade. (*Aplausos.*)

Neste pleno e neste punto vemos a oposición xogando ao de sempre: a sorber e soprar. Coas súas emendas demostran a incoherencia absoluta da oposición. Primeiro piden que non se tramite esta lei e agora piden máis diñeiro. ¿En que quedamos?, ¿en que quedamos?

Mire, señor Leiceaga, falaba vostede de improvisación. Mire, aquí non improvisamos absolutamente nada. Fala vostede de actuacións improvisadas. Mire, as actuacións de educación foron aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia do 17 de xaneiro de 2019 no Plan de infraestruturas educativas do ano 2016-2021; todas previstas. Aquí os únicos que improvisan son os señores da oposición. (*Aplausos.*)

Pero eu certamente teño que dicirlles que é normal... (*A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.*) Non se poña nerviosa, señora Vilán. É normal, vostedes non entenden este debate, non están capacitados para entender este debate, non entenden o debate. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Nós entendemos perfectamente que vostedes non saiban moi ben de que vai o debate. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio! Non empecemos. Temos invitados. ¡Silencio, silencio, por favor!

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** Mire, señora Vilán, vaino entender agora. Se gobernasen vostedes, este debate non se estaría producindo. Se gobernasen vostedes, non faría falta esta lei. ¿Sabe por que? Porque non habería superávit, porque vostedes son os do déficit. Foi Rodríguez Zapatero e agora, en moi poucos meses, xa está sendo o seu sucesor, o señor Pedro Sánchez. (*Aplausos.*) Polo tanto, ¿como van entender vostedes o debate do superávit se vostedes son os do déficit e os do endebedamento? Esa é a realidade.

Señor Leiceaga, ten vostede hoxe unha memoria feble, porque a Lei galega de estabilidade financeira de Galicia contou co voto a favor do Partido Socialista; aprobámola no 2011; eran



os tempos nos que Zapatero reformaba a Constitución para que Europa non interviñera España. ¿Recorda? Iso é o que vostede esqueceu.

Mire, os socialistas están doídos. Eu enténdoo, porque non están de acordo con todo o que aconteceu nos últimos tempos. E ¿sabe por que? Porque Galicia tiña razón. Primeiro, obri-gamos o Goberno a rectificar con respecto ao superávit... *(O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, señor Losada! ¡Silencio! Por favor.

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...porque no proxecto de presupostos xerais do Estado de 2019, tombados polo Congreso dos Deputados..., *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Chissst. ¡Calma!

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** ...impedían reinvestir o superávit vostedes, o Goberno do Partido Socialista. *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Un pouco de tranquilidade a todos. ¡Silencio!

**O señor TELLADO FILGUEIRA:** E agora nós só queremos que non nos poñan máis paus na roda, porque xa estamos no mes de maio e seguimos sen ter noticias do seu Goberno, non hai noticias do seu Goberno. ¿Que quere? ¿Que a Xunta de Galicia quede sentada mirando a ver se o Goberno socialista reacciona? A Xunta de Galicia actúa e defende os intereses dos galegos. ¿Por que vostedes non fan o mesmo? *(Aplausos.)* ¡Ah, non! É que vostedes están instalados na submisión.

Mire, o superávit de Galicia ten que ser útil para os galegos, non para pagar os problemas financeiros doutras comunidades que incumpren as regras de forma reiterada. Galicia non pode ser penalizada por facer as cousas ben, Galicia non pode ser penalizada por cumprir as regras de gasto ano tras ano e por ser unha comunidade autónoma cumpridora.

Pero é que isto é o habitual. A oposición tennos acostumados a darlle as costas a Galicia e defender o Partido Socialista, de forma habitual; faino o PSdeG-PSOE e fano as súas comparsas; estamos acostumados. Vostedes criticaron a Xunta por reclamar a mensualidade do IVE. ¿Que pasou despois? Que o Goberno socialista rectificou e deunos a razón. Iso si, dos douscentos millóns aínda non se sabe nada.

Vostedes non din nada das entregas a conta que o Goberno de España lle debe a Galicia; estamos falando de trescentos trinta millóns de euros. Vostedes tampouco din nada do incentivo para as comunidades autónomas cumpridoras. En total, estamos falando de oitocentos vinte e cinco millóns de euros que son de Galicia e aos que o Goberno central aínda non dá respostas. Entendo que este é un Partido Socialista galego novo, instalado nas *fake news*, señor Leiceaga.

Mire, vostede dixo publicamente neste Parlamento que Galicia non podería usar o superávit de 2018 en sanidade, díxoo aquí, nesta Cámara. ¿Que pasou despois? Pois que a ministra de



Facenda, que é do seu propio partido, dixo que si, que si que poderíamos gastalo en sanidade; primeira *fake news*.

Nesta Cámara tamén, señor Leiceaga, vostede acusou neste pleno o conselleiro de Facenda de que incumpriría a regra de gasto do ano 2017. ¿Recórdao? Nós cremos que foi unha acusación —grave non— gravísima. Vostede acusouno. Foi no pleno de aprobación do teito de gasto o 16 de outubro de 2018. ¿Sabe que pasou despois? Que o Ministerio acabou dando a razón á Xunta de Galicia. Si cumpriu a regra de gasto de 2017. Esa é a realidade.

Mire, vostedes están instalados no obstrucionismo absoluto, está o Goberno de España e está o PSdeG-PSOE como comparsa e marioneta do Goberno de España, e aquí todos os que estamos para defender os intereses de Galicia e os intereses dos galegos. A actuación dos socialistas, ao longo de todo este proceso, só pode cualificarse de obstrucionista, totalmente. Primeiro, dende o Goberno central intentaron bloquear unha reivindicación xusta de Galicia e da Xunta de Galicia e agora, despois, dende o Parlamento galego, intentaron que este trámite administrativo non fose todo o áxil que podía chegar a ser.

¿Que perseguían vostedes?, ¿que pretenden? ¿Que non puidésemos mellorar as nosas infraestruturas educativas e sanitarias? ¿É o que pretenden? ¿Que non puidésemos facelo antes do verán, que é o que precisan os nosos centros educativos? ¿Que gañan vostedes intentando poñer paus nas rodas ao Goberno galego? Eu creo que nada, e Galicia, dende logo, tampouco.

Mire, pedímoslles o apoio a todos os grupos a este proxecto de lei porque esta é unha iniciativa que non é unha iniciativa ideolóxica senón que é unha iniciativa que pensa nos intereses de Galicia. Pensa en investir en Galicia, pensa en aproveitar a lealdade, a seriedade, o rigor de Galicia para mellorar a vida dos galegos e das galegas, pensa en reverter en Galicia os esforzos que os galegos e as galegas fan día a día para sacar adiante esta comunidade autónoma. Galicia nunca pediu máis que ninguén, pero tampouco quere menos que ninguén, e por iso merece que o traballo rigoroso que facemos, que fai o Goberno galego, pero que fai o conxunto da nosa sociedade, non sirva para pagar os desmáns doutras comunidades senón para devolverlle ese esforzo ao conxunto da sociedade galega.

Vostedes teñen neste proxecto de lei unha oportunidade para retratarse. ¿Están preocupados pola sanidade pública? Pois apoiem este proxecto de lei. ¿Queren mellorar a educación? Apoiem este proxecto de lei. ¿Queren facer investimentos en instalacións de servizos sociais? Apoiem este proxecto de lei. Do contrario, quedará claro que vostedes están aquí única e llañamente para poñer paus na roda do Goberno da Xunta de Galicia. Nós, dende logo, estamos aquí para resolver os problemas da xente, non para paralizar e obstaculizar o funcionamento das administracións. Alá cadaquén como interpreta o mandato cidadán que recibimos nas urnas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Tellado.

Réplica dos grupos emendantes.



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Era mellor que viñera agora o señor Martínez, que arrequecíamos un pouco máis o debate, pero, en fin, tocaralle pechar a vostede.

Ben, como primeira cuestión respecto da emenda á totalidade que presenta o Grupo Socialista, nós tamén nos posicionaremos favorablemente, porque se ben é certo que hai diferenzas, sobre todo porque nós fundamentamos a nosa exposición de motivos máis nunha cuestión de marco e de fondo político, o certo é que ambas coinciden coas súas diferenzas en dous puntos que nos parecen moi relevantes. Un, que non é menor, visto o que vimos de oír, que é a vontade construtiva, a vontade de, aínda non gustándonos este marco, este procedemento, buscar unha saída de urxencia para tomar medidas urxentes pero reais para a nosa sanidade pública. E, segundo, a demostración de que realmente hai capacidade de máis investimento do que se nos está a ofrecer, e, polo tanto, fronte a esta propaganda electoralista, cabería a posibilidade de facer cambios fondos nos orzamentos que permitiran realmente facer unha aposta pola sanidade.

Eu quero recordar tamén nesta Cámara que non hai tanto, este mesmo ano 2019, o Bloque Nacionalista Galego presentou unha lei con medidas urxentes para atención primaria, mobilizando douscentos setenta e tres millóns de euros, e que o Partido Popular foi quen votou en contra, señor Tellado. E hoxe, cando apliquen o rodillo, pois tamén veremos como, ante a proposta de máis contía, vostedes non queren nin sentarse a falar e negociar iso. Pero non pasa nada. Nós o que continuaremos dicíndolles aos traballadores e traballadoras da sanidade é que non nos rendemos, e nos próximos plenos pois traeremos tamén unha proposición de lei de reforma da lei sanitaria que xa temos rexistrada na mesma liña.

Volvendo ás cuestións, primeiro, brevemente, dicía o voceiro do Partido Popular na quenda anterior basicamente que estabamos a molestar porque queríamos debater tres meses e falar de política —unha cousa loca, nun parlamento, debater tres meses e falar de política—. Logo, que estamos poñendo paus nas rodas, cando nin sequera imos poder emendar de forma parcial este texto. E, despois, xa acabou dicindo que non entendemos e que non estamos capacitadas. Ben, este é o nivel da actitude tan proclive ao diálogo do Partido Popular, e retrátase por iso por si mesmo. (*Aplausos.*)

Despois xa, escoitamos que temos complicidade co Goberno central, complicidade co Goberno central, cando foi o Partido Popular o que, cando aínda gobernaba no Goberno central, votou unha e outra vez en contra de cuestións tan elementais como reclamar a débeda que ten Madrid con nós en materia de dependencia. Tamén con iso se retratan por si mesmos.

Despois, as argumentacións do Partido Popular e do Goberno xiran arredor de que, claro, desde Galiza podemos facer isto porque somos cumpridores, pero é que realmente a cuestión é totalmente diferente. O que temos que preguntarnos é por que temos que facer isto desde Galiza. É precisamente polo marco do cumprimento do déficit que vostedes artellaron e por priorizar o pagamento da débeda, por ser os precursores da austeridade primeiro, por ser cómplices desa reforma da Constitución despois e por asumir con silencio esa lei Montoro.



E a iso súmase unha mala planificación —insisto—, porque nesta lei que se nos presenta —volvo repetir— tanto as obras de ensino, que xa estaban planificadas, como as obras de política social, como o que vostedes engaden de medio rural, o que representa é que non fixeron os deberes a tempo e o que representa é que en moitas das cuestións que nós poñemos de relevo nos debates orzamentarios de toda esta lexislatura tiñamos máis que razón.

E tamén desvela que nin sequera son coherentes cos seus propios argumentos, porque nos están vendendo a moto de obras, que van caer colexios a cachos, se non se fan nestes meses de verán, e logo, na mesma planificación que nos anexan, hai cuestións que xa están previstas para 2020, que é un absoluto delirio e o incumprimento dun plan da Xunta de Galiza. Entón, como mínimo, insisto en que deberían desculpase.

E a cuestión que preguntaban: ¿estamos en contra destas melloras? Non, non estamos en contra, porque levamos anos insistindo en que hai necesidades estruturais que atender. Non estamos en contra porque traemos, un e outro día, iniciativas a este Parlamento de cuestións relacionadas dunha maneira ou doutra con algunhas das cousas que aparecen aquí, pero o que poñemos de relevo é que é absolutamente insuficiente o que se está a facer.

Por iso presentamos, con todas as tachas que podemos poñerlle a este proceso, unha emenda á totalidade na que demostramos que hai capacidade de facer máis, e hai capacidade de facer máis na cuestión máis urxente e máis importante que temos como reto político neste país, que é soste a nosa sanidade pública e compensala despois de dez anos da década Feijóo de recortes e de insuficiencia.

Por iso, cando saiamos deste Parlamento, como dicía o señor Tellado, e falemos cos traballadores e traballadoras da sanidade, cos que por suposto nos manifestamos e nos seguiremos a manifestar, o que lles diremos é que por nós non vai quedar; que, malia esta obra de política ficción e de simulacro a que nos someten hoxe, nós seguiremos propoñendo cuestións e números enriba da mesa para que haxa unha saída, porque isto non deixa de ser un parche.

É unha falacia absoluta que esteamos falando de cento vinte millóns. Insisto (*A señora Presas Bergantiños mostra un documento.*): trouxen o cadro xa para ensinalo. Digan o que digan, estes son os papeis, estas son as táboas; son corenta e oito millóns, nin o 0,5 % dos orzamentos da Xunta de Galiza. Isto non é suficiente e isto non é a repentina rebeldía do súper heroe Feijóo diante do Goberno central, porque non é en absoluto nin o que nos corresponde por superávit nin a varita máxica para soste os nosos servizos públicos.

E, polo tanto, diremos «non» a este proceso trapalleiro e seguiremos facendo o noso labor de oposición presentando alternativas que si son viables e que si introducen cambios a medio e longo prazo para que teñamos un futuro digno neste país.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.





Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Ben, aquí de novo, señor Tellado. Moito o afectaron os resultados do domingo electoral recente. (*Aplausos.*) A verdade é que nótase ben, nótase ben. E non me estraña, non me estraña, ¡eh!, porque, efectivamente, hai un novo PSdeG que gaña as eleccións. Aí é novo o Partido Socialista de Galicia, en gañar as eleccións.

Pero fíxese vostede, mire, moi rapidamente. Non habería superávit. É que o primeiro ano de todos os do exercicio do señor Núñez Feijóo en que hai superávit é o ano 2018; entón, non habería superávit durante nove anos co señor Feijóo. É o primeiro ano, o primeiro.

Segundo, o IVE. Saben vostedes perfectamente que o problema do IVE o causou unha disposición do señor Montoro e que vostedes calaron, calaron completamente e non dixeron nada sobre este asunto. Perfectamente, saben iso perfectamente.

Por tanto, hai que ter un pouco máis de prudencia e de modestia, que vén ben, sobre todo nestes tempos en que, en fin, o Partido Popular en España ten sesenta e seis deputados; é mellor ser un pouquiño máis modestos, simplemente; todos debemos selo, nós tamén.

Mire, as opcións que temos diante —non nos equivoquemos— son aceptar un cambio de corenta e oito millóns de euros dunhas partidas de investimento ou de operacións de capital a outras partidas ou ben o que temos diante é que vostedes apoiem a nosa emenda á totalidade, ou a emenda á totalidade do BNG, e que suplementen eses corenta e catro millóns de euros con sesenta ou con oitenta e oito millóns máis. Entón, se vostedes queren de verdade modificar o perfil do seu orzamento, reforzar o gasto sanitario corrente e o gasto en investimento sanitario máis do que propoñen, voten a favor das nosas emendas, dunha ou doutra. Mire, eu non me vou celar. Se votan a favor do BNG, tamén me parece ben. Preferiría que votaran a nosa, porque nos parece máis axustada, pero non pasa nada. Voten a favor dunha delas. Esas son as opcións. Iso é o que teñen que decidir vostedes.

En fin, non vou contestar a máis cousas. A lei de 2011 claro que a apoiamos. Xa o dixen antes: nós estamos a favor da arquitectura de estabilidade orzamentaria. ¿Que ocorre? Que naquel momento tamén presentamos algunhas emendas que non foron tidas en conta, por exemplo esta, de excepcionalar da consideración do déficit as operacións de investimento, como ocorre por exemplo en países federais tan estraños como Estados Unidos, onde se fai xustamente isto. Pois podería facerse. Dixeron que non naquel momento. A pesar de todo, nós votamos a favor.

Pero mire, hai cousas, en cambio, que non me gustan. É dicir, como teño un turno, non me gusta que se refira aos outros grupos da oposición como comparsas. Non, porque teñen a súa propia posición e a defenden perfectamente e, efectivamente, despois chegamos a acordos. ¿Que pasaría se eu falara dos grupos que non están representados neste Parlamento que tiveron bos resultados nestas eleccións e dixera que son socios preferentes do Partido Popular? ¿Que, cando se abre a matrioska de Casado, aparece Rivera e, cando se abre a de Rivera, aparece Abascal? (*Aplausos.*) Pois estaría introducindo unha tensión no debate que non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A ver, é importante. É dicir, o señor Feijóo leva uns días falando destas cousas, di que Abascal é unha marioneta de Sánchez, pero re-



sulta que o que o fichou para determinadas fundacións foi a señora Aguirre, e a mesma señora Aguirre di que o señor Casado lle dá unha patada a Abascal no seu traseiro. E se quere, seguimos por aí, (*Murmurios.*) Introduciuno vostede, señor Tellado, pero non pasa nada, non pasa nada. Eu xa sei que o señor Núñez Feijóo está moi disposto a rectificar. Antes era a lista máis votada, agora xa hai tempo que non falamos nada disto. Ben, é unha rectificación interesante, pero debería facer outra para a tranquilidade de todos. Se non quere saber nada coa extrema dereita —non sei, como dixo Casado ultimamente—, ten que dicirnos que os seus votos non van contar para converter a xente do Partido Popular en alcaldes en Galicia. Iso é o que tería credibilidade, e, se non, todo o demais é dicirnos que, se é necesario, Vox o utilizamos, e, se non é necesario, dicimos que é a extrema dereita. Claro, a min isto non me vale, (*Aplausos.*) non me vale. (*Murmurios.*)

Por tanto, volvamos, se queren... (*Murmurios.*) (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor. Señor Pazos, silencio.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Non, isto é simplemente para explicarlles o que pasa cando vostedes introducen temas que non teñen nada que ver coa materia. (*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Señor Pazos, silencio, silencio por favor. ¡Silencio! (*O señor Losada Álvarez pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Losada e señor Pazos, silencio. ¡Son os dous de sempre! (*Risos.*)

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Ben, iso é de Castelao, ¡eh!

**O señor PRESIDENTE:** Van pasar á historia do Parlamento *los dos de siempre* (*Risos.*) Un pouquiño de... ¡eh! Estamos rematando este debate.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Ben, de Castelao eran «Os dous de sempre».

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Remato xa. Eu creo que agora o que temos que decidir é se vostedes autorizan un suplemento de crédito de corenta e oito millóns, que nós non imos impedir, non imos posicionarnos en contra, ou ben se queren sumarlle a isto sesenta ou oitenta e oito millóns, co cal reforzaría moito máis a súa mensaxe. Esa é a decisión que imos tomar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche polo Goberno, se quere. (*Risos.*)



**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas de novo, señor presidente.

A verdade é que non ía intervir, pero creo que polo menos tratarei de explicar cal é a lóxica que motiva que hoxe esteamos falando desta Lei de suplemento de crédito.

En primeiro lugar, para traer unha Lei de suplemento de crédito, adiántolles que, como tal lei, é que debemos de falar aquí no Parlamento, pero, en esencia, todo isto é consecuencia do resultado superavitario contable do ano 2018 de cento vinte e cinco millóns de euros que esta comunidade tivo por ingresos por riba, señor Lago, do que estaban orzados, e non por minorar este goberno de negritude que tantas veces se nos ten tildado nesta Cámara. De ningún modo.

O que si, este goberno sempre foi responsable, nos dez anos que leva aquí, e por iso a ortodoxia económica ás veces non está reñida coa intelixencia. Eu comprendo que a moitas persoas lles custa, pero incluso dentro da ortodoxia económica existe intelixencia, e incluso ¿que acto máis claro de transparencia que traer unha parte da solución vindo a este Parlamento? Non hai nada que ocultar e expoñemos o que queremos facer.

Porque hai unhas necesidades, unhas necesidades que xa lle adianto, señora Presas, que están perfectamente planificadas. Perfectamente, porque eu comprendo que vostedes teñen que largar determinadas mensaxes aos medios de comunicación, pero non hai máis que de vez en cando enterarse do que aprobamos no Consello da Xunta, e cando se acorda, por exemplo, en tres anos un plan de adecentamento, adecuación e eficiencia enerxética, sobre todo eficiencia enerxética, en centros escolares, eu comprendo que dende o Bloque choca bastante contra determinadas cuestións que teñen que dicir.

Como tamén no ámbito sanitario. No ámbito sanitario non podo coincidir con isto cando se nos tilda de electoralismo, e miro verdadeiramente as noticias que alguén trata de poñer, incluso pasándose un pouco de freada, porque tampouco non hai que saber moito máis que ler o que vostedes poñen na súa emenda á totalidade, señora Presas, cando poñen noventa millóns —ou noventa e tres, paréceme recordar— para sanidade e poñen soldos do grupo A. Eu non sei se sabe que se iso o dividimos polos soldos que ten o grupo A, que son os médicos —supoño que por iso cando falamos de electoralismo témolo todos menos o Bloque; eu creo que non, eu creo que se pasan de freada, están tan lanzados *al infinito* que se pasan de freada—, daríanos en todo o ano para aproximadamente 1.403 médicos. ¡Manda truco falar co sentido métrico que está falando o Bloque, que está alonxado de calquera parámetro de normalidade!, (*Aplausos.*) porque non creo que existan 1.403 médicos en toda Europa. O que sería máis preocupante, é que iso fora en medio ano, porque estamos no mes de maio. Sería medio ano, porque entón estaríamos falando de 2.413, que, entón, si é verdade que teríamos que chegar aproximadamente ata os Urais.

Eu creo —e aquí criticouse— que a Lei 2/2011, a nosa lei, perfectamente, foi un gran aldobonazo nun momento moi concreto. Pero permítanme parafrasear a Darwin cando di da evolución das especies: nada é lei, as leis todas son construcións de índole positiva que nos damos en cada Parlamento, que temos capacidade de facelas. A situación vai cambiando, a situación que tiña o Reino de España daquela, e Galicia tamén por suposto, era unha e agora



pouco a pouco vai evolucionando. Creo que o desempeño é o que está provocando que esteamos saíndo mellor da crise en termos de renda e de PIB, pero tamén en emprego. É raro que neste Parlamento, en que se fala de tantas cousas, non se fale do que foi a EPA do último trimestre ou do que son os últimos datos de paro rexistrado e de toda a evolución acumulada que temos, sabendo que hai moito que mellorar, e con esa humildade que tamén pedía o señor Leiceaga.

Polo tanto, aquí o que hai é unha constatación —a ver se explico o sistema e máis ou menos aquel que me queira entender, que esa é outra cuestión, pois o colle— que é: superávit contable 2018, cento vinte e cinco millóns de euros. E hai unha constatación: superávit-débeda cumprida-período medio de pago, o mellor de España. Regra de gasto, que falta por dar —non sei por que falta por dar—, habería que preguntarlle á señora Montero.

Por certo, señor Leiceaga, a primeira persoa que dentro do Consello de Política Fiscal e Financeira fixo referencia ao tema do IVE foi a propia actual ministra daquela cando era consejera de Andalucía. A segunda persoa —e así consta nas actas do Consello de Política Fiscal— é este conselleiro que lles fala. Polo tanto, non é verdade o que se está dicindo aquí, e si que houbo un posicionamento moi claro, e despois outros conselleiros doutras comunidades, sobre ese tema. As cousas, que queden claras.

Como tamén queda clara a afectación que nos están tendo as entregas a conta, e falemos o que falemos neste Parlamento, a Comunidade Autónoma de Galicia non se esquece dos oitenta e cinco millóns de euros que nos debe a Administración central do orzamento do ano pasado polo cumprimento. E se replicásemos esa mesma cuestión, teríamos oitenta e cinco máis outros oitenta e cinco millóns por como cumprimos no ano 2018, que taparían moitas das peticións incluso cuantitativas das que aquí se acaba de falar.

Polo tanto, este goberno, ante os bandazos —hai que dicilo clarísimamente— que ten o Goberno central nesta materia, tiña que adoptar unha decisión legal, áxil e sobre todo onde estiveramos preservando a autonomía financeira da Comunidade Autónoma.

Soamente hai que ter un pouco de pericia económica desa ortodoxia que lles pido cando lemos os distintos artigos, como pode ser o 18 da nosa Lei de sostibilidade, pero tamén o artigo 37 da nosa Lei de orzamentos. Se así o facemos, chegamos á conclusión de que podemos amortizar con este superávit a débeda, neste caso da SPI e da Xestur e ao mesmo tempo estar xerando capacidade de gasto, capacidade de gasto que ata este momento non tiñamos nestes investimentos.

Pero é que, ademais, isto nos dá sesenta e cinco millóns de euros este ano 2019, desde xa; sesenta e cinco millóns de euros do ano 2020, que son os cento trinta, e incluso queda consolidado para todo o orzamento, que será en 2021 e en 2022. Polo tanto, o que estamos adoptando nestes momentos, amortizando débeda e baixando dúas décimas a débeda que ten a Comunidade Autónoma, é dándolles futuro ás xeracións que virán detrás de nós. (*Murmurios.*) E, sobre todo, tiñamos que ser intelixentes á hora de non condicionar os resultados destes anos. Por iso a inmensa maioría dos sesenta e cinco millóns de euros este ano son investimentos financeiros sostibles.



Pero non todo é cemento no que temos que facer ben. E aí entra toda a reforma da atención primaria. Na reforma da atención primaria, sinaladamente no que estamos falando aquí de persoal, nestes momentos, dado que imos entrar no período de verán, en período de substitucións, co tema sobre todo de facultativos médicos en atención primaria que temos, tamén con enfermería, é ilóxico pensar que se vaia gastar nestes momentos, neste ano, máis de 1,5 millóns de euros. Iso non quere dicir que o plan que está previsto e falado cos sindicatos, que se empezou a perfilar —e estamos xa falando de máis trescentas prazas—, significará entre o ano 2019 e 2020 —a ver se comprenden que o crédito tamén existirá para o ano 2020 e sucesivos— máis de vinte millóns de euros, vinte e dous millóns de euros, que se aproxima á cifra da que xa falaba o señor Leiceaga hai un momento. Polo tanto, non se esgota.

E non se esqueza dunha cousa: hai dezasete millóns de euros de capacidade de gasto —que non está neste Parlamento nin nesta lei— cada ano que está na Axencia Galega de Infraestruturas directamente, ou a través da Sociedade Pública de Investimentos, que agora non terá que financiarse mediante débeda, senón mediante encomendas ou fondos propios, que por iso é a opción.

Polo tanto, sen esquecermos do que ao noso entender lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, que son eses famosos oitenta e cinco millóns de euros, que cremos que hai que multiplicar por dous —e que bos ocos taparían—, o que hoxe traemos aquí, sendo moi importante, non esgota o esquema de aproveitamento do superávit que esta comunidade logrou polo correcto desempeño, e así o estamos facendo.

Non estou falando dunha solución que é o ovo de Colón. Comprendo que moitas veces é un pouco difícil de explicalo, pero se todos estiramos un pouquiño a mente, creo que o facemos. Pido con humildade que todos os grupos da Cámara poidan dicir un «si», porque incluso cando leo as emendas dos grupos emendantes, en tres cuartas partes das cuestións que nós plantexamos estaríamos de acordo; no demais, é unha cuestión puramente evolutiva.

Polo tanto, e xa para rematar a miña intervención, creo que estamos ante unha lei que é a parte máis importante da solución global que estamos dando, pero non a única. É unha lei boa para Galicia porque, como dicía anteriormente, é un bo instrumento, e áxil, para reforzar as principais necesidades dos galegos. E o demais xa o iremos pouco a pouco falando, porque, efectivamente, todo cambia e as especies evolucionan; nós tamén. Esperamos que as da oposición sexan no mesmo ton.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Continuamos cos textos legislativos.

### **Debate de totalidade do Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda á totalidade polo Grupo Parlamentario de En Marea.



Para a presentación do proxecto de lei, ten a palabra o conselleiro de Sanidade, don Jesús Vázquez Almuíña.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi bos días, señor presidente, señores deputados.

Sempre é bo empezar unha lei sanitaria co nome de Darwin. Eu creo que é un acerto por parte do conselleiro de Facenda.

Comparezo hoxe ante esta Cámara para presentar o Proxecto de lei de ordenación farmacéutica de Galicia. A nova lei de ordenación farmacéutica de Galicia substitúe a actual Lei 5/1999, do 21 de maio, de ordenación farmacéutica, e en parte, e en esencia tamén, da regulación contida na Lei 14/1986, xeral de sanidade e na Lei 16/1997, de regulación de servizos das oficinas de farmacia, así como do texto refundido da Lei de garantías e uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2015, en tanto que é normativa básica de aplicación.

Pese ás distintas modificacións parciais levadas a cabo na Lei 55/1999, de ordenación farmacéutica, e, transcorridos vinte anos desde entón, faise precisa unha nova regulación integral da atención farmacéutica, máis acorde co presente e que permita afrontar e dar solución de maneira máis eficaz ás actuais necesidades e demandas, tanto dos profesionais como das persoas usuarias.

Esta nova lei ten en conta como punto de partida a premisa da configuración das oficinas de farmacia como establecementos sanitarios de interese público, suxeitos á planificación sanitaria. Realízase dende unha perspectiva ampla, integradora dos diferentes sectores que levan a cabo a dispensación de medicamentos e produtos sanitarios, para ofrecerlle á cidadanía unha atención farmacéutica integral, cunha actuación coordinada dos distintos niveis: a prestada a través das oficinas de farmacia e boticas anexas, a prestada a nivel de atención primaria e hospitalaria, así como nos centros de asistencia social e outros centros, servizos e establecementos sanitarios.

A lei recolle, así mesmo, medidas específicas dirixidas a garantir a atención farmacéutica no eido rural, que non se limitan ao establecemento dun módulo poboacional propio ou á posibilidade de entrega domiciliaria de medicamentos. Esta lei intenta dar un paso máis, establecendo outras medidas que tratan de proporcionar unha atención farmacéutica eficiente e de calidade á poboación do rural, como é a previsión da instalación e apertura de boticas anexas naqueles casos nos que, non sendo posible a instalación dunha oficina de farmacia por non cumprirse os requisitos legalmente establecidos, existen determinadas circunstancias, como o afastamento ou a difícil comunicación coa oficina de farmacia máis próxima, que determinen a necesidade da instalación da botica de cara a facilitar o acceso destas poboacións á atención farmacéutica. Esta situación é relativamente frecuente na nosa comunidade nos núcleos rurais illados ou de alta montaña, por exemplo.

O texto normativo introduce outra importante novidade a este respecto: a posibilidade de que sexa no propio mapa farmacéutico no que se indique aquelas oficinas de farmacia que terán vinculada unha botica anexa nos casos de zonas de difícil accesibilidade.



Así mesmo, en materia de traslados, incorpórase a posibilidade de limitalos cando se aprecie un detrimento grave do servizo farmacéutico na zona en que se localiza a oficina de farmacia, en especial naqueles núcleos nos que soamente exista a oficina de farmacia establecida.

A continuación, voume deter nas principais novidades e puntos destacados desta lei.

En relación coa atención farmacéutica domiciliaria ou supostos especiais de entrega de medicamentos e produtos sanitarios, introdúcese por primeira vez na nosa lexislación autonómica a posibilidade de que, excepcionalmente, no caso de persoas usuarias que residan en zonas rurais illadas ou sexan dependentes, con características necesidades asistenciais específicas, poida realizarse a dispensación de medicamentos e produtos sanitarios por unha oficina de farmacia situada na zona farmacéutica de residencia, ou, por expresa decisión da persoa usuaria, por outra oficina de farmacia da mesma área de referencia do Punto de Atención Continuada.

Tamén se incorpora a posibilidade de que, de acordo co procedemento e as condicións regulamentarias que no seu caso se establezan, se poida realizar a entrega informada no lugar de residencia da persoa usuaria daqueles medicamentos cuxa dispensación estea restrinxida unicamente ao ámbito hospitalario, de acordo coa normativa estatal vixente, entrega na que poderán colaborar as oficinas de farmacia da zona.

O punto número dous a destacar di que un farmacéutico soamente poderá ser titular ou propietario, ou cotitular ou copropietario, dunha única oficina de farmacia. En caso de cotitularidade, as cotas de participación na oficina de farmacia non poderán ser inferiores ao 10 %. Establécese a dita porcentaxe tendo en conta os supostos detectados na práctica diaria, nos que se tende a adquirir ou transmitir parte da titularidade da oficina en contos porcentuais mínimas ou residuais, o que iría en detrimento da requirida eficacia e eficiencia na prestación do servizo farmacéutico.

Exíxese tamén a presenza física do farmacéutico titular ou cotitular na oficina de farmacia de maneira habitual durante o horario de atención ao público para realizar as funcións que a lei lles atribúe, pois é responsable último da prestación farmacéutica e de que esta se realice coas debidas garantías, de xeito que a colaboración de persoal adxunto, técnico ou auxiliar de farmacia e demais persoal, non escusa a existencia daquela responsabilidade.

Resulta, polo tanto, debida a súa presenza durante este período de tempo no que a persoa titular ou cotitular exerce como responsable da dispensa dos medicamentos e produtos sanitarios á cidadanía, velando polo cumprimento nas pautas establecidas polo persoal facultativo e cooperando no seguimento do tratamento, contribuíndo así á súa eficacia e seguridade.

O terceiro punto que quería destacar é a substitución do réxime da autorización actual polo de comunicación, para a determinación dos horarios e servizos de garda das oficinas de farmacia, con participación dos colexios oficiais de farmacéuticos de cada provincia.

Cuarto. Modificación do cálculo das oficinas de farmacia necesarias por módulo de poboación, manténdose a clasificación actual establecida pola Lei 5/1999, do 21 de maio. Esta mo-



dificación obedece á necesidade de evitar as disfuncionalidades detectadas coa lei anterior, garantindo así unha planificación farmacéutica máis axustada ás necesidades reais da poboación, derivadas dos criterios de densidade demográfica, características xeográficas e dispersión poboacional, garantindo así a accesibilidade da prestación farmacéutica especialmente en zonas rurais.

Modifícase, entre outros aspectos, o cálculo das oficinas de farmacia necesarias por módulo de poboación en cada zona. Así, os restos de poboación cando o resultado da aplicación do módulo correspondente a cada zona sexa superior a 1.500 habitantes, só se adxudicará unha nova oficina de farmacia cando se constate un incremento poboacional neto nos últimos cinco anos. Así, por exemplo, en zonas rurais que como no caso de Galicia gozan dunha baixa densidade poboacional, con esta nova regra garántese un número suficiente de farmacias acorde coa súas características xeográficas, así como a accesibilidade da poboación á prestación farmacéutica.

En determinados supostos excepcionais de zonas farmacéuticas de oficina única, cando concorran razóns de interese xeral que así o xustifiquen, se exceptúa para a instalación de novas oficinas de farmacia o límite dos 250 metros de distancia respecto de outras ou de centros de asistencia sanitaria.

O establecemento de procedementos de adxudicación de novas oficinas de farmacia máis áxiles e rápidos tamén o modifica a nova lei. O inicio dos concursos públicos de adxudicación das novas farmacias efectuaranse só de oficio pola consellería competente en materia de sanidade. Introdúcese como novidade a convocatoria dun concurso previo de traslados, ao que poderán concorrer os farmacéuticos titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia establecida na Comunidade Autónoma de Galicia. Con posterioridade, convocarase outro concurso para a provisión das oficinas de farmacia vacantes resultantes do concurso de traslado, que englobará tamén as novas oficinas de farmacia recollidas no mapa farmacéutico nun cubertas, como aquelas que quedaron libres por traslado da persoa titular, sempre e cando se manteñan as razóns de interese público que o aconsellaron e sigan sendo necesarias á vista dos módulos poboacionais previstos nesta nova lei.

A este procedemento poderán concorrer todos os farmacéuticos que no momento da finalización do prazo de presentación de solicitudes fixado na convocatoria sexan ou non titulares ou cotitulares dunha oficina de farmacia e non teñan transmitido nos dez anos anteriores á dita data.

O feito de reservar a participación no concurso previo de traslados a aquelas persoas que xa son titulares dunha farmacia, trata de facilitar que as que puideran atoparse nunha situación máis penosa por razón da ubicación actual da súa oficina de farmacia e que teñen unha experiencia profesional de cinco anos, poidan acceder a outra ubicación máis conveniente.

O límite dos dez anos obedece á necesidade de favorecer unha planificación farmacéutica estratéxica acorde coas necesidades reais da poboación, contribuír á estabilización do servizo e evitar a rotación excesiva dos profesionais farmacéuticos e a adquisición de oficinas de farmacia con finalidade meramente especulativa.





O punto número 6 que quería destacar é a exigencia de constitución de garantías para efectos de participación no concurso público de adxudicación de novas oficinas de farmacia, segundo se determine regulamentariamente; a desaparición do suposto de caducidade das autorizacións administrativas por cumprimento da idade de setenta anos dos titulares ou a necesidade de autorización de nomeamento dun farmacéutico rexente nos casos de xubilación. Nestes casos, de continuar exercendo dita función, resultará obrigada a contratación de farmacéuticos adxuntos adicionais, segundo se determine regulamentariamente. Esta obriga trata de favorecer non só a prestación do servizo coas máximas garantías de calidade, senón tamén de servir como impulso á creación e fomento do emprego. Farase tamén redución do período de duración da rexencia, que, con carácter xeral, pasa dos cinco anos actuais aos dous anos, agás en determinados casos.

Tamén a adaptación do réxime de transmisión de oficinas de farmacia introducido xa na modificación efectuada pola Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas, na vixente Lei 5/1999, do 21 de maio, na que se ampliaba o período exixido para proceder á transmisión das oficinas de farmacia adxudicadas polo procedemento de concurso público dos tres aos quince anos, contados desde a apertura ao público da oficina de farmacia, agás nos casos taxados previstos na lei, entre os cales non se recolle agora o suposto de xubilación de farmacéutico titular.

Quero tamén destacar a creación das boticas anexas na nova lei como unha medida de apoio ao rural. Incorpórase así a posibilidade de que no mapa farmacéutico estea prevista, xunto á nova oficina de farmacia, a instalación dunha botica anexa vinculada a ela naquelas zonas especiais de difícil accesibilidade. A lei tamén recolle a posibilidade de proceder á autorización dunha botica anexa para prestar atención farmacéutica naqueles casos nos que se concedera unha autorización de traslado, ou en situación de peche, que dificulte o acceso á atención farmacéutica da poboación.

Respecto da atención farmacéutica prestada a nivel de atención primaria e nos hospitais, centros de asistencia social ou outros centros de servizos e establecementos sanitarios, actualízanse as funcións das unidades e servizos de farmacia e recóllense as correspondentes ás unidades de radio-farmacia consonte á normativa estatal de aplicación.

Tamén se presenta o establecemento dun novo réxime de incompatibilidades aplicable aos profesionais farmacéuticos e unha nova regulación do réxime sancionador, que inclúe unha relación exhaustiva das infraccións e as correspondentes sancións; algunha delas, como novidade, tendo en conta determinadas prácticas ilícitas detectadas, e a salvo, en todo caso, das establecidas no texto refundido da Lei de garantías do uso racional de medicamentos e produtos sanitarios aprobado polo Real decreto legislativo 1/2015, do 24 de xullo.

A nova lei establece tamén unha serie de limitacións, no caso de que nas oficinas de farmacia se leven a cabo outras actividades diferentes das propias de dispensación de medicamentos e de produtos sanitarios. Esta limitación resultaría proporcionada na medida en que se quere garantir que a persoa titular ou cotitular dunha oficina de farmacia teña, na medida do posible, coñecementos de todas elas, de cara a controlar e preservar o realizado en cada área, aínda contando co persoal específico.



A lei tamén recolle expresamente a prohibición de toda forma de publicidade e actividade promocional das oficinas de farmacia, agás nos casos que se determinen regulamentariamente, así como a organización de eventos ou actividades e a utilización de ferramentas que poidan implicar unha promoción da oficina de farmacia, coa conseguinte tipificación de conduta no caso de producirse. Trátase con isto de garantir non só o desempeño da actividade en igualdade dende o punto de vista competencial, senón tamén de garantir que o dereito á libre elección da oficina de farmacia se realice sen intromisións externas que poidan condicionar o seu servizo.

Señorías, con esta nova lei actualizamos a Lei de ordenación farmacéutica para adaptala aos múltiples cambios sociais que houbo desde a súa aprobación hai dúas décadas. Esta lei ten tamén o dobre obxectivo de recoller as novidades de regulación que se introduciron desde o ano 1999, como son, por unha parte, a incorporación da Lei de garantías e do uso racional dos medicamentos, e, por outra, solucionar de maneira eficaz as necesidades e demandas actuais dos usuarios e profesionais das farmacias. Pero, en definitiva, o que queremos mellorar é a atención farmacéutica para os seus usuarios, por iso incluimos a atención a domicilio por primeira vez, servizo que se reservará unicamente aos usuarios que non poidan acudir á farmacia. Queremos facilitar tamén a asistencia farmacéutica no rural, e por iso crearemos as boticas anexas naquelas zonas de difícil accesibilidade.

Esta lei nace do consenso e contou coa colaboración dos colexios profesionais de farmacéuticos e de moitos colectivos de profesionais. Polo tanto, agradecemos a todos eles, así como á Secretaría Xeral da Consellería de Sanidade, o traballo realizado durante todos estes meses; un traballo que agora será referendado —ou así o esperamos— por este Parlamento.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Antes de comezar co debate, imos saudar os alumnos de 5º de primaria do Centro «Chano Piñeiro», de Gondomar. Por certo, Chano Piñeiro era farmacéutico tamén, nin que isto fora unha coincidencia. Tamén saudamos os visitantes que hoxe nos acompañan na tribuna.

Comezamos xa co debate.

Rolda de defensa da emenda á totalidade de devolución e de posicionamento respecto do proxecto de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día, señor Almuíña.

Hoxe acudimos a este debate de totalidade da lei e presentamos desde o noso grupo unha emenda de totalidade, non porque non coincidamos con ningún aspecto do que se presenta, hai algúns aspectos que hai que debater e cos que seguramente poderemos estar de acordo, e tamén se nota que vostedes tomaron nota da problemática que xerou o seu proxecto de lei



na comunidade autónoma de Madrid, que inicialmente era de base bastante semellante e que causou unha serie de dificultades en relación coas competencias profesionais que son de sobra coñecidas e que transcenderon, ademais, aos medios de comunicación. Alegrámonos de que vostedes, polo menos, tomaran nota e non xeraran un conflito en relación coas competencias profesionais e en relación coas actividades dentro das boticas no noso país.

Sen embargo, señor Almuíña, a pesar de que poderemos dar ese debate e hai cuestións que nos parece ben que se actualicen como elemento de oportunidade en relación coa obsolescencia da anterior norma, entendemos tamén que a norma se queda corta en relación co que debería de entender a Consellería de Sanidade, é dicir, a máxima responsabilidade en materia de sanidade dun país, sobre o acceso ao dereito da saúde e, en concreto, sobre aquilo que contempla tamén o artigo 10 da Lei xeral de sanidade, que é o acceso aos tratamentos farmacéuticos.

Dáse un problema no noso país que non é abordado na norma —agora me vou referir—, e outros elementos que son de consideración para o noso grupo á hora de entender que unha norma non pode quedar simplemente na regulación interna das farmacias de primaria, das boticas do noso país, da súa transmisión e da relación no caso das residencias, que vostede non fixo referencia, senón que o acceso ao dereito de poder ter tratamentos de farmacia, o que se debería entender por unha lei de farmacia dun país, ten que ir moito máis alá e ten que ser moito máis ambiciosa en relación cos dereitos da cidadanía e a planificación estratéxica que ten para un país ter dereito ou ter acceso a un elemento tan importante e que está a producir tantas dificultades —se se me permite— en materia de sanidade, non en relación coas farmacias de atención primaria, senón co que ten que ver co acceso aos propios fármacos e coa situación que temos tamén no conxunto de España, e non só na Comunidade Autónoma de Galicia.

En primeiro lugar, é un elemento que queda fóra deste debate e que a nós nos parece crucial, que é o acceso aos propios tratamentos farmacéuticos. Non se aborda unha realidade que é evidente, que xa existía, seguramente, previamente pero que se acrecentou de maneira notable dende a entrada en vigor do Real decreto 16/2012, e ademais tivemos, certamente, un debate cos colexios farmacéuticos e nós comentamos xa aquela cuestión porque nos parece un elemento que era facilmente introducible nesta norma, pero que non se quere abordar en ningún momento.

Segundo a enquisa de fogares do CIS, hai un problema en relación coa falla de adherencia terapéutica que se relacionada coas condicións socioeconómicas no noso país. Segundo a enquisa do CIS, arredor de cen mil persoas en Galicia non retiran os seus tratamentos por falla de capacidade económica para poder facelo. Entendemos que se a lei abrangue todo o que ten que ver coa farmacia do país, e non só unicamente o que ten que ver coas boticas do noso país, debería de atender tamén o dereito ao acceso aos tratamentos farmacéuticos, contemplados —como xa digo— tanto no artigo 43 da Constitución española como no que ten que ver co artigo 10 da Lei xeral de sanidade de España.

Esta cuestión non se aborda e temos un problema grave, en relación con isto, que xa temos debatido. É evidente que o noso grupo defende a derogación dese Real decreto 16/2012, que



debe derogarse, aínda que non neste Parlamento, e que ten un impacto directo sobre o acceso aos dereitos sanitarios dos homes e mulleres en Galicia, e neste caso non hai nin sequera unha intención tímida de, polo menos, establecer un control. Vostede sabe, e se non trasládollo eu aquí, que en moitas ocasións temos solicitado os datos sobre a adherencia terapéutica en relación coa capacidade económica na Comisión 5ª, na Comisión de Sanidade, e eses datos non se proporcionan. Hai unha negativa constante a recoñecer que hai persoas que non poden acceder aos tratamentos porque non teñen cartos, e esa é a unha realidade neste país, esa é unha realidade que debería abordarse nunha lei na que o Goberno da Xunta expón e propón todas as súas propostas en materia de farmacia, que non son unicamente o que se relaciona —digamos— coa provisión dos fármacos directamente a pe de rúa. Aí hai un elemento importante, polo tanto, que non se quere atender a nivel socioeconómico e que para nós infrinxe ou incumpre, dalgunha maneira, o dereito que teñen todas as galegas e galegos á saúde.

Hai outros elementos que nos gustaría que se puidesen debater en relación co sistema público. Vostedes contemplan un elemento no texto que propoñen en relación cos servizos ou coa atención farmacéutica nas estruturas de atención primaria. Hai unha serie de artigos, un capítulo concreto dentro da norma, o capítulo III, nos que teremos, seguramente, cuestión que debater, pero nós entendemos que debería de ir bastante máis alá. Sabe vostede que nós defendemos a necesidade de que se plantexe dunha forma seria a posibilidade de ter farmacias públicas: cen por cen públicas. Entendemos que as que están agora fan un labor moi importante no eido público, por iso teñen unha consideración específica a pesar de ser negocios privados. Pero entendemos que tamén debería estar relacionada con esa proposta que vostedes fan de atención farmacéutica nas estruturas de atención primaria o que ten que ver coas oficinas de farmacia dentro do sistema público. Pero nin sequera se dá a oportunidade de abrir esta posibilidade de termos un debate de como se deberían articular. Nós cremos que están moi vinculadas tamén á atención que se dá dentro dos centros de saúde e na atención primaria.

De feito, un elemento importante, que ademais debatemos naquela ocasión cos colexios de farmacia, foi o que tiña que ver tamén sobre como se articulaba a prestación farmacéutica ou o traballo que fan os farmacéuticos e as farmacéuticas deste país en relación co sistema sanitario público. Non é unha cousa que se teña concretado, e nós entendemos que sería moito máis doado de facer se se fixera a través dunha farmacia pública, porque entendemos que debería de integrarse dentro dos sistemas multidisciplinares de atención sanitaria.

Este é un elemento sobre o que nin sequera se dá a posibilidade de debater, polo tanto, entendemos que a lei nese sentido non é excesivamente ambiciosa. Igual que entendemos que no texto que vostedes plantexan tamén hai algúns elementos que dificultan o que ten que ver co acceso no caso dos negocios, das boticas privadas, ás persoas que non teñen unha posibilidade de traspaso, que non gozan de ningunha titularidade porque vostede anunciou aquí unha novidade en relación co concurso previo de traslados que teremos posibilidade de discutir. A nós tamén se dirixiron farmacéuticos e farmacéuticas que non son titulares trasladando que isto produce unha serie de agravios comparativos á hora de poder acceder á titularidade dun negocio.



Ademais, un elemento central para nós, e que temos discutido en varias ocasións na Comisión de Sanidade deste Parlamento, é a situación que temos de acceso aos fármacos. Alén do que lle trasladaba en relación coas cuestións socioeconómicas, é dicir, eses determinantes sociais da saúde que inciden tamén na posibilidade de acceso a farmacia, hai un problema relacionado co acceso do propio sistema aos fármacos. É evidente que vai máis alá desta consellería, é un problema que ten a globalidade do conxunto do Sistema Nacional de Saúde en relación co acceso aos fármacos, pero entendemos que por parte dun goberno serio, dun goberno autonómico, debería de abordarse.

Recentemente, nós trasladamos unha pregunta na Comisión 5ª que foi respondida por parte do xerente do Sergas, en relación co desabastecemento de fármacos que se estaba a producir nas farmacias públicas. Por parte súa, recoñeceuse que non está dentro dos seus obxectivos a constitución de ningún tipo de laboratorio de I+D+i, tanto para investigación en novos fármacos como para a produción de fórmulas maxistrais ou o que ten que ver con aqueles fármacos que xa non contan cunha patente.

Díxose que era factible. Que era complicado, obviamente, e nós entendemos a súa complexidade, pero que non estaba dentro dos obxectivos que ten o Goberno do Partido Popular. E díxose, que, efectivamente, podería ser así porque esta norma tamén regula, entre outras cousas, a produción dos radiofármacos, e nese sentido, por parte do Servizo Galego de Saúde recoñeceuse que existía unha posibilidade.

Nós queremos que se debata esta cuestión, entre outras cousas porque, dende que estamos neste Parlamento, eu mesma xa na anterior lexislatura, cada ano plantexamos esta cuestión da necesidade de abordar a suficiencia ou a provisión de fármacos no sistema.

Sabemos que é un tema complexo e que ademais requiriría dun investimento importante. E coñecemos, ademais, que sería moito máis doado facelo a unha escala maior. De feito, algunhas persoas defendemos tamén a necesidade de que este tema se aborde dende o punto de vista do Ministerio de Sanidade, e hai elementos que se teñen defendido e estruturas que están dispoñibles para facelo a nivel ministerial como o Centro Militar de Farmacia de Defensa, que non é cuestión deste parlamento, por suposto, pero nós temos plantexado que sería un xermolo importante. É evidente que non resolve o problema global que temos na provisión dos fármacos, pero é unha cuestión que está sobre a mesa e que non se aborda nin nun sentido nin noutro. É dicir, non escapa a proposta que se fai neste proxecto de lei en relación coa farmacia de Galicia. Por iso a nós nos parece que, francamente, se queda corto o debate en relación cunha situación que non só é importante como elemento de saúde, senón que supón unha parte moi sensible dos orzamentos da Consellería de Sanidade e, en xeral, de todas as consellerías de Sanidade das diferentes comunidades autónomas, e, polo tanto, merecería un debate.

A primeira vez que eu defendín esa emenda nunha comisión de Economía, no debate orzamentario, pouco menos que se riron de min os deputados do partido Popular, de como se plantexaba a posibilidade de producir unha fórmula maxistral ou un xenérico, algo que no caso das fórmulas maxistrais se fai tamén nos hospitais galegos e que é factible. Evidentemente, sería nunha escala que requiriría dun investimento grande e dunha planificación



non a curto prazo, senón a medio e a longo prazo. Pero non se dá a posibilidade, e temos unha situación que non se está a abordar.

Eu teño que lembrarlle a situación que trasladan tamén algúns profesionais, de preocupación sobre o que implica o desabastecemento dalgúns fármacos que non teñen unha substitución. Moitos si a teñen, debatémolo na comisión a aquela altura, pero hai outros que non, e, polo tanto, debería polo menos poder discutirse esta cuestión.

Hai outros elementos na norma que nos parece que en pleno século XXI e coa serie de dereitos que están contidos non só na normativa autonómica, senón na normativa do Estado de carácter sanitario, non deberían conterse nunha norma. Refírome, concretamente, a que resulta pouco comprensible a permanencia da obxección de conciencia nesta lei, pois esta mesma norma define as farmacias, a pesar de ser entes privados, como algo de interese público, de interese xeral, e, polo tanto, importantes á hora de acceder aos dereitos en materia de saúde.

Non é que teñamos noticia de excesivos casos diversos no problema de acceso aos fármacos, pero hai algúns moi concretos, que se circunscriben en moitas ocasións —eu creo que todas e todos podemos coñecelos—, fundamentalmente, ao acceso aos anticonceptivos, tanto de emerxencia como anticonceptivos normais e habituais, de uso diario, como pode ser a pílula, ou incluso mensuais, como pode ser un anel vaxinal. Derivadas da moral, que non é propia da planificación dun sistema sanitario público, temos dificultades en moitas vilas e concellos, incluso nas cidades, para que as mulleres neste caso, pero entendo que tamén todo o mundo que poida ir comprar estes produtos, poidan acceder a iso que é un dereito, e que ademais non só está amparado polo que ten que ver coa Lei xeral de sanidade, senón coa Lei de saúde sexual e reprodutiva. Refírome a este elemento en cuestión porque é o que máis queixas xera de maneira habitual, ou polo menos é o máis coñecido de xeito habitual.

Mantendo a obxección de conciencia nesta norma, impídese o acceso a un dereito que debería estar garantido de forma normal. Consideramos que un dereito individual, neste caso dos titulares das farmacias, ou dos farmacéuticos ou farmacéuticas, non pode nunca estar por enriba dos dereitos colectivos que están, dende logo, amparados polas diversas normas que rexen neste país. E temos un problema con iso, que non sendo o problema central en relación con esta norma, é un problema que está aí e que ademais se reproduce. Eu vivo nunha cidade, e coñezo varias boticas que poñen problemas para acceder a estes tratamentos, e que, polo tanto, xerarían unha dificultade. De feito, recentemente estivemos debatendo tamén neste Parlamento unha norma que non ten nada que ver con esta, que é o cumprimento da lei das persoas enfermas en situación terminal, e na que foi obxecto de debate a eliminación da obxección de conciencia dese texto. Entendemos que non existe, e defendémolo tamén cando debatemos aquí nalgunha ocasión as normas referidas á interrupción voluntaria do embarazo dentro da sanidade pública. Non debería de permitirse que se obstruíse o acceso a un dereito mediante unha obxección de conciencia, que é un dereito individual, sobre un dereito colectivo a acceder a un fármaco.

Hai outros elementos —despois terei outra quenda— de carácter menor, que están dentro da norma e que poderemos discutir seguramente se se tramita, pero nós presentamos esta



emenda de totalidade porque nos parecía que o título da norma non fai referencia unicamente ao que ten que ver coas farmacias de atención primaria e ao que ten que ver coa sociosanitaria, á que vostede non fixo referencia e da que seguramente poderemos falar, senón que fala da Lei de farmacia de Galicia, e parécenos que hai un baleiro bastante grande en relación co cumprimento do acceso —contido como un dereito na Lei xeral de sanidade— aos propios fármacos no noso país, no que ten que ver coa provisión, e polo tanto debería ser un elemento central de soberanía dun país e o Goberno debería plantexarse a problemática que está tendo na farmacia neste país en referencia ao conxunto do Estado, e, en segundo lugar, o propio dereito das galegas e dos galegos a acceder ao tratamento.

Déixoo por agora, continuamos despois. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Diante dun texto lexislativo, a primeira pregunta que debemos facernos é que aportacións fai a nova lei respecto do que xa está regulado, é unha cuestión que dende o BNG nos parece básica: que elementos substanciais modifica ou que elementos substanciais introduce que xustifiquen a presentación dun novo texto lexislativo.

Efectivamente, esta lei enmárcase nese marco legal do Real decreto lexislativo 1/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei de garantías e uso racional do medicamento e produtos sanitarios, e na Lei 16/1997, de regulación dos servizos das oficinas de farmacia, polo tanto, un marco lexislativo español que deixa moi pouca marxe para regulacións propias en moitos aspectos. Mais tampouco —sexa dito de paso— se albiscou ningunha intención do Goberno do Partido Popular en dar ningunha batalla para cambiar esta situación de escaseza de competencias e reivindicar maior capacidade de regular as situacións propias que temos en Galiza, que, evidentemente, non son as mesmas que noutro lado. Era unha primeira consideración que quería facer.

Esta lei vén substituír a Lei 5/1999, unha lei á que lle foron feitas xa moitas modificacións, no 2005, no 2006, no 2011 e no 2017, e practicamente todas referidas a oficinas de farmacia en canto a transmisións, limitación de idade dos farmacéuticos, quendas de garda, é dicir, cuestións practicamente en exclusiva referidas ás oficinas de farmacia.

Establece esta lei, na súa exposición de motivos, que as modificacións foron insuficientes, todas estas ás que acabo de facer referencia, polo que cómpre acometer unha nova regulación integral da atención farmacéutica. Eu teño que empezar dicindo que realmente non vexo que haxa unha regulación integral da atención farmacéutica, senón que —como acaba de dicir o conselleiro— hai unha actualización de determinados aspectos, fundamentalmente, relacionados coas oficinas de farmacia.

Xustifica tamén, na súa exposición de motivos, unha nova lei pola necesidade de adaptación da normativa galega á normativa estatal, posterior á lei de 1999, e di que esta regulación



estatal que é de obrigado cumprimento, en especial a Lei de garantías e uso racional dos medicamentos en produtos sanitarios, e o Real decreto lexislativo de 24 de xullo do ano 2015, co cal, a seguinte cuestión que nos sorprende é que nun decreto lexislativo de obrigado cumprimento de hai catro anos, esperen catro anos para presentar un texto lexislativo que, segundo se di na exposición de motivos, hai que facelo porque é de obrigado cumprimento o marco de referencia. Realmente, chócanos tamén un pouco esta xustificación.

A verdade, é que a inmensa maioría do que regula esta lei da que estamos a debater é o referido ás oficinas de farmacia, e isto referéndase en que dos oitenta artigos que ten a lei, á regulación da atención primaria só adica tres artigos, e na anterior do 1999 dedicáballe catro, baixa un. É dicir, só tres escuálidos artigos. E ben dixo o conselleiro que se trataba de actualización de funcións, practicamente, no que se refire á atención primaria no sistema sanitario público. A regulación da atención farmacéutica nos hospitais, centros de asistencia social e outros centros e servizos de establecementos sanitarios, textualmente, como aparece na lei, pois tamén cinco escuálidos artigos, e na anterior adicábanselle seis.

A maior parte desta lei vai destinada á regulación das oficinas de farmacia, corrobora isto que estou dicindo e corrobora tamén a propia información, tanto a aparecida nos medios como a emitida polo propio Consello da Xunta onde foi aprobado o proxecto de lei, onde dedica a inmensa maioría da información a aspectos referidos ás oficinas de farmacia, e por exemplo, no que se refire á regulación da situación farmacéutica na atención primaria, hospitalaria ou en centros sociais, tres escuálidas liñas dunha comunicación pública bastante extensa. Iso vén corroborar que a intención clara desta lei é a regulación case en exclusiva das oficinas de farmacia, que eu non vou dicir que estea mal nin que non fora necesaria, o que digo é que non é unha lei que aborde integralmente a atención farmacéutica en Galiza.

Chámanos tamén a atención que o avance cara á atención sociosanitaria non está por ningún lado, tanto é así que nin sequera se utiliza este termo. Non se utiliza o termo atención sociosanitaria, mantense neste texto a atención social, e sorprende porque o propio Sergas, no ano 2013, fixo público o Plan marco de atención sociosanitaria de Galiza, onde establecía que as intervencións que se desenvolven no campo da política sociosanitaria deben permitir traballar de maneira integrada con aqueles cidadáns que senten necesidades de tipo social e sanitario. Por tanto, o termo sociosanitario non só se debe restrinxir a recursos e servizos, senón tamén a aquelas accións que poderían ofrecer sinerxias ao conxunto de persoas que precisen ese tipo de atención. Este é outro dese plans que quedou en papel mollado, e no que o Goberno do Partido Popular non avanzou, e un exemplo é que nesta lei nin sequera se contempla o termo. Xa non digo que se desenvolvan accións, nin que se camiñe cara a unha atención integral sociosanitaria de moitos segmentos da poboación que ademais poden estar en ámbito residencial ou non, pero que necesitan esa atención dende un punto de vista global, social e sanitario. Inxenuamente, no BNG criamos que era cara onde se estaba camiñando, mais vemos que neste texto, xa digo, nin sequera se contempla o termo.

Preocúpanos que nesta lei, dende o noso punto de vista, se moderniza e se innova pouco. Hai unha actualización moi centrada nas oficinas de farmacia, e pretende en certos aspectos ampliar competencias das oficinas de farmacia e dos farmacéuticos e farmacéuticas en detrimento ou en competencia co sistema sanitario público. Establécese en determinados ar-





tigos que serán competencia a colaboración no seguimento farmacoterápico individualizado, detectar os fracasos en complementos terapéuticos, colaborar no uso racional dos medicamentos e produtos sanitarios, colaborar na protección e promoción en programas de saúde e drogodependencias, ou a dispensación domiciliaria.

Establécese tamén, excepcionalmente, que ás persoas usuarias que residan en zonas rurais illadas, ou ás dependentes, cunhas características e necesidades asistenciais específicas nas que concorran perda de autonomía funcional, necesidades asistenciais específicas e cuidados por enfermidade crónica, poden serlles dispensados os medicamentos e produtos sanitarios por farmacéuticas ou farmacéuticos.

Dende logo, parece claro que hai intención de ampliar esas competencias, e, por outro lado, chámamos a atención que durante estes dez anos de Goberno do Partido Popular se foi reducindo a capacidade de atención primaria pública en canto a orzamentos. Teño que lembrar os 2.000 millóns de euros menos, acumulados, destinados a atención primaria no período 2009-2019. Foise reducindo en persoal, por moito que vostedes non queiran facilitar os datos e non queiran ter transparencia respecto de cal é a relación de profesionais que traballan na atención primaria. Hai menos capacidade de decisión, menos capacidade resolutiva, elimináronse as xerencias, é dicir, van reducindo a capacidade da atención primaria, a capacidade necesaria para atender ese novo paradigma que é unha poboación con máis problemas crónicos, máis avellentada, é dicir, todas esas necesidades que imposibilitan que dende os servizos sanitarios se poida prestar esa atención, incluso no ámbito domiciliario, e se abre a porta a que as oficinas de farmacia privadas accedan aos domicilios das persoas usuarias do sistema público. Logo preocúpanos saber cal é a competencia profesional para atender os doentes, cal é incluso a lexislación comparada onde isto se produce, e o fin desta apertura de portas.

Non establece como se vai coordinar a información entre os profesionais da oficina de farmacia e os servizos sanitarios. Establece toda unha serie de cuestións a maiores que se van poder facer dende as oficinas de farmacia, pero non se establece cal vai ser o mecanismo de coordinación, nin de información, nin onde se vai plasmar, nin quen vai ter a responsabilidade de aplicar, coordinar, facer actuacións e facer as modificacións que sexan precisas.

Tamén nos preocupa que as oficinas de farmacia presten os seus servizos en réxime de liberdade e flexibilidade horaria. Xa existía, pero mantense esta cuestión, e preocúpanos porque é máis liberalización do sector tamén camiño da liberalización comercial. E parécenos un paradoxo no sentido que antes dicía, que na atención primaria se van recortando as posibilidades de adaptación ás necesidades da poboación, estanse pechando consultas en centros de saúde pola tarde, estanse eliminando dun xeito especial as consultas de pediatría pola tarde, estase eliminando a capacidade na atención primaria de atender as demandas da poboación e adaptarse ás súas necesidades, e sen embargo, por outro lado, se amplían as posibilidades das oficinas de farmacia de adaptarse ás necesidades da poboación. A nós preocúpanos que haxa ese dobre xeito de entender as cousas, que no público non haxa que adaptarse a esas necesidades da poboación e resulta que no privado si se dan facilidades para adaptarse ás necesidades da cidadanía.



Preocúpanos tamén que se estableza que a planificación das oficinas de farmacia debe garantir a atención conveniente, oportuna e eficiente, en vez de que debe realizarse con base na atención farmacéutica da poboación e na equidade. Parécenos que adaptarse á atención conveniente, oportuna e eficiente é que non se vai ter en conta a necesidade de que toda a poboación teña dereito a un acceso en equidade ás oficinas de farmacia e que van ser outros os parámetros que se teñan en conta, porque as oficinas de farmacia teñen unha característica peculiar: son establecementos sanitarios que teñen a condición de servizos de interese público mais son de propiedade privada, e dispensan medicamentos, os fármacos, que se receitan no sistema público de saúde; unha característica que require que se teña especial coidado na regulación.

A súa é unha posición na que ten que conxugarse o interese público, do servizo que prestan e o interese do lucro propio dun negocio privado, lícito, evidentemente, mais desde o público temos que mirar porque o interese público sexa a principal ocupación.

As oficinas de farmacia son o último elo da cadea sanitaria, na que os doentes, tras acudir aos servizos sanitarios públicos onde se lles receite, onde se lles prescriba, unha determinada atención farmacolóxica, teñen que acudir a estes establecementos —insisto— de propiedade privada, un punto na cadea do sistema sanitario onde a transacción económica é directa. Chégase a que é unha transacción económica directa entre un particular, o que está á fronte da oficina de farmacia, e o particular que é o doente. Insisto, unha transacción económica dentro do sistema sanitario que fai que a regulación teña que ser especialmente coidadosa, sen deixar aspectos no limbo e na ambigüidade, como si consideramos que hai moitos aspectos que quedan nesta regulación.

Preocúpanos tamén a total prevalencia dos farmacéuticos e farmacéuticas titulares ás novas oficinas de farmacia, e tamén nos preocupa que non se faga referencia á falta de adherencia, ás dificultades de acceso aos medicamentos desde colectivos vulnerables, sobre todo desde a promulgación do Real decreto 16/2012; falta de adherencia e de capacidade para mercar determinados medicamentos por falta de capacidade económica, e sobre todo os excluídos da carteira de servizo, que para colectivos especialmente sensibles son fundamentais. Podemos falar de sondas, de mucolíticos ou doutro tipo de prestacións eliminadas da carteira de servizo por este decreto promulgado polo Partido Popular.

Preocúpanos a dificultade de acceso aos tratamentos farmacéuticos, e tamén nos preocupa que o propio CES, no seu informe, advirta que a lei non garante a atención no medio rural. Dixen antes que os elementos fundamentais están baseados en criterios que non son a prioridade do acceso en equidade.

Tamén nos preocupa que se manteña a obxección de conciencia. Desde logo, no BNG cremos que nun servizo de interese público non ten cabida a obxección de conciencia á hora de prescribir fármacos que son legais e aos que calquera cidadán ten dereito a acceder en calquera oficina de farmacia, e o que non pode ser, baixo ningún concepto, é que a persoa propietaria do establecemento determine o que se dispensa e o que non se dispensa, porque insisto que ten esa duplicidade: é un servizo de interese público aínda que se prescriba nun establecemento privado, pero vía concesión administrativa pública, co cal, desde logo, non nos parece que se deba manter.



Polo tanto, a conclusión á que chegamos é que esta lei é unha oportunidade perdida para regular dun xeito integral os dereitos dos galegos e das galegas no ámbito farmacéutico. A atención integral queda exclusivamente no enunciado, nun logo, na plasmación concreta en artigos desta lei. Unha lei na que o interese público non é o elemento determinante, unha lei na que unha parte moi importante pódese dicir que é regulamento e que se podería solventar sen ter que chegar a unha nova lei. Regula dun xeito moi pormenorizado superficies, condicións hixiénico-sanitarias, equipamentos informáticos, cuestións que, evidentemente, hai que regular, pero para as cales non era precisamente necesaria a promulgación dunha lei. E unha lei de farmacia, para adaptarse de verdade á realidade actual, tería que ter unha visión moito máis integral non só da realidade das oficinas de farmacia, senón da realidade do sistema sanitario público, cousa que cremos que esta lei, dende logo, non cumpre e é moi parcial. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

O debate desta lei ten algunhas cuestións que para nós son de tremendo interese e que nos permiten ter unha valoración un tanto crítica nalgunhas cuestións, non en todas. Si que compartimos algunhas das cuestións que se plantexan, pero queremos afrontalas cun certo espírito construtivo.

Nunha primeira valoración, para nós é unha lei cativa, podería ter sido unha lei moito máis ambiciosa. Certamente, deixa moitas oportunidades perdidas, por tanto cremos que, dado o espírito pouco activo dende o punto de vista parlamentario deste goberno, que participa pouco da vida parlamentaria, o que si consideramos é que, tendo estas oportunidades, ás veces déixanse pasar algunhas opcións ou algunhas oportunidades para regulamentar. Xa que se afronta unha lei de relevancia como esta, hai algunhas cuestións que debían ser máis afrontadas.

En segundo lugar, ademais de ser unha lei cativa, ten para nós unha perspectiva. Unha vez que un se pon a analizala dende un punto de vista global, é unha lei que case ten máis carácter empresarial que sanitario. Está máis centrada en regular as cuestións fiscais e empresariais que en ter o punto de vista da garantía da calidade da atención ao usuario, que queda puramente en mans dos profesionais das farmacias, que, evidentemente, son os que garanten esta calidade, pero a lei non está pensada dende ese punto de vista nalgunhas cuestións que debería estar.

Diciamos sobre isto, e diciamos ao fío disto, que é unha oportunidade perdida porque poderíamos ter afrontado cuestións moito máis relevantes —algunhas xa se mencionaron aquí— como o problema dos desabastecementos, que ten unha regulación complexa e que non é fácil, evidentemente, pero que é necesario para un goberno ter algunhas políticas para



afrontar cuestións tan problemáticas como esa, e non únicamente reaccionar a cada momento dicindo: «*Es el mercado, amigos.*» Hai cuestións que deben ser afrontadas con moita máis rigorosidade.

Algunhas cuestións como a garantía de acceso aos medicamentos foron plantexadas aquí, e teñen que ver con esa dificultade que algúns usuarios ou usuarias poden ter, como sinala o CIS, en relación coa dificultade de acceso aos medicamentos. O CIS —que ás veces ten razón o CIS aínda que se critique moito— sinala algunhas dificultades e algunhas cuestións sobre o acceso aos medicamentos, e, por tanto, tamén é unha boa oportunidade para afrontar con máis ambición iso, e a lei queda un pouco cativa e un pouco branda nalgunhas cuestións.

Non ten sido explicada, ademais, eficientemente ou especialmente a súa necesidade. Isto é bastante coherente coa actividade deste goberno. Lembremos que se reformou a lei sobre sanidade máis importante de Galicia, a Lei de saúde, durante esta lexislatura sen ter sido anunciada, sen ter sido plantexada nun programa electoral, sen que ninguén o mencionara, e de repente, de tapadillo. No caso desta lei que hoxe tratamos aquí, de ordenación farmacéutica, algún rum rum sempre existiu, pero nunca por parte do Goberno. A verdade é que nunca se afrontou un debate real sobre esa necesidade, pero existía un debate sobre farmacia neste pleno e, sobre todo, na Comisión de Sanidade, na que había cuestións nas que poderíamos ir avanzando e plantexándoas dende os distintos grupos, Non houbo intención de explicar e non houbo intención de tramitala neste parlamento ou de abrir o debate aos distintos grupos. É unha cuestión que é lexítima por parte dun goberno, sobre todo cando parlamentariamente ten unha maioría absoluta, pero non é maneira de facer as cousas, dende o noso punto de vista. Cremos que tería sido mellor, sempre se pode mellorar, se houboese máis participación.

Hai algunhas cuestións que nos parece que tamén quedaron fóra deste debate e que se separaron, e consideramos que se puideron separar de maneira intencionada nalgunha cuestión, agora me explico. O baremo de concesión, que si que é, evidentemente, unha cuestión de debate, que é preocupante e de interese —por dicilo dunha maneira máis explícita— para os profesionais de farmacia, o baremo da concesión das farmacias foi aplicado e foi desenvolvido o concurso con anterioridade a esta lei. Nós lembramos —e cada un pode acudir á hemeroteca parlamentaria e aos debates previos— como houbo moitas dificultades e moitas críticas aos baremos utilizados noutras ocasións, Plantexámonos se esas críticas e esas valoracións previas non serían moito máis razoables se un está en contra dun baremo, dun sistema. Primeiro modificar, construír un baremo de acordo coa lei, construír un paquete completo, por dicilo dalgunha maneira, e traballar en función del. E non, utilizouse un baremo que previamente se tiña criticado con anterioridade, o cal para nós demostra unha certa incoherencia no que corresponde á regulación deste espazo farmacéutico.

É certo, por pasar a algunhas cuestións que son positivas, nomeadamente positivas, que houbo certa implicación co sector, de participación, como non podía ser doutra maneira. Nós tivemos xuntanzas con moitos representantes dos distintos eidos e compartimos tamén que, evidentemente, eles e elas participaron nesta lei. É certo, pero é certo en parte. Participaron e foron consultados no proceso, pero moitas destas persoas se queixaban —por dicilo dalgunha maneira, aínda que, evidentemente, de boas formas e sen malicia— de ter



sido consultados no proceso pero en moitas cuestións, sobre todo naquelas que lles preocupaban especialmente, non ser informados ao final de por que o resultado final, e iso é deixar o traballo a medias, é deixar o traballo en parte feito pero non de todo feito. Porque se un toma como referencia un sector para colaborar e para participar, o cal —insistimos— é bo, estivo ben feito e merece nese sentido o noso apoio, máis razoable sería, por suposto, consultar o resultado final, aínda que un goberno debe ter o seu propio criterio e, evidentemente, ante posicións discrepantes dentro do sector, hai que tomar algún criterio e non se pode contentar a todo o mundo. Pero si sería moito máis razoable explicar algunha das posicións finais, e non foi así.

Nós imos facilitar o trámite parlamentario. Non nos sentimos suficientemente identificados coa lei como para apoiala pero non imos estar en contra do seu trámite, porque cremos —como dicíamos— que era importante poder afrontar este proceso de desenvolvemento normativo. Cremos, iso si, que hai unhas cuestións dentro da lei que son mellorables e que merecen ser afrontadas desde un punto de vista un pouco máis profundo, e ademais, como dicimos, non foron afrontadas polo de agora en termos parlamentarios. Polo tanto, facilitaremos ese trámite pero temos algunhas discrepancias nalgunhas cuestións —nomeadamente nalgunhas moi específicas, non en todas, será noutro momento, noutra parte do debate— que si queremos plantexar.

En primeiro lugar, e con preocupación, a mal chamada dispensación a domicilio. O señor conselleiro empezou por aquí como primeiro punto. Dende logo, dende o noso punto de vista, está mal incluso ata o nome. É certo que hai unha realidade que hai que afrontar. Incluso hai unha realidade que en certa maneira existe pero que non está regulamentada e hai que dotar de certa protección, evidentemente, e de certo amparo as cousas que se veñen desenvolvendo e que son positivas para os usuarios finais, pero non é unha dispensación a domicilio. Non podemos abrir a porta, nin sequera na cuestión da linguaxe, a que *amazonicemos* as farmacias. Este non é un proceso de abrir para que se converta nunha repartición como se fose un pantalón ou unhas pizzas. Non podemos abrir ese espazo. Polo tanto, hai que ter, certamente, coidado.

Creemos que é moito máis eficiente ir en maior profundidade ás cuestións da lei e, sobre este tema especificamente, ser máis estritos nos controis de calidade. Que non queden unicamente como declaración de intencións na lei, senón ser máis específicos, a garantía que recibe o usuario do proceso de toda a cadea pola que pasa o produto que recibe. Ademais queremos tamén destacar realmente que ese servizo perde, en certa maneira, esa capacidade de relación farmacéutico-usuario, e, por tanto, neses termos tamén nos causa certa reticencia. Indo máis aló, xa que é unha lei, como dicimos, dende o noso punto de vista, que ten un marcado carácter máis empresarial que sanitario, incluso deberíamos de analizar, xa postos, unha cuestión como as relacións laborais, pero, certamente, iso pode ser froito doutro tipo de normativa.

En definitiva, nós entendemos que non é un produto calquera, é un medicamento, e, polo tanto, o usuario e a usuaria deben de recibir unha garantía asistencial. Como dicimos, esta lei está plantexada en termos empresariais, en termos dunha parte do sector, pero non de todo, e por tanto necesitamos ter o outro punto de vista e garantir o proceso completo. Plan-



texaremos, como temos xa plantexadas algunhas emendas parciais neste aspecto, ser un pouco máis restritivos non pola vontade de ser restritivos, senón para garantir ese control, con algunhas posibles limitacións ou algunhas propostas sobre como se pode formular, de forma que garantamos que se cumpra correctamente esa cuestión referida á zonificación, que na lei vén dunha maneira un tanto aberta e pouco concreta. Cremos que é moito máis eficiente ser máis concretos, para ter máis calidade na lexislación.

Defendemos, ademais, que se poida regular ou entender a necesidade de regular a cuestión fiscal, empresarial e laboral, pero como dicimos non debe ser o eixo da lei. En todo caso, para nos hai dous fundamentos: un, garantir a calidade para o usuario final, evidentemente; e dous, nós estamos a favor de garantir a concesión, a titularidade, das farmacias, si. Eses dous aspectos non deben de ser tocados nunca. Por tanto, a partir de aí hai que construír. O que nos preguntamos é: ¿por que construír limitacións maiores que non están —como dicimos— de todo explicadas? Somos conscientes de que existe división, discrepancia, dentro do sector, pero non está explicado por que unhas medidas ou outras; ou por que se está afrontando ese debate desde un punto de vista e non desde outro. ¿Por que establecer máis limitacións se, en realidade, o que debemos facer é garantir que o sistema funcione, dende o punto de vista global da concesión da titularidade, e garantir a calidade para o usuario. As demais regulacións nós entendemos que deberían ser máis propias dun espazo moito máis específico, de ámbito empresarial e fiscal, e entrar nesta lei nese ámbito parece que ten máis preocupación por unha cuestión empresarial que sanitaria. Reincidimos outra vez nesta conclusión.

Ademais, hai algunha cuestión que tamén pretendemos tratar, que é a diferenza que se provoca entre as restricións ou as limitacións que se lle poñen ás farmacias de venda ao público —por dicilo sinxelamente— e as farmacias hospitalarias. Por exemplo, no control de calidade de medicamentos que se poidan ou non se poidan dispensar. Sería natural pensar que deberan ser exactamente iguais, pero non o son; e, por tanto, preguntámonos por que, en función de dende onde se dispensan algúns medicamentos, se poden utilizar dunha maneira ou doutra.

Sabemos incluso que é unha cuestión complexa, somos consciente, pero unha lei, xa que se afronta dende este punto de vista, debера de entrar nas materias sanitarias e asistenciais. E, como dicimos, como esta lei ten un carácter máis de corte empresarial que sanitario, non entra nesta cuestión, e preguntámonos por que non debater máis amplamente sobre este aspecto.

En xeral, agardamos máis profundidade, maior número de explicacións e maior calidade nas explicacións, porque, como dicimos, é unha lei plantexada en termos de trámite laboral, de trámite empresarial, que non foi traída a este Parlamento ou debatida neste Parlamento con anterioridade, que non foi nin sequera plantexada —non se abriu esa posibilidade de debate—, aínda que fora de maneira tanxencial, ao redor doutros debates. Polo tanto, nós cremos que lle falta o punto de vista do usuario e da usuaria, cremos que ese punto de vista non está tido en conta e queremos que se profunde niso. Por iso, facilitaremos o seu trámite, para poder entrar nesa cuestión cando se tramite; porque, sexamos realistas, a lei vaise tramitar si ou si, é unha cuestión aritmética. E nós cremos que é necesario que esa lei poida



saír adiante se están, dende o noso punto de vista, ben tratados todos os puntos de vista, que todos son fundamentais; non se trata de inverter o eixo, senón de complementalo cos dous, e cremos que non é completo.

No tempo que me queda, valorando a emenda que se presentou —sobre a que tamén teremos que posicionarnos—, en coherencia coa nosa posición sobre a lei xeral, nós imos esperar ao trámite da lei para poder entrar sobre as cuestións concretas, insistindo en que compartimos algunhas das que se posicionaron aquí e que plantexou o Grupo de En Marea. Hai debates interesantes: o desabastecemento e a garantía de acceso, que nós plantexamos; o debate da produción, que tamén se plantexou aquí e que é interesante; e a regulación da discrepancia das farmacias hospitalarias e non hospitalarias.

Aspiramos, por tanto, a un debate real, produtivo. Como dicimos, temos unha percepción bastante tibia da produtividade do debate parlamentario con este Goberno, que habitualmente desenvolve máis a golpe de maioría, lexítima, pero que en certa maneira non contribúe a un debate parlamentario real, que non sexa ficticio e que poida ser un debate máis aberto. Cremos que é posible telo.

Durante o trámite desta lei —tamén cabe recoñecelo— houbo algunhas suxestións que se fixeron dende outros organismos, dende outras administracións, que foron tidas en conta. Por tanto, cremos que hai un espazo de maior diálogo neste campo do que hai ou do que houbo noutras cuestións, noutros desenvolvementos normativos. Cremos que se ese diálogo ou esa apertura a escoitar algunhas cuestións se poden manter, este é un espazo onde podemos ter algunhas cuestións nas que coincidamos, e, por tanto, contribuír a rebaixar un pouco o ton do debate no eido sanitario. Noutras cuestións, a verdade, non estamos sendo capaces de chegar a ningún punto de acordo, e cremos que —como pasou esta mañá— cando o Goberno rectifica e empeza a darnos a razón, polo menos acabaremos asumindo que algo empezaremos a avanzar. A verdade, se temos que chegar incluso a que lle chamemos superávit ao que non é superávit, pois chegaremos. Ao final, o importante é que mellore o sistema sanitario. ¡Que pena que non o fixéramos xa coa tramitación dos orzamentos, que era o que nós propuñamos, e nos dean a razón agora, emendando os seus propios orzamentos!

En todo caso, con esta lei facilitaremos ese trámite. Agardamos unha posición dialogante no seu trámite, que poida ser máis explicada e que poida incorporar unha perspectiva de usuario ou de usuaria, moito máis alá dunha perspectiva unicamente empresarial. Porque, se non, a verdade é que quedaremos non só nunha lei cativa, senón nunha lei de parte, e unha lei de parte nunca é unha lei colectiva que poida favorecer a todos. Nese desexo imos facilitar a tramitación desta lei

Polo de agora, máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.



Bo día, señorías.

Bo día, señor conselleiro de Sanidade.

Antes de comezar, quería dicirlle á señora Solla que quedei perplexa. Creo que vostede está instalada na antigüidade, hoxe en día ningún farmacéutico non dispensa anticonceptivos. É máis, hai moitísimos anticonceptivos que son prescritos polos especialistas e dispensan a receita. Eu creo que iso corresponde á antigüidade, non aos tempos que vivimos hoxe.

O señor Torrado di que non se falou para nada desta lei. Tamén me sorprende. Ao mellor non o sabe, pero figuraba en dous plans anuais da normativa da Xunta. Precisamente non se aprobou, e atrasouse a súa aprobación, para facilitar as aportacións e que houbera moitísima máis participación na aprobación da lei; iso en primeiro lugar.

En segundo lugar, unha pequena apreciación. Fala vostede de que a lei é moi cativa, de que a lei non contempla un montón de cousas. As leis, normalmente, establecen liñas xerais, o desenvolvemento regulamentario vén despois. Non queira vostede correr, estamos empezando, é o primeiro paso. Despois estableceremos a ponencia e poderase participar nesta lei con moitísimas máis suxestións dos grupos parlamentarios.

Centrándonos no tema, señor conselleiro, debatemos hoxe este proxecto de totalidade da Lei de ordenación farmacéutica que nós cremos que servirá para dotar o sector farmacéutico dunha nova regulación que sexa máis acorde cos tempos que estamos a vivir, que poida afrontar e dar solución dunha forma máis eficaz ás demandas actuais e ás necesidades tanto dos profesionais farmacéuticos como dos usuarios.

Aquí se dixo, e creo que todos coincidimos, que era necesario renovar unha normativa que data de 1999 e que non estaba adaptada ás actuais circunstancias, nin tecnolóxicas nin demográficas. Hai vinte anos xa da aprobación da anterior lei neste Parlamento. De feito, o único argumento que algún grupo da oposición puido atopar para pedir a devolución deste proxecto de lei, señor conselleiro, foi que non se contempla que o Sergas fabrique os seus propios medicamentos para evitar os desabastecementos. Para asegurarnos de que non os houbera, tería que fabricar tamén as materias primas e os excipientes. Vostede imaxina o que pode ser iso, ¿non? O que dá unha idea dos poucos motivos que hai para opoñerse a este proxecto de lei.

Por certo, señora Solla, ninguén se riu de vostede na Comisión de Sanidade cando fala de fórmulas maxistrais. O de fabricar o Sergas todos os xenéricos, iso —como lle dicía— xa é outra cousa.

Este proxecto, a pesar de ir ligado ao eido da política sanitaria, as novidades que incorpora nós si que cremos que teñen aspectos e prioridades transversais cos que está a traballar neste momento o Goberno galego, tanto na atención ao rural como na adaptación dos servizos públicos á nosa realidade demográfica e territorial. Son moitos exemplos disto os que hai no texto, e vostede falou dalgúns: a introdución do concepto de botica anexa, que se poida instalar en lugares ou parroquias onde non se poida instalar unha oficina de farmacia.





No caso, por exemplo, de zonas rurais que son moito máis amplas e que non hai unha boa comunicación coa farmacia máis próxima. Así tamén, a posibilidade dunha botica anexa naqueles casos en que unha farmacia peche, para non deixar sen atención unha determinada zona, porque para nós os galegos e as galegas son a prioridade.

Introdúcese tamén o suposto especial de entrega de medicamentos e produtos sanitarios ás persoas que residan en zonas moi illadas ou sexan dependentes. Isto nós cremos que é moi importante, aquí non estamos de acordo coa señora Prado, porque precisamente adecúa a regulación legal ás novas necesidades da sociedade galega, que está caracterizada polas altas taxas de envellecemento, que levan consigo —como todos sabemos— un considerable aumento das enfermidades crónicas e dos enfermos pluripatolóxicos.

Dende o grupo Popular non compartimos esta emenda á totalidade que presenta o Grupo de En Marea. Na exposición de motivos fala, por exemplo, do dereito á saúde. É unha cuestión conceptual, pero a nós gustaríanos aclaralo. Nós temos dereito á atención sanitaria no seu concepto máis amplo; temos dereito a que se nos dea asistencia sanitaria, a recibir asistencia sanitaria; temos dereito a que se contemple a nosa rehabilitación; temos dereito a que se establezan políticas de promoción e de prevención da saúde, pero, desgraciadamente, señora Solla, nin os sanitarios nin os gobernos temos o dereito a garantir a saúde das persoas, porque, como vostede sabe, a saúde vén influída pola carga xenética de cada un de nós e polos estilos de vida. ¡Ogallá puidésemos facelo! O que dende logo si se pode garantir é o dereito a recibir unha atención sanitaria de calidade, para, deste xeito, poder influír na saúde individual e colectiva, e a atención farmacéutica é unha parte máis da asistencia sanitaria.

Neste proxecto recóllese, precisamente, a regulación da atención farmacéutica na nosa comunidade autónoma. Di vostede que o texto é insuficiente en canto á regulación de dereitos da poboación en materia farmacéutica. Isto, cando menos, é un brinde ao sol. O artigo 8 establece claramente os dereitos da cidadanía; e o artigo 7 establece as obrigas para os establecementos farmacéuticos, que, obviamente, se traducen en melloras para a poboación. Claro está, dentro das competencias que temos na comunidade de Galicia, como son a ordenación das farmacias, os servizos farmacéuticos e prestacións farmacéuticas. Hai outros aspectos —que xa se dixo aquí— que están recollidos na lexislación básica do Estado: a Lei 16/1997, de regulación do servizo de oficinas de farmacia, e o texto refundido da Lei de garantías e uso racional de medicamentos e produtos sanitarios, que fixa os criterios básicos de ordenación do sector farmacéutico, tanto no que atinxe aos establecementos farmacéuticos como ao uso racional de medicamentos. Pero todo o texto do proxecto de lei está orientado á regulación da atención farmacéutica, entendida como un servizo de interese público, dirixida a garantirlle á cidadanía o acceso rápido e eficaz ao uso racional de medicamentos e produtos sanitarios que necesite.

Respecto da accesibilidade da poboación aos fármacos, é posible, e é posible, precisamente, porque contamos cunha rede ampla de farmacias que este proxecto de lei, precisamente, garante que se manteña e adapte ás necesidades actuais. Ademais, tamén regula as unidades de farmacia de atención primaria e os servizos farmacéuticos hospitalarios, todos eles coordinados cos centros e servizos sanitarios, de xeito que calquera prescrición dun facultativo poida ser dispensada nun servizo e establecemento dunha forma áxil.



O relacionado co abastecemento de medicamentos xa é outro tema. Como vostede sabe, é competencia da Axencia Española de Medicamentos e Produtos Sanitarios, que está a traballar nun plan de garantías de abastecemento para o período 2019-2022. E Galicia —o señor conselleiro aquí está— ofreceuse e manifestou a súa intención de colaborar absolutamente con este proxecto.

Señor Torrado, vostede que está tan preocupado polo desabastecemento, agora ten a oportunidade o seu Goberno en Madrid, e vostede mesmo, de intentar arranxar este problema. Nós, dende logo, estaríamos encantados de que se arranxe. Cando se produce en Galicia calquera desabastecemento, comunícase rapidamente á Axencia para mobilizar as subministracións; e no caso de que sexa necesario, que se autorice a importación dos fármacos.

En canto á adherencia terapéutica relacionada cos baixos recursos económicos —vostede mesma o acaba de dicir—, é competencia do Estado a regulación das achegas farmacéuticas, así que non pode pretender vostede que este tema se aborde no proxecto de lei.

Dentro das competencias que temos en Galicia, contempla varios artigos relacionados coa función de seguimento da adherencia terapéutica, tanto na atención primaria como na hospitalaria, dado que —como vostede sabe— na adherencia inflúen numerosos factores. Por exemplo, entre as funcións das unidades de farmacia de atención primaria está garantir a adecuación terapéutica e mellorar a adherencia ao tratamento etc. Entre as funcións do servizo de farmacia hospitalaria está garantir esta adecuación terapéutica, mellorar a adherencia ao tratamento e que contribúa a que as persoas usuarias obteñan o mellor resultado en saúde derivado da utilización de medicamentos. Leo textualmente os artigos. Polo tanto, señoría, o tema da adherencia aos fármacos si que se contempla no proxecto do que vostede pide a devolución.

O mesmo fai cando plantexa que teñamos en Galicia oficinas de farmacia públicas. A regulación básica estatal é moi clara sobre este tema. Dígame vostede unha soa comunidade que o fixera. Sabe vostede que non é posible.

Pero o que si é posible é que, ao ser establecementos privados de interese público, teñan unha regulación que posibilite, por un lado, unha boa distribución na comunidade, equidade no seu acceso e unha boa coordinación coa rede pública, en definitiva, todo o que permite que a cidadanía poida acceder á prestación farmacéutica, e todo isto si que se contempla neste proxecto de lei.

Outro dos motivos polos que pide En Marea a devolución do proxecto é a permanencia da obxección de conciencia nesta norma. Vostede sabe que a obxección de conciencia é un dereito dos profesionais. Vostede é sanitario, a señora Prado tamén, e saben que non se pode obviar a obxección de conciencia. Agora ben, sempre que non limite ou condicione o dereito da cidadanía a acceder a un medicamento ou produto sanitario, isto está contemplado no artigo 9 da lei e desenvolverase regulamentariamente con posterioridade.

En canto ao acceso á titularidade das oficinas de farmacia, ¿quéreme dicir vostede cal é a restrición para que un farmacéutico que non ten oficina de farmacia poida presentarse ao



concurso para acceder ás novas adxudicacións? A resposta é: ningunha, xa que no procedemento actual, derivado do baremo do Decreto 66/2018, polo que se modificou o decreto 146/2001, sobre planificación, apertura, traslado, peche e transmisión de oficinas de farmacia, non había limitacións específicas para acceder á titularidade.

A devolución deste proxecto, señorías, suporía unha perda de oportunidades para mellorar a vixente lei con vinte anos de funcionamento. Iso si sería unha perda para os galegos e as galegas, señora Prado, porque esta lei precisa dunha adaptación que nos permita seguir prestando unha boa atención farmacéutica nos dispositivos sanitarios da nosa comunidade.

Por outro banda, e polo atraso do debate, dáse a circunstancia de que xa coñecemos as emendas parciais dos grupos, e o grupo que emenda á totalidade finalmente presentou 22 emendas, das cales 4 son á exposición de motivos. Tampouco parece que haxa tantas cuestións coas que estean en desacordo como para xustificar unha petición de devolución.

Nós consideramos que é un proxecto de lei moi participado, cunha moi boa tramitación, na que a Xunta estivo permanentemente aberta e receptiva a todas as suxestións, viñeran de colexios oficiais, de sociedades científicas, de particulares, de asociacións profesionais... Quixera tamén destacar que cambios importantes houbo nesta lei, como a introdución dunha porcentaxe mínima do 10 % da cotitularidade; e a adaptación dos módulos para o cálculo das oficinas de farmacia, a evolución demográfica das zonas, son reformas que xurdiron de propostas de particulares, e isto me parece moi importante. Propostas de particulares, señor Torrado, que leron o anteproxecto no Portal de transparencia da Xunta, fixeron as súas alegacións e suxestións e foron admitidas pola Xunta, o que demostra que, efectivamente, temos un bo sistema de participación cidadá na elaboración de normas e que temos un goberno aberto e receptivo que admite e incorpora as boas ideas veñan de onde veñan, algo que nós agardamos tamén facer agora no trámite parlamentario.

Este proxecto de lei, señor conselleiro, entendemos que é necesario, que é bo para a profesión farmacéutica en Galicia, así como tamén é bo para as galegas e os galegos, polo que esperamos que se converta en lei despois de enriquecerse aínda máis, se cabe, co trámite parlamentario.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Agora saudamos os alumnos de 5º de primaria do centro O Pombal, de Vigo, e tamén os seus profesores e acompañantes. Benvidos ao Parlamento.

Turno de réplica. Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

A verdade é que estabamos dubidando sobre cal ía ser a intervención e, polo tanto, se a pesar de presentar esta emenda nos abstiñamos ou votabamos en contra, porque xa trasladai na



intervención inicial que hai aspectos concretos nos que podemos coincidir, pero, sinceramente, señora Vispo, enfádanos bastante a súa intervención, porque ridiculizar a proposta da oposición, cando estamos establecendo aquí un debate que queríamos que fose minimamente serio, é francamente irresponsable.

Que vostede traslade que o dereito á saúde é un elemento conceptual, eu creo que insulta as persoas, a esas cen mil persoas que traslada o CIS que non teñen neste momento acceso aos tratamentos porque non teñen cartos para pagalos, e creo que un Goberno serio debería de abordar esta cuestión dentro dunha norma. Non é un concepto, é comer ou comprar os fármacos en moitas familias. Trasadámolo e debatémolo na Comisión 5ª, e dende o 2012 o Partido Popular leva negando a maior nesta cuestión. Se a vostede lle parece unha cuestión menor, ou que deberían existir máis emendas dentro das emendas parciais —que, por certo, xa é unha novidade debatelas no debate de totalidade—, a min, dende logo, paréceme que deberían de ser vostedes, se lles parece pouco o que presentamos, os que plantexaran algún elemento de control. Pedímolo en varias ocasións, e non se aceptou por parte do Goberno porque se nega esa realidade; unha realidade que non é certo que só dependa do ministerio.

Miren, cando se aprobou o Real decreto 16/2012 polo Partido Popular, vostedes tiveron a posibilidade, dende as comunidades autónomas, de suplir eses recortes, e algunhas comunidades autónomas fixérono. Aquí non se fai, aquí non se fai, e hai cen mil persoas en Galicia, un 3 % da poboación, que non poden sacar os seus fármacos da farmacia porque non teñen cartos para facelo. Iso abrangue máis que a regulación das boticas, que, por suposto, hai que modernizar e actualizar as normas, pero paréceme irresponsable que se trate con esa frivolidade unha cuestión como esta.

Mire, tamén é frívolo que se cuestione o plantexamento que pode ter un grupo parlamentario sobre a oportunidade de ter un laboratorio público. A vostedes failles moita graza, e falaba o outro día o señor Campa de plantar sauces, pero non hai ningunha norma, en contra do que vostedes trasladan aquí, que o prohíba. Simplemente hai que ter valentía e plantexar que é un problema, o desabastecemento dos fármacos, a medio e a longo prazo e que require medidas que van dende o que ten que ver coa compra centralizada ao que ten que ver coa posibilidade de producir aquilo que non ten patente.

Eu lembrei o outro día, na Comisión de Sanidade, un debate que tivemos sobre o acceso aos fármacos da hepatite C, e da imposibilidade, pola súa negativa, de produción dun xenérico cando había fórmulas habilitantes dentro da normativa. Non quixeron abordar ese tema, e hoxe, que estamos tendo un debate tranquilo, non queren abordalo tampouco porque a vostedes non lles interesa.

Non só é necesaria a compra de principios activos. Vostede facía referencia á necesidade da produción de principios activos, pero tamén se poden mercar. O problema do desabastecemento de fármacos ten diferentes fontes, algunha é polo principio activo, pero moitas outras non. Sabe vostede que hai un problema coa especulación das grandes farmacéuticas en relación coa venda dos fármacos aos diferentes países, que en ocasións se venden aos países que aportan máis economicamente, e que, polo tanto, lles sae máis rendible. E hai un problema tamén en relación coa seguridade da produción dos medicamentos, porque, en moitos



casos, se está externalizando a produción por parte das grandes farmacéuticas a países que non teñen os requirimentos que pide a Unión Europea cando logo van comprar os medicamentos. Hai diversos problemas en relación co desabastecemento, non ten unha única causa. Nós simplemente poñemos sobre a mesa a necesidade de dar un debate sobre esta cuestión. É necesario dar o debate, pero vostedes nin sequera queren dar ese debate.

Hai outros elementos que con anterioridade non me deu tempo, e creo que quedan coxos no que ten que ver coa lei. Non se fixo referencia ao sector sociosanitario, e a realidade é que, por exemplo, en Euskadi se aprobou recentemente un decreto dun contido bastante semellante a esta lei que se plantexa hoxe aquí, pero que diverxía nalgúns aspectos, fundamentalmente no que ten que ver en como se ían preparar ou se ían trasladar eses fármacos ás residencias de maiores —creo que vai haber tempo para debatelos—. Centralizábase nunha única unidade, cousa que non se fai nesta norma, e non se prevé que custo ou que implicación vai ter para o que é a farmacia dos centros sociosanitarios.

Hai moitas cousas que debater, e, sinceramente, presentamos esta emenda á totalidade porque nos gustaría que, máis alá da actualización do que ten que ver coa normativa de regulación das boticas, das farmacias de atención primaria privadas de interese público que hai no noso país, tiveramos a posibilidade de falar de algo que —como dicía— supón unha parte substancial do orzamento en materia sanitaria en calquera comunidade autónoma e, ademais, un elemento clave cando temos no noso país un incremento —e remato xa— de pluriopatoloxía e de envellecemento que incrementa o consumo de fármacos.

Queríamos que ao debate se levaran outras claves, ampliar a Lei de farmacia a algo máis que como se dispensan os medicamentos. Parécenos unha cuestión de país, e de soberanía tamén, á hora de proporcionar un dereito.

Remato xa. Existe na lexislación, repáseo: Lei xeral de sanidade, artigo 10, vén especificado, punto 14: o dereito do acceso aos fármacos, e non se contempla nesta norma.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

### ***Votación dos textos lexislativos***

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Rematado o debate, procedemos ás votacións. Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando os textos lexislativos.

En primeiro lugar, votamos as emendas á totalidade do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.

Votamos, en primeiro lugar, a emenda á totalidade con texto alternativo do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



Votamos.

*Votación da emenda á totalidade con texto alternativo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, ao Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a emenda á totalidade, tamén con texto alternativo, do Grupo Parlamentario Socialista.*

Votamos.

*Votación da emenda á totalidade con texto alternativo, do G. P. dos Socialistas de Galicia, ao Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora o proxecto de lei.*

Votamos.

*Votación do Proxecto de lei polo que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 37; votos en contra, 0; abstencións, 32.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada a lei pola que se concede un suplemento de crédito para o reforzo de actuacións prioritarias para o ano 2019.*

**O señor PRESIDENTE:** *Votamos agora a emenda á totalidade de devolución presentada ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica polo Grupo Parlamentario de En Marea.*

Votamos.



*Votación da emenda á totalidade de devolución, do G. P. de En Marea, ao Proxecto de lei de ordenación farmacéutica.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 37; abstencións, 13.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade e, polo tanto, este proxecto de lei continúa o seu trámite parlamentario.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto segundo da orde do día, que se corresponde co de mocións.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario.**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz, por iniciativa do deputado César Fernández Gil e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 47773).*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:*

*«O Parlamento de Galicia insta a Xunta a solicitar ao Goberno central que habilite o financiamento para o ensino galego, de acordo co previsto na Disposición final primeira da Lei 4/2019, de 7 de marzo, de mellora das condicións para o desempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria; como paso previo a que se poida adoptar a decisión máis acaída respecto dos horarios do persoal docente.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moi bo día.

Grazas, señor presidente.

Debemos hoxe esta moción, consecuencia da interpelación que lle fixen á señora conselleira de Educación, Universidades e Formación Profesional no pasado pleno, relativa ao horario que desempeñan os docentes, tanto do corpo de mestres como dos distintos corpos de secundaria, na nosa Comunidade Autónoma.



Parece necesario aclarar que esta moción non é para pedir que os docentes, as mestras e os mestres e profesoras e profesores de secundaria, traballen menos horas, nin moitísimo menos; é para que dispoñan de máis tempo para desenvolver o seu traballo dunha forma máis eficaz e máis comfortable e para que esa eficacia se traslade a quen é o destinatario último do seu traballo, que son as alumnas e os alumnos do noso sistema educativo.

Como se dicía na interpelación: estamos a falar dun marco normativo que data, nada máis e nada menos, de hai trinta e dous anos, cando no ano 1987 se regulan por primeira vez os horarios na nosa Comunidade Autónoma. Posteriormente, no ano 1997 —é dicir, hai vinte e dous anos—, cando se desenvolveron regulamentariamente os regulamentos orgánicos dos centros de educación infantil e primaria, dos institutos de secundaria e dos centros públicos integrados, regulouse o horario de todos os corpos docentes, pero non se retocaron —digamos— as horas que debían dar de forma efectiva nos centros. É dicir, estableceuse con claridade cales son as actividades que debe desenvolver cada un dos docentes dentro desas horas tanto de permanencia nos centros como fóra do propio centro educativo. Porque, como todos sabemos —e, se non, convén que todos o saibamos—, as docentes e os docentes, ademais do tempo que dedican a dar clase de forma directa, teñen unha cantidade bastante considerable de horas de traballo tanto nos propios centros como nos seus fogares para preparar as súas actividades lectivas.

No ano 2007, e mediante un acordo con todas as organizacións sindicais, reduciuse o horario do corpo de mestres, que pasou de ter vinte e cinco horas lectivas a ter vinte e unha. Insisto: foi un acordo unánime con todas as organizacións sindicais. No ano 2011 a Consellería de Educación retirou esa redución e volveu establecer o horario en vinte e cinco horas semanais. Pero a retirada desa redución non se debeu —por moito que se empeñen en xustificar dalgunha maneira os responsables da Consellería— a necesidades derivadas de que fose necesario que impartisen de novo vinte e cinco horas de clase. E a proba máis evidente de que iso é así —como xa se dixo hai unha semana— é que non se modificaron os catálogos dos corpos de mestres en función do número de unidades que ten cada centro de educación infantil e primaria. Porque, se a necesidade viñese dada por esa disfunción, evidentemente, os catálogos deberon modificarse; pero non, os catálogos permaneceron e permanecen idénticos desde o ano 2007.

De feito, convén que todos repasemos o que di esa orde do 2011, que retomou o horario dos mestres a vinte e cinco horas, porque dicía que era «necesario regular o deber de garda e custodia que o profesorado ten sobre o alumnado dos centros de educación infantil e primaria, educación especial e secundaria (...) desde que o alumnado chega aos centros ata que se inician as actividades lectivas», é dicir —para que todos nos aclaremos—, desde o tempo en que o alumnado chega aos centros no transporte escolar e se inician as clases. Polo tanto, nada tiña que ver esa redución cunha necesidade real de que fose necesario dar máis horas de clase.

Por se isto fose pouco, no ano 2012 modificouse o horario do resto dos colectivos docentes dos corpos de secundaria con base nese famoso Real decreto lei 14/2012. E aquí falouse hoxe pola mañá, cando debatíamos ese enxeño que nos acaban de aprobar de modificación orzamentaria para aproveitar o superávit, que non está aí pero que si vai estar, unha parte este





ano, outra parte outro, e hai unha terceira parte que non se sabe moi ben de onde sae, pero, en definitiva, que se fixo por parte dun goberno, e dicía algún portavoz —que non cito para non darlle pé a que despois interveña por alusións— que o Goberno do real decreto lei. Eu facía referencia a que este real decreto lei foi aprobado polo Goberno do señor Rajoy cunha maioría absoluta e que, polo tanto, non tiña necesidade de recorrer a ese marco normativo.

Agora temos unha lei aprobada —como diría alguén ao mellor— «*como Dios manda y Cristo nos enseña*». É dicir, ¿no Parlamento de Galicia?, non, no Parlamento do Estado, no Congreso dos Deputados; unha lei aprobada alí, non por un procedemento de urxencia que despois é necesario validar no Parlamento, senón coa súa tramitación completa. Esa lei establece que os horarios rebaixan ese número mínimo de horas e deixa en mans das comunidades autónomas..., é dicir, recuperan a competencia para establecer e regular os horarios dos docentes como consideren pertinente. E, polo tanto, aínda que establece con carácter indicativo un número mínimo de horas, nada impide que cada comunidade autónoma, e no caso concreto da Comunidade Autónoma de Galicia así se establece, volva ter un marco de horarios para os docentes similar ao que tiñamos antes de que entrase en vigor tanto esa orde da Consellería do ano 2011 como a posterior do ano 2012.

Convén saber que desde que goberna o Partido Popular na Comunidade Autónoma se reduciron —e dicíao na miña interpelación— 1.472 docentes entre o ano 2010 e o ano 2018. Non me parece necesario volver expoñer ás súas señorías o gráfico correspondente —aínda que o teño aquí—, pero a realidade é a que é. E eu dicía —e supoño que non se me contradirá— que estes son datos oficiais, son datos da propia Administración, das estatísticas da función pública. É dicir, no ano 2010 —que xa gobernaba o Partido Popular desde había ano e medio— había 30.878 docentes non universitarios, e no ano 2018, 29.406; polo tanto, 1.472 docentes menos non universitarios.

Por se isto non fose suficiente para recuperar as condicións iniciais, o certo é que, nos orzamentos da Comunidade Autónoma —facía referencia e vou volver facer referencia aos dos anos 2017 e 2018—, o orzamento da Consellería de Educación, no capítulo de Persoal, soporta, teoricamente polo menos, no ano 2017, 30.489 docentes non universitarios. Pero na estatística da función pública, é dicir, os que realmente traballaban ese ano, eran 29.389; é dicir, mil cen menos dando clases dos orzados no orzamento aprobado por este parlamento. No ano 2018 tiñamos orzados 30.494 e dando clase nos centros de forma efectiva 29.406; é dicir, 1.088 menos. Tanto me ten que sexan mil oitenta e oito como mil cen, como mil cento vinte; a realidade é necia e a realidade evidencia que, no marco teórico que supón un orzamento da Comunidade Autónoma, nesta consellería da que estamos a falar existe capacidade, cando menos teórica, para ter un número de docentes moi superior ao que despois se dá na realidade.

Digo isto con carácter previo porque algún grupo parlamentario que virá agora defender a súa emenda a esta moción di que debe ser o Estado o que orce de forma suficiente para dar cobertura a esta recuperación de horarios. E eu dígolle: non, non, porque o propio orzamento da Comunidade Autónoma xa prevé a posibilidade —insisto— teórica. Porque, claro, aquí a teoría e a práctica van por camiños bastante diferentes. O propio orzamento da Comunidade Autónoma xa prevé un número de docentes suficiente para recuperar esas condicións iniciais.



Polo tanto, o noso grupo parlamentario pide que esta cámara aprobe que se inste a Xunta de Galicia a que recupere as condicións dos horarios dos docentes previos ás ordes do 2011 e 2012.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Moitas grazas, presidenta.

Bo día, señorías. Bo día, señor Álvarez.

Decía ao final da súa intervención que viría agora un grupo parlamentario defender a súa moción e dicir que debe ser o Estado o que implemente recursos para a aplicación desta norma. ¡Home!, eu estouno dicindo, si, como representante dun grupo parlamentario, pero é que llo di o *Boletín Oficial do Estado* na lei que vostede mencionou. Voulle ler a disposición final primeira da lei que vostede mencionou, que di claramente que «*con la finalidad de hacer efectivas las previsiones contenidas en esta ley por parte de las administraciones educativas, la Administración general del Estado establecerá un marco de financiación adecuado y suficiente*». (*Aplausos.*) Non o di o Partido Popular, estallo dicindo a lei aprobada polo Partido Socialista. Por iso, a nós chámanos a atención que hoxe traian aquí esta moción sen contemplar a literalidade da norma que vostedes aprobaron no Congreso dos Deputados. Por iso, nós vímonos na obriga de presentar unha emenda na que pedimos que se cumpra o que vostedes aprobaron nesa ferramenta lexislativa.

Ademais, vendo os antecedentes, a verdade é que resulta, cando menos, chamativo. Eu lémbrome de que hai uns meses vostedes deixaban atrás a negociación e o traballo dunha subcomisión que traballou a prol da busca dun pacto social e político pola educación argumentando razóns de financiamento. É dicir, vostedes saían dese marco porque daquela o Goberno do Partido Popular non garantía un financiamento mínimo —que pedían vostedes do cinco por cento do PIB— para levar a cabo ou levar adiante ou continuar coa negociación deste pacto social e político pola educación. Hoxe xa se esquecen totalmente diso, xa non falan de financiamento, xa volven a isto de «eu invito e ti pagas». Veñen aquí e traen unha moción pedíndolle á Comunidade Autónoma de Galicia que tome unha serie de medidas que van ter unha consecuencia directa sobre o seu orzamento. Pero, evidentemente, a Administración xeral do Estado, que é a que no seu propio marco normativo —que ten vixente no día de hoxe, dende o día 7 de marzo de 2019, aprobado polo Goberno socialista— sinala claramente que, para que se poida cumprir o que se recolle nesta lei, ten que ser a propia Administración xeral do Estado a que garanta un marco de financiamento.

Entón, é moi sinxelo, estamos de acordo. ¿Pódense mellorar as condicións do profesorado? Si, por suposto. Poñan os recursos enriba da mesa, aproben e acepten a emenda que nós presentamos e, no momento en que a Administración xeral do Estado teña a capacidade ou tome a decisión de establecer ese marco de financiamento que eles mesmos sinalan na disposición final primeira da Lei 4/2019, do 7 de marzo, de mellora das condicións para o de-



sempeño da docencia e a ensinanza no ámbito da educación non universitaria, a partir dese momento poderase levar a cabo todo o que vostedes sinalan. ¡É así de sinxelo! E —xa digo— non é unha cuestión nin un capricho deste grupo parlamentario, é o cumprimento estrito da lei que vostedes aprobaron e por ese procedemento do que vostede falou de «*como Dios manda*». (*Un señor deputado pronuncia palabras que non se perciben.*) Efectivamente.

Seguindo a lei que vostedes aprobaron por ese procedemento, nós o que lles dicimos e o que plantexamos con esta emenda é que establezan ese marco de financiamento: unha vez establecido, falaremos de como quedan as condicións dos docentes na Comunidade Autónoma de Galicia. Porque —xa digo— non vale isto de «eu invito e ti pagas». Non, nós somos máis de que cando alguén invita, se a invitación é real e a invitación é fiel e coherente, pois ten que pagar tamén, e sobre todo cando o recolle na ferramenta lexislativa. Xa digo: non é un capricho deste grupo parlamentario.

Mire: o Goberno galego leva feito moito pola mellora da calidade da docencia na comunidade autónoma. Temos que sinalar que nesta mesma lexislatura na que estamos se chegou a un acordo cos sindicatos para que os docentes galegos vaian mellorando o seu salario; iso é unha mellora nas súas condicións de traballo. Lévanse a cabo, ademais, unhas ofertas públicas de emprego importantes nestes anos que serviron para estabilizar o emprego público no sector educativo e para reducir a baixa taxa de interinidade existente en Galicia. E, ademais, estase apostando pola formación permanente do profesorado. Polo tanto, existe un compromiso claro do Goberno galego por mellorar as as condicións do profesorado na Comunidade Autónoma de Galicia.

E, xa para rematar, falaba vostede de datos de redución de profesorado e demais, como intentando trasladar unha imaxe —non quero dicir negativa—, para min, distorsionada do que é o sistema educativo galego. Se imos falar de datos, falemos tamén dos indicadores que miden a calidade do sistema educativo. Seguindo eses indicadores, indicadores de abandono escolar temperán, indicadores de calidade, de equidade, de inclusión..., vemos que o sistema educativo galego está situado nos mellores postos dentro do que é o ámbito estatal. Entón, nese sentido, nós defenderemos que se siga traballando a prol da mellora dos docentes, da calidade do servizo e das condicións nas que prestan os servizos os docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, pero, evidentemente, como vostedes plantexaron nesta lei: cumprindo a normativa que vostedes mesmos aprobaron. Acepten a emenda, establezan ese marco de financiamento e despois sentemos a falar das condicións que teñen que ter os docentes en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Fernández Gil.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidenta.

Bo día a todas e a todos.



Nós imos apoiar a iniciativa do Partido Socialista —explicarei—, fundamentalmente, por dúas razóns. A primeira —como se explicaba—, a situación, as horas lectivas do profesorado, tanto do persoal de infantil, de primaria, de réxime especial como de secundaria e formación profesional, etc.

Ademais de ser modificado no ano 2011, no ano 2012 modificouse no Estado español o marco normativo no que supuxo unha máis, non era a única, dunha política de recentralización brutal. Brutal porque invadía, con moito, as competencias que tiña a Xunta de Galiza no exercicio das súas competencias, xa que, como todo o mundo sabe, no marco actual, o Estatuto do ano 1981 recoñece capacidade plena ao Goberno galego para deseñar e desenvolver todo o que ten que ver co ensino público do noso país. Impúñase aí —insisto en que non era esta, apenas, a única invasión competencial— toda unha política de recentralización brutal. Iso, a partir do ano 2019, con esa modificación da que xa se falaba aquí, volve ao marco normativo que existía previamente. Recoñécese, polo tanto, a competencia plena da Xunta de Galiza para determinar a carga horaria ou as horas lectivas que teñen que impartir as profesoras e os profesores, as mestras e os mestres, no noso país.

Esa invasión competencial, esa usurpación de competencias, fíxose —porque aquí agora parece como que as cousas pasaban por razóns non sei se meteorolóxicas ou climáticas— coa conivencia e o aplauso do Partido Popular na Xunta de Galiza, sen que se defendese o mínimo, minimísimo, estreito autogoberno deste país. Porque non sabemos, non sei se por razóns meteorolóxicas ou climáticas, agora o Partido Popular —e vímolos esta mesma mañá— dáse moitísimos golpes no peito falando de autogoberno, pero, realmente, levan dez anos pisando nel ou, polo menos, actuando de maneira cómplice para que pisase o Goberno do Estado español sobre as escasísimas competencias que ten o noso país.

Por esa razón, por desenvolver as competencias que ten este... —(A señora Rodil Fernández apártase do micrófono e frota un ollo.) ¡ai, perdón, que se me meteu algo nun ollo!— e por deixar atrás esas políticas absolutamente recentralizadoras que invadían o marco competencial deste país, nós concordamos con recuperar ese horario lectivo previo ás modificacións, nomeadamente a do ano 2012, a esa orde do ano 2011, xa imposta pola Consellería, que foi explicada polo señor Álvarez.

Lembremos que iso suporía volver a esas dezaioito horas de secundaria, formación profesional e réxime especial e ás vinte e unha de infantil, primaria e educación especial, que é, por outra banda, unha demanda unánime de todas as organizacións que representan o profesorado deste país e que lle levan reclamando á Xunta de Galiza de maneira incesante nos últimos anos, como unha recuperación dos dereitos que lles foron roubados e que lles son negados polo Partido Popular desde a Xunta de Galiza. Nese sentido, con esas dúas razóns, nós entendemos que é suficiente para darlle o apoio a esta proposta que formula hoxe o Partido Socialista.

A ver, o que non se pode é intentar usar como unha escusa esa dotación orzamentaria que se prevé. Vostede, señor Fernández Gil, referenciaba a disposición final da propia lei do ano 2019, que exige que se doten, neste caso por parte do Estado español, dos recursos necesarios para poder implementar as modificacións que se prevén na propia lei. O que non pode servir



é de escusa ou de parapeto para non recoñecer os dereitos dos profesores e das profesoras, do persoal docente do noso país. A nós o que nos parece é unha escusa ou un subterfuxio para non recoñecer os dereitos que veñen reclamando as organizacións sindicais e o profesorado do conxunto do noso país.

Que Galiza está infradotada nos seus servizos públicos, en boa medida pola relación económica que existe entre Galiza e o Estado español, non é exclusivo do que ten que ver cos dereitos ou a carga horaria do profesorado do noso país; ten un carácter xeral. O que non pode é servir agora de parapeto para non recoñecer e non atender as demandas —insisto— unánimes das organizacións sindicais que representan o profesorado do noso país, que supón, ademais, volver a unha situación que era previa a esas reformas do ano 2011-2012.

Insisto en que nós votaremos a favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Chao Pérez.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidenta.

Antes de nada dicir que, por suposto, o noso grupo vai apoiar tamén esta proposición non de lei que trae hoxe o Grupo Socialista. E ímola apoiar porque, como vimos reiterando en numerosas ocasións nesta cámara, é urxente e necesario que se corrixan os durísimos recortes á educación que o Partido Popular acometeu durante os últimos dez anos coa escusa da crise financeira. Así o levamos defendendo dende que entramos nesta cámara, e así o defendeu o noso grupo parlamentario no Senado cando, no mes de febreiro, se debateu o Proxecto de lei de mellora das condicións para o desempeño da docencia e da ensinanza no ámbito da educación non universitaria, moi relacionado co debate que temos hoxe.

Como é ben sabido, coa escusa da crise, o Partido Popular reduciu, unha e outra vez, a porcentaxe de gasto sobre o produto interior bruto español que representa a educación ata o mínimo histórico do 3,7 por cento, poñendo en evidencia cales son as súas prioridades, e no noso país chegou a baixalo incluso dúas décimas menos, poñéndonos á cola de toda Europa, o que supuxo unha perda brutal para a escola pública de noventa mil millóns de euros. Os recortes foron pretendidamente «xustificados» —entre comiñas— apelando ás circunstancias excepcionais da conxuntura económica. Non obstante, cando estas condicións supostamente obxectivas mudaron, o Partido Popular non fixo nada para mellorar o investimento en educación, todo o contrario. Van xa —como aquí se dixo— máis de seis anos dende a aprobación do penoso Real decreto lei 14/2012, de medidas urxentes de racionalización do gasto público no ámbito educativo, e a pesar das modificacións realizadas aínda padecemos moitas das súas eivas. Non hai máis que ter en conta, por exemplo, que cando comezamos este curso escolar en Galicia, en setembro, contamos con cincuenta e oito aulas e noventa profesores e profesoras menos que o ano pasado. Os datos macroeconómicos —insisten— sinalan que o peor da crise pasou, pero o Partido Popular segue decidido a desmantelar a educación pública e de calidade.



Como aquí se dixo, un dos indicadores claros da difícil situación que atravesamos a educación pública no noso país é o número de horas lectivas que asume o profesorado en comparación cos seus homólogos europeos. En primaria —fíxense— os docentes españois imparten cento dezaoto horas lectivas máis ao ano que a media do resto do profesorado europeo, o que supón un 15,48 por cento máis. Na educación secundaria, na formación profesional e no ensino de réxime especial, as mestras e os mestres españois imparten corenta e cinco horas máis de clase, un 6,7 por cento máis que os seus homólogos e homólogas europeas. Por último, se temos en conta o bacharelato, os ciclos formativos de grao medio, as ensinanzas artísticas ou as escolas oficiais de idiomas, o profesorado español imparte cincuenta e oito horas máis de aulas, un 9,13 por cento máis que o resto do profesorado europeo.

Cómpre, polo tanto —é evidente—, adecuar a xornada lectiva do profesorado español á media da Unión Europea, tanto por unha cuestión de xustiza como de calidade da propia enseñanza. É unha demanda fundamental que os docentes levan repetindo ano tras ano, e por suposto de toda a comunidade educativa, pois non debemos esquecer que ao vulnerar os dereitos do profesorado estamos vulnerando tamén o dereito das nenas e dos nenos a acceder a unha educación pública da máxima calidade.

Para logralo non basta unha mera modificación lexislativa, senón que se teñen que seguir contratando mestres e mestras. Faltan máis de trinta e cinco mil mestres e mestras de educación infantil e primaria en todo o Estado e máis de trece mil profesionais de educación secundaria. En total, terían que contratarse máis de corenta e oito mil docentes das ensinanzas obrigatorias para recuperar todo o que nos quitaron.

Gustaríanos engadir, ademais, que a contratación de todos os docentes ten que servir tamén, por suposto, para rexuvenecer o profesorado galego. A OCDE recomenda que haxa un profesor menor de trinta anos por cada dous maiores de cincuenta anos. ¿Como é a situación actualmente? Pois a porcentaxe é de un de cada sete docentes. Isto podería facerse eliminando voluntariamente, sen prexuízo, unha parte da carga lectiva do profesorado de máis de cincuenta e cinco anos e substituíndo algunhas das súas horas lectivas por horas complementarias.

Así as cousas, estamos a favor da iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista, que —insistimos— terá que complementarse con medias máis ambiciosas que permitan garantir a calidade e a continuidade da educación pública no país. Nesas medidas a nós encontrarannos sempre para seguir sumando.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo autor da moción, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Antes de nada, quixera agradecer o apoio dos grupos do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea a esta moción que presentamos.



Señor Fernández Gil, ao remate da súa intervención falou vostede de determinados indicadores que sitúan o sistema educativo galego como un dos mellores do Estado, cousa coa que sabe que eu non discrepo. Falou vostede da taxa de abandono escolar, e lembre vostede —que o lembra seguro— que enarborou ese argumento como bandeira a señora conselleira. Eu díxenlle que xa cando gobernaba o Bipartito esa taxa era inferior á media estatal; dato que, evidentemente, ela non contradixo porque era certo. Polo tanto, todos, todos contribuímos a esa mellora.

Falou vostede da equidade etc. Pola tarde teremos ocasión de falar nunha proposición non de lei, entre outros aspectos, destes aos que vostede fixo referencia.

E con respecto ao que eu dicía de que algún grupo ía defender a necesidade de que se dotase de orzamento necesario esta medida, chámeme visionario, se quere, pero era evidente que esa era a orientación da súa emenda. Un marco adecuado e suficiente de financiamento que está —todos sabemos ler, todos sabemos consultar un BOE, ademais no caso desta lei ata é pequeniña, son dúas páxinas, tampouco fai falta dedicar demasiado esforzo intelectual, polo menos, para entender o que pon alí— na disposición final primeira, apartado segundo.

E ¿como non?, saíu o Pacto de educación. Xa lle dixen: podemos facer un monográfico cando queira porque, á parte de que quen non dotou orzamentariamente esa modificación que se pretendía facer nese pacto de Estado foi o Partido Popular, foron uns auténticos especialistas no filibusterismo de andar cambiando entre subcomisións a análise de determinadas problemáticas para que esa comisión non avanzase de forma suficientemente eficaz; e iso sábeo vostede. *(Aplausos.)*

Pero vaime permitir unha pregunta adicional: se para a implementación desta medida que propoñemos era necesario un orzamento suficiente, ¿quen votou en contra dos orzamentos do Estado do ano 2019? ¿O Partido Popular, entre outros? Creo que recordará vostede que si.

E melloran sempre a súa argumentación con iso de «eu invito e ti pagas», e aquí sabe vostede que quen invitou foi a Consellería de Educación e os que pagaron foron os docentes co seu incremento horario.

E mire: a imaxe distorsionada non a dan os gráficos, porque os gráficos reflicten de forma certa a realidade numérica de determinados indicadores. E cando eu digo que isto é a realidade do que está orzado (*O señor Álvarez Martínez amósalle á Cámara un folio cuns gráficos.*), e o que está na práctica desenvolvendo a actividade lectiva nos centros da nosa comunidade autónoma é o que é. E se hai unha redución de mil catrocentos docentes entre o ano 2010 e o ano 2018, e resulta que os seus propios orzamentos soportan mil cen máis, pouco financiamento adicional require por parte do Estado recuperar eses horarios.

Polo tanto, é unha cuestión de vontade política; vontade política na que parece que non imos atopar o Partido Popular, esta vez como noutras, no que se refire á mellora do sistema educativo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.



Sobre a emenda: non a acepta, entendo.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Non; entende vostede perfectamente.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Eva Solla Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir á parte resolutiva, no punto 1º, o seguinte texto:*

*«...de tal forma que os centros de saúde contén con profesionais no seu plantel segundo as ratios recomendadas pola OMS, de tal xeito que nos casos nos que as ratios sexan menores ás recomendadas, habrá unha profesional de referencia o máis preto posible.»*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir á parte resolutiva un novo punto co seguinte texto:*

*«4º. Acondicionar ás Unidades de Fisioterapia en Atención Primaria que o precisen, para a abordaxe da cronicidade e dos problemas derivados do envellecemento mediante exercicio terapéutico.»*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Bos días de novo.

Grazas, presidente.

Plantexamos hoxe esta moción, a verdade é que despois dun debate menos frutífero do que podía ser obxecto na interpelación pasada, pero houbo algunha cuestión que foi de interese e que hoxe quixeríamos concretar, se é posible. Aínda que, vista a inconcreción —obviamente, voluntaria— do debate pasado, non parece que vaiamos conseguir ningunha cuestión.

Dende o noso punto de vista, o debate plantéxase nos mesmos termos e no mesmo esquema, para ver cales son as nosas propostas concretas. Hai tres cuestións que, sobre este debate, nós quixeríamos plantexar.





Unha, que é unha cuestión numérica de profesionais. Xa saben vostedes que temos esa teima con que faltan profesionais no sistema de saúde. Faltan, faltan moitos e moitas profesionais no sistema de saúde e tamén, obviamente, no caso da fisioterapia.

En segundo lugar, unha cuestión que ten que ver con isto tan manido do modelo: «reformular o modelo» é unha expresión moi utilizada, pero, ao final, reformular o modelo, se un dá voltas para acabar no mesmo lugar, é dar voltas, pero non é reformular nada. Nós o que plantexamos si é algunha cuestión que pode ir encamiñada neste sentido, e o caso da fisioterapia permite, claramente, traballar nesa liña.

E, en terceiro lugar, unha cuestión que parece menor, pero que, dende un punto de vista simbólico, tamén é bastante importante e, ademais, en realidade, non é menor para o exercicio da profesión e para a calidade asistencial: a guía de fisioterapia, que está perdida nalgún lugar, nalgún espazo dalgún sitio da consellería, ou igual perdida entre afogamentos dalgunhas documentacións que milagrosamente se perden cada certo tempo por parte do Sergas.

Sobre a cuestión do déficit de profesionais, deberá haber algún acordo en que hai un déficit —aínda que normalmente non—, porque se aproveitou aquí a interpelación pasada para anunciar, por parte do conselleiro, que se ían convocar novas prazas para fisioterapia no Sergas; polo tanto, é razoable, chegamos a un acordo. Ninguén por parte do PP menciona nunca que hai déficit, pero ás veces utilízanse algunhas intervencións para anunciar que vai haber novas prazas; entendemos que, dende un punto de vista da lóxica da xestión, se convocan prazas cando hai necesidade delas. Polo tanto, agradecemos que acorden con nós que hai un déficit de prazas.

Iso si, anunciáronse as prazas ao modo PP: anunciamos as prazas; agora, dotación orzamentaria xa veremos, e o número de prazas concretas que anunciamos, iso xa, se tal, o imos vendo. Porque, ao final, anunciaron que ía haber algunhas prazas, pero dixo explicitamente: non lle vou dicir cantas, como se fose un segredo. Imos anunciar prazas; a ver se as adiviñan, non lles vou contar cantas.

Ben, nós plantexamos algo un pouco máis serio, que é tratar de facer unha análise sobre algo concreto para decidir, plantexar ou intentar acordar cantas serían razoables; non necesarias, que son máis, senón razoables, que sempre son menos das necesarias, dada a política de recortes do Partido Popular. Son moitos anos acumulando e non podemos resolver dun día para outro.

¿Cal é a nosa proposta? Pois ten que ver co historial de prazas convocadas nestes últimos anos. Sei que o plantexei aquí no debate pasado e que suscitou algunha certa polémica, pero ímoloo repetir, porque é interesante. No último ano —os últimos orzamentos, a última convocatoria— do Goberno que presidía Emilio Pérez Touriño, nun ano, cincuenta e catro prazas para fisioterapia; cincuenta e catro, convocatoria do 2009. En 2010: cero, en 2011: cero, en 2012: cero, en 2013: cero, en 2014: cero, e en 2015: once. Polo tanto, tantas convocatorias para once prazas. Xa debía de estar limitado o tema, que entón, en 2016: cero, en 2017: cero, en 2018: cero, e houbo setenta e unha na última convocatoria; bo dato, indubidablemente,



como xa plantexamos. É certo que o número de interinos no sistema é moito maior que esas setenta e unha; o que nós plantexamos entón é que estamos asumindo que, como moito, imos estabilizar algunhas prazas, que é unha boa medida, pero a realidade é que novas prazas non existirán.

¿Que é o que plantexamos? Existen hoxe en atención primaria cento cincuenta e nove prazas de fisioterapia; dende o noso punto de vista é razoable incrementalas. ¿Deberíamos incrementar bastantes? Si. ¿É posible? É máis difícil. Polo tanto, non asumimos que debamos de pedir todo porque si, gratis e en calquera momento. ¿Que plantexamos? Incrementar o cincuenta por cento en tres anos. ¿Por que o cincuenta por cento? Estamos abertos a calquera tipo de proposta, pero parécenos que é razoable que a fisioterapia, tendo tan pouco número como ten, deba ter o cincuenta por cento. E en tres anos —facendo números—, oitenta prazas en tres anos non é excesivamente complicado. Xa sei que para cadrar as contas é difícil; se todo un goberno é capaz de chamarlle superávit ao que non é superávit, igual lles vai costar sacar oitenta prazas ben sacadas. Pero oitenta prazas en tres anos non é excesivamente complicado; é posible e, se non o fan, é porque non queren.

A ver se ese anuncio do conselleiro, de «imos convocar prazas pero non imos dicir cantas», pode ir nese sentido, e, se vai nese sentido, a ver se somos capaces de votar todos a favor e non nos encontramos con isto de que votan en contra —aínda que o van facer— porque a proposta é doutro grupo. Aínda que despois acaban dándonos a razón sempre, pero parece que hai unha especie de impedimento moral a votar algo que veña doutro grupo. A ver se somos capaces de superar isto.

En definitiva, a nosa proposta está aí. É posible, son oitenta prazas en tres anos e cremos que, polo menos, imos avanzando. Déixolles outro dato máis: temos en Galicia un fisioterapeuta ou unha fisioterapeuta por cada dezasete mil habitantes. Na área de Vigo, un cada vinte e catro mil; máis ou menos hai a proporción de votos que ten o PP en Vigo, aproximadamente. O que nós propoñemos é que exista, polo menos, unha tendencia a achegarse á media da Organización Mundial da Saúde, que non é posible chegar a ela inmediatamente, pero que é un cada tres mil. Estamos seis veces peor en Galicia do que di a Organización Mundial da Saúde. Si, xa sei: hai outras comunidades que están peor, pero xa ven, isto da política é curioso, e hai que intentar compararse cos que están ben, non cos que están mal. Porque se un se compara cos que están mal, entón acaba facendo política para empeorar, e entendemos que ese non é o obxectivo. Polo tanto, intentemos crecer; esa é a nosa proposta.

Segunda cuestión: axeitar as funcións á capacitación, e isto ten que ver co global do modelo. Vostedes veñen falando de reformular o modelo de atención primaria dende hai tempo. Reformular o modelo, reformular o modelo e reformular o modelo, e a realidade é que aínda non propuxeron nada sobre cambiar as funcións dos profesionais.

¿Nós que propoñemos? Que hai que abrir as funcións e as posibilidades que teñen os profesionais. Vostedes están a reducilas. Sexamos claros: vostedes, dende o Goberno de España, reducíronlles funcións a enfermeiras e enfermeiros. ¿Lembran aquel decreto de prescrición de enfermería? Vostedes limitaron que as enfermeiras puideran facer un traballo que estaban facendo, colapsáronlles e paralizáronlles o traballo para que tivesen que facelo os médicos



e médicas e colapsaron o funcionamento dos equipos. Por tanto, o sistema é máis lento. Se unicamente se van fiar vostedes dos médicos ou das médicas, ¿por que teñen os outros profesionais?, ¿como meros axudantes? Son profesionais moi capacitados; formamos grandísimos profesionais e hai que darlles espazo para traballar. Ademais, todo o equipo vai colaborar e vai entender mellor ese sistema, porque así o transmiten os profesionais.

Falaba o señor conselleiro de camiñar cara a ese concepto de equipo de cabeceira: estamos de acordo, pero hai que facelo dunha maneira efectiva. ¿Que significa iso? Significa que todos os profesionais de atención primaria teñen unhas capacitacións que non están desenvolvendo correctamente, e prodúcese un efecto embudo na entrada a través de médicos e médicas. Estámolos saturando; incluso unha cantidade enorme do seu traballo está destinada a cuestións burocráticas e de papelame, e ao final estamos saturando, sobre eles, todo o sistema. Ademais, vostedes despois —xa saben— teñen sentenzas que lles din que os médicos están saturados e que demandan o Sergas por saturación, e van vostedes e quéixanselles. Estamos perdendo cartos pola súa incapacidade de xestionar ben; xa saben que hai sentenzas nese sentido e a verdade é que ten pinta de que vai haber moitas máis.

Polo tanto, sexan sensatos: amplíemos a capacidade que teñen os profesionais. Neste caso, os fisioterapeutas en Galicia teñen un espazo de traballo amplísimo en cuestións de mobilidade e en cuestións de patoloxías musculoesqueléticas, porque teñen unha capacitación aí enorme. Deámoslles esas oportunidades; esa é a nosa segunda proposta, que camiñemos nese sentido.

Terceira proposta: a publicación, en dous meses, da guía de fisioterapia. Para recompoñer a situación: vostedes, dende o Goberno, encargaron... (*Murmurios*) ...ou colaboraban —pero colaboraban significaba que traballaban os demais— co Colexio de Fisioterapeutas, pero encargáronlle que fixeran eles unha guía, co compromiso de que, se estaba entregada en 2017, vostedes a difundirían e publicarían en 2018. Entregárona, e, dende que a entregaron, desapareceu. Claro, había un problema: esa guía o que dicía é que facían falta máis profesionais, que facían falta maiores espazos e que era necesario integralos en maior medida ou de maneira máis potente nos equipos de traballo de atención primaria. E vostedes dicíanlle que si a todo. Seguramente dixeron aquilo de «xa se está traballando niso»; «*estamos trabajando en ello*», que dicía Aznar. Vostedes traballan moito nas cousas, pero logo non as fan nunca; a verdade é que é complicado iso. (*Aplausos.*)

A guía, en realidade, non se desenvolveu nunca, e nós preguntámonos onde está. O conselleiro deu unha pista: estamos adaptándoa ao novo modelo. Levan un ano e medio cunha guía parada e agora están adaptándoa ao novo modelo; cando a vaian publicar imos ter xa outro modelo distinto. Publiquen a guía, que xa a teñen, e, se acaso, incluso, se é posible, fáganlle caso, que é bastante máis produtivo. Non a difundiron porque os deixaba mal, e vostedes queren dar palmadiñas na espalda aos profesionais e dicirlles que os atenden moito, pero logo, de facer, nada.

Menos flores e máis capítulo I, que é moito máis interesante; menos flores e máis desenvolvemento normativo, e menos flores e máis atender realmente o que piden os profesionais



e desenvolver o que eles piden, porque, ao facer así, teremos unha capacidade de ter un sistema sanitario moito máis produtivo e mellor asistencialmente.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Efectivamente, non é tarefa doada ser fisioterapeuta no noso país. En xeral, todas as profesións sanitarias teñen moitas dificultades para poder levar adiante o seu traballo e o seu desempeño profesional en condicións óptimas de calidade, pero no caso da fisioterapia, como ben se acaba de describir e xa debatemos noutras ocasións tamén na Comisión de Sanidade, os efectivos dentro do Servizo Galego de Saúde son francamente exiguos e non chegan para cubrir as necesidades dunha poboación de 2,7 millóns de habitantes. Lembremos: cento cincuenta e nove fisioterapeutas para 2,7 millóns de habitantes; é obvio que é absolutamente insuficiente.

Tampouco na privada, porque, aínda que non sexa o elemento central do debate hoxe aquí, hai que lembrar que hai xa dez meses —no mes de xullo— defendemos aquí —de feito, fíxeno eu mesma— unha proposición de lei do noso grupo, a primeira proposición de lei —porque en Galicia non existiu ata o de agora— para regular a publicidade sanitaria. Votouse en contra por parte do Partido Popular. Non hai, dez meses despois, nin unha soa medida por parte do Goberno nin do grupo parlamentario que votou en contra para loitar contra o intrusismo profesional. Porque precisamente a profesión da fisioterapia é unha das profesións que máis están afectadas —xunto aos podólogos e podólogas e a outras profesións sanitarias— polo intrusismo profesional en materia de profesións sanitarias. Polo tanto, non é un país no que sexa fácil desenvolver as capacidades profesionais deste colectivo, nin na pública nin na privada.

No que nos atinxe, no que ten que ver coa pública, presenta o Partido Socialista unha moción cun contido moi semellante á proposición non de lei que debatemos de xeito relativamente recente na Comisión 5ª, de Sanidade; polo tanto, o noso grupo plantexa a mesma emenda: eliminamos o último punto, e agora explicaremos por que. Pero coincidimos no global da iniciativa que se presenta.

No que ten que ver co plan e coa solicitude desa información desa guía de actuación de fisioterapia na atención primaria, o noso grupo preguntou por esta cuestión e fomos respondidos por parte da Consellería de Sanidade xa a principios deste mesmo ano. Evidentemente, como xa se coñece, esa guía non existe porque a Consellería non a publicou, despois de que os profesionais fixeran un traballo importante para que se puidera levar a cabo.

Nos dous puntos que teñen que ver cos profesionais dentro do sistema público, parece bastante claro, polos datos que trasladou o propoñente e os que acabo de dar eu mesma —que



coinciden en relación co número de prazas para a poboación que temos neste momento—, que unha ratio sensiblemente inferior á recomendada pola Organización Mundial da Saúde non favorece a atención temperá en materia de atención de fisioterapia no noso país.

Isto ten un elemento moi importante e unha incidencia clave na recuperación daquelas enfermidades profesionais e daqueles accidentes laborais que están relacionados coa causa de baixas en materia de emprego, pero tamén das persoas maiores, que teñen unha peor recuperación funcional. Non se entende o servizo e a atención de fisioterapia como un elemento importante dentro da nosa sanidade pública, e a consecuencia que ten isto é o traslado á privada; é bastante evidente.

Na comisión —e vouno facer outra vez— puxemos un par de exemplos de centros de saúde novos, recentemente construídos —deses que agora importa tanto facer a correr porque hai que facer anuncios electorais na campaña das municipais— que se abriron sen persoal suficiente: temos o centro, por exemplo, de Marín e temos o centro do Temple, en Cambre. Estivémolos visitando —hai moitos máis, pero eu estiven alí falando cos profesionais— e hai lista de agarda neses centros, en parte, tamén, polo que imos falar agora —e vouno facer brevemente porque non me queda moito tempo— de como se articulan as derivacións por parte dos profesionais de medicina, porque para a primeira consulta pasa moito tempo e para as seguintes e sucesivas moitísimo máis. Así é imposible dar a atención temperá, dende logo, e unha atención correcta que se manteña de maneira estable ata a recuperación total ou, polo menos, o mantemento das capacidades musculoesqueléticas das persoas; tamén no caso das persoas maiores, que necesitan tamén mantemento.

Polo tanto, existe esa necesidade de incremento de prazas. Nós plantexamos esa emenda que condicione non só a ratio da OMS —á que, por suposto, non se pode chegar nunha anualidade—, senón que, nos casos de que as ratios sexa menores ás recomendadas, mentres se establece ese incremento de persoal, exista un profesional de referencia o máis preto posible, porque temos un problema na equidade do acceso a un servizo que é básico, aínda que pareza que por parte da Consellería non se entenda como tal.

O seguinte punto —e remato, porque non me queda tempo—, acondicionar as unidades de fisioterapia en atención primaria que o precisen para a abordaxe da cronicidade e dos problemas derivados do envellecemento mediante o exercicio terapéutico, é unha demanda dos profesionais. Cremos que hai elementos máis alá da propia derivación ou interconsulta en relación coa rehabilitación; hai outros elementos de mantemento que teñen que ser abordados nun marco de envellecemento da poboación no caso de Galicia.

E finalizo xa. Non plantexamos o terceiro punto porque nós temos iniciativas rexistradas que van máis alá en relación coa necesidade de que exista a posibilidade de citación; é dicir, que os profesionais teñan outro tipo de relación. Entendemos que o Partido Socialista —e xa o debamos na comisión— plantexa que se estude primeiro; polo tanto, imos respectar a iniciativa tal cal está, aínda que entendemos que hai capacidade, tanto por parte dos profesionais como do sistema público, de ir máis alá na integración dentro dos equipos multidisciplinares de atención primaria.



Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** O propio Colexio de Fisioterapeutas fixo, a finais do ano 2018, un diagnóstico da precaria situación da fisioterapia en atención primaria. Alí establecían o balance que eles e elas realizaban despois dunha primeira reunión mantida coa Consellería de Sanidade —como aquí xa se dixo—, reunión que o propio Colexio tivo que demandar, porque non foi por iniciativa da propia Consellería.

Nese balance, nese diagnóstico, eles mesmos establecían datos que se están dando aquí: o exiguo número de fisioterapeutas en atención primaria para atender unha poboación de dous millóns setecentos mil habitantes; cento cincuenta e nove fisioterapeutas que, nos últimos dez anos, soamente incrementaron en vinte e catro, dos cento trinta e cinco existentes no ano 2008 aos cento cincuenta e nove a finais do ano 2018. Claro, facendo números, dá o dato que aquí se daba: un profesional de fisioterapia por cada dezasete mil habitantes. Ben, pois que calquera faga as contas de que tipo de atención se pode prestar con estas ratios. Tamén apuntaban que hai unha derivación masiva á atención privada e consideraban que é lóxico que isto se faga así, tendo en conta esta exigua ratio e que, ademais, hai ambulatorios e centros de saúde nos que nin sequera se conta con profesionais, a pesar de existir as instalacións.

Claro, isto choca radicalmente co que dixo aquí o conselleiro de Sanidade na interpelación formulada no pleno pasado, onde dixo cousas do seguinte estilo: que non houbo máis ofertas nestes anos por culpa da crise e da taxa de reposición —e quedou tan tranquilo— e que hai que crear novas infraestruturas para que teñan onde traballar, porque non hai esas infraestruturas e, entón, non se pode dotar con máis profesionais, porque non hai onde traballar. A verdade é que fai falta valor e un pouco de desvergonza para facer ese tipo de afirmacións aquí, en sede parlamentaria.

Primeiro, as ratios son manifestamente moi mellorables, e non se convocaron prazas porque o Partido Popular non tiña na súa folla de ruta establecer a atención de fisioterapia como algo importante, prioritario e necesario na atención primaria; e logo, que diga que hai que crear infraestruturas, cando levamos traendo a este parlamento iniciativas demandando que se dote con profesionais de fisioterapia centros que si teñen as infraestruturas e non teñen persoal. Co cal, esa teórica boa intención que veu aquí manifestar o conselleiro, onde dixo tamén que pretendía acadar no ano 2020 o cinco por cento de inestabilidade, que a estabilidade estaba asegurada e que se ían crear novas prazas...

Logo, na realidade, vemos que, na mesa sectorial realizada a finais de abril e principios de maio, o Sergas comunica —que nin sequera negocia na mesa sectorial, simplemente vai e comunica— a creación nada máis e nada menos que de corenta prazas ata o ano 2021 e oito para este ano 2019. Claro, tamén podemos ir ás matemáticas: vendo cal é correlación de profesionais por poboación e estas prazas tan xenerosamente anunciadas —logo xa veremos



en que queda— polo Partido Popular no Goberno da Xunta, a este ritmo é evidente que non se vai chegar a unha ratio nin aproximada ao recomendado pola Organización Mundial da Saúde, e menos a unha ratio que permita que a poboación de Galiza teña unha atención de fisioterapia acorde cos necesidades que ten, na vida; con este número de prazas anunciadas na vida se vai chegar a unha situación de ratios normais.

¿Que nos din tamén os propios profesionais? Algo que é obvio: que unha adecuada implementación da fisioterapia no Sergas non soamente é boa para as persoas que necesitan esa atención. Sería necesario e imprescindible que se cambiase o sentido e que a fisioterapia, en vez de estar ao final do circuíto, porque as persoas que teñen algún tipo de patoloxía teñen que acudir ao médico de cabeceira, o médico de cabeceira ten que derivalos ao especialista, o especialista ten que darlles a cita, da cita ten que pedirles probas diagnósticas, das probas diagnósticas volver á cita do especialista e logo, meses despois, chegar á consulta do fisioterapeuta, sería moito mellor darlle a volta e que houbese a posibilidade de que estes profesionais estivesen de verdade integrados neses equipos multidisciplinares de atención primaria en número suficiente, para que puidesen ser derivados directamente polos médicos de familia ou, incluso, ir directamente ás propias consultas dos fisioterapeutas. ¿E por que? Reproduzo literalmente o que eles establecen: reduciría aspectos básicos como o gasto farmacolóxico, como probas complementarias, como interconsultas, como...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...cirurxías, como tempos de hospitalización...; é dicir, sería vantaxoso para todo o mundo, empezando polo que ten que ser o obxecto principal, que é a mellora da calidade asistencial que se debe prestar á poboación.

Co cal, esta moción que hoxe presenta o Partido Socialista é de mínimos, porque establece un aumento de prazas realmente mínimo para ir avanzando na dirección que, dende logo, no BNG...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...demandamos, que é que a fisioterapia ocupe un papel prioritario en atención primaria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

**A señora AMIGO DÍAZ:** Bos días, señorías.

Moitas grazas, presidente.

A nosa comunidade autónoma é pioneira na incorporación da fisioterapia á atención primaria. Levamos xa moitos anos de vantaxe sobre outras comunidades; empezamos no ano 1990



a incorporar os primeiros fisioterapeutas á atención primaria e, neste momento, traballan arredor de cento sesenta profesionais fisioterapeutas nas unidades de atención primaria.

Ben, señor Torrado, eu, antes de nada, pediríalle un pouco de coherencia. «Impedimento moral para votar propostas da oposición»: recórdolle que no anterior pleno se aprobaron, con votos do Partido Popular, catro PNL da oposición. (*Aplausos.*) Ten que ter un pouco de memoria. Claro, é que sempre é a crítica pola crítica. Hai poucas horas, aquí mesmo, criticaban a proposta que traíamos aquí de investir o superávit na sanidade, e agora din que non se pon diñeiro. Non sei, teñen que aclararse moitas cousas.

Desde logo, desde o Sergas trabállase; trabállase en medidas de mellora que permitan un modelo de atención primaria que evolucione e que dea resposta ás necesidades dos cidadáns. Somos o espello doutras comunidades que queren coñecer o modelo galego. Desde o Servizo Galego de Saúde nos últimos anos leváronse a cabo importantes medidas de mellora; por destacar algunha: OPE anuais, prolongación da idade de xubilación, concurso aberto e permanente, carreira profesional, contrato de continuidade, creación de especialidades en enfermería...

Como todos vostedes saben, para poder seguir avanzando e mellorando no modelo de atención primaria, en decembro do ano pasado iniciouse o proceso máis participativo e transparente en atención primaria, que non conta con antecedentes na nosa comunidade e posiblemente en ningunha outra, porque as medidas a adoptar para conquistar as melloras en sanidade pasan pola participación de todos: das administracións públicas, dos profesionais e tamén da cidadanía. Porque todos somos responsables de manter o que tanto tempo nos levou construír. Imponse o diálogo e as decisións compartidas.

Entre os distintos grupos de traballo contouse coa participación dos fisioterapeutas de atención primaria, nos que estiveron representados tanto a Sociedade Galega de Fisioterapeutas como o Colexio de Fisioterapeutas de Galicia, xunto cun representante de cada área sanitaria. Entre os compromisos acadados pola Consellería despois destas reunións, cabe destacar a inclusión do fisioterapeuta, de forma funcional, como un membro máis do equipo básico de atención primaria, de forma que participe nas cuestións relacionadas coa fisioterapia no centro de saúde, e o recoñecemento da autonomía do fisioterapeuta no seu desenvolvemento profesional neste nivel asistencial, sempre tendo en conta a necesaria coordinación entre as unidades de fisioterapia de atención primaria cos servizos de rehabilitación hospitalarios. Vaise crear tamén unha nova figura: un coordinador de fisioterapia de atención primaria, que disporá do tempo necesario e a correspondente diminución de carga asistencial para poder desenvolver todas as tarefas relacionadas co seu cargo.

E cabe destacar tamén a elaboración dunha nova guía de actuacións de fisioterapia en atención primaria, pedra angular e referencia escrita do desenvolvemento do novo modelo, na que se empezará a traballar a medio prazo contando cos profesionais da atención primaria. O obxectivo é acadar un documento no que se reflicta que a fisioterapia pode aportar e solucionar neste primeiro nivel asistencial e que, ademais, servirá para mellorar a súa relación profesional.





A implantación progresiva das medidas necesarias para facer posible a longo prazo o cambio de rol do fisioterapeuta en atención primaria e tamén a creación de novas prazas de fisioterapia en atención primaria no período 2019-2024 son acordos a destacar.

Polo tanto, desde o Sergas estase a traballar tomando decisións de maneira conxunta cos profesionais. Vaise promover a presenza, dentro dos servizos de atención primaria, de categorías profesionais cuxo papel resulta tamén fundamental no desenvolvemento da atención á cronicidade e o avellentamento da poboación como é a fisioterapia.

Para rematar, quero comentar algún dos compromisos adoptados polo Goberno galego para cumprir os acordos acadados no ámbito da atención primaria o pasado 8 de abril na mesa sectorial do 3 de maio: o incremento de trescentas oito novas prazas en atención primaria no período 2019-2021, entre elas, corenta de fisioterapia. Este é o compromiso, e aquí mesmo escoitamos o conselleiro de Sanidade, no anterior pleno, manter unha total colaboración cos fisioterapeutas de Galicia.

Non teñan dúbida: desde a Consellería de Sanidade sábese da importancia e do indubidable valor que aportan os profesionais de fisioterapia do Servizo Galego de Saúde, fundamentalmente no ámbito da atención á patoloxía crónica e na prevención da patoloxía musculoesquelética. Por este motivo —como lles comentei anteriormente—, a Consellería traballa a carón dos profesionais de fisioterapia para acadar acordos.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Amigo.

Grupo autor da moción, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quero agradecer o apoio que manifestaron os grupos de En Marea e do BNG sobre o apoio a iniciativa.

Aceptaremos, sen dúbida, a emenda de En Marea, que contribúe a complementar a proposta que fixemos. Sobre axeitar as funcións ás capacitacións: si, evidentemente; nós propoñemos facer un estudo non porque dubidemos en ningún caso da nosa posición nese sentido —como ben explicaba a propia propoñente—, senón para saber ou para afinar en que grado e que capacidade ten o sistema de autoorganizarse para facelo —digamos— da maneira máis completa posible, pero a liña e a nosa posición é nítida.

Agradecemos tamén a posición do BNG. Si é certo que é unha iniciativa de mínimos coa intención, de que fose aprobada, aínda que a verdade é que un, ás veces, é certamente iluso.

Está ben tamén ilusionarse con que lle van aprobar algunha iniciativa, aínda que me di a señora Amigo que aprobaron moitas. Eu estaba facendo memoria e, en sanidade, aínda non lembro cando foi a última que aprobaron. (*Aplausos.*) Pero é máis... (*Pronúncianse palabras*



*que non se perciben.*) Claro, hai que propor, si, hai que propor; invítoo a que veña a Comisión de Sanidade e que lembre cando foi a última vez que o PP propuxo algo. Creo que neste ano levan cero PNL propostas na Comisión de Sanidade. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Fago memoria: cero propostas. En fin, é certo que vostedes aprobaron algunhas cousas, pero non de sanidade.

É que mire: demandaron unha cousa do superávit, aprobouse en Madrid nun decreto, chegaron vostedes e votaron en contra. Chegaron aquí a vender o superávit —que non é superávit—, e agora que nós facilitamos ese trámite, din que nos os apoiamos. ¡Se non saben nin o que apoian!

Pero mire, lémbrolle máis —vostede que a coñece, señora Amigo—: ¿lembra cantas veces votaron en contra da hemodinámica de Lugo? E acabaron anunciándoa. Teñen un impedimento moral. Pero lémbrolle máis: ¿sabe cantas veces votaron en contra da hemodinámica vinte e catro horas en Ourense? E acaban apoiándoa, porque van acabar facéndoa.

É certo, teñen un impedimento moral en votar a favor de cuestións que plantexa a oposición en termos de sanidade. Non sei se é polo Grupo Parlamentario Popular ou polo Goberno da Xunta; non sei quen das dúas institucións ou organismos decide que se vote en contra, pero teñen ese impedimento, non o fan.

Aposta vostede, como argumento para rexeitar, que vostedes xa traballan en colaboración cos profesionais. Mire, á primeira xuntanza sobre o modelo de atención primaria o Colexio de Fisioterapeutas non o convocaron, olvidáronse. Mire se vostedes están tan pendentes da fisioterapia que se olvidaron de chamalos. Claro, ¿que fixo o Colexio de Fisioterapeutas? Na segunda, aparecer e queixarse, e vostedes: non, contamos con eles, que escoitamos cando se queixan e escoitámoslos cando se queixan de que non os convocamos. ¡Home! se iso é participar, pois a verdade... En fin.

E si, teñen unha total colaboración, os fisioterapeutas teñen a súa total colaboración: vostedes van votar en contra de aumentar as prazas. Anunciaron que o van facer; agora, anunciaron á maneira PP: ¿concreción orzamentaria?, ¡ah!; ¿número de prazas?, ¡ah!; ¿cando? ¡ah! Van convocar prazas; iso si, traemos aquí unha concreción para convocar prazas e, ao final, ¿que votan? Por impedimento moral, en contra, como sempre.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Suspendemos a sesión ata as dezaseis horas. Creo que é unha hora... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Tendo en conta que acabamos un pouco antes, eu creo que chega ben ás dezaseis horas. ¿Non chega unha hora e cuarto para comer? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Balbordo.*) A eterna discusión. Ás dezaseis.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e sete minutos da tarde e retómase ás catro e dous minutos.*

**O señor PRESIDENTE:** Boa tarde.



Reiniciamos a sesión.

**Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (doc. núm. 49578).*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:*

*– Modificar a Lei 03/2008 de Ordenación da Minería de Galicia, reforzando os principios de:*

*1. Maior protección medioambiental.*

*2. Utilización das tecnoloxías dispoñibles mais avanzadas.*

*3. Reforzo das garantías financeiras das empresas ante accidentes e procesos de restauración ambiental.*

*– Derrogar a Lei 04/2017 de Fomento de Iniciativas Empresariais de Galicia.*

*– A que teña en consideración de forma estrita as seguintes consideracións á hora de emitir os preceptivos informes, que serán previamente enviados de novo ao concello e aos axentes económicos e sociais, sobre a explotación mineira Cobre San Rafael S.L. no Concello de Touro.*

*1. Obrigación da eliminación da contaminación existente actualmente nas augas das canles que discorren polas proximidades da antiga canteira. Para iso será necesario realizar un Estudo detallado da situación actual da calidade das augas das canles procedentes da antiga canteira ou as canles cuxas augas están actualmente contaminadas polas escorrentías da antiga canteira, determinando o seu grao de contaminación. Procederase ao deseño e execución de medidas preventivas e correctoras para reducir a contaminación que actualmente rexistran as canles que rodean a antiga explotación, ata alcanzar os niveis normativos. Deberanse aplicar medidas construtivas específicas de redución da contaminación (canles perimetrais, balsas de decantación, balsas de descontaminación, etc.), así como medidas de control e seguimento da calidade das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura. das augas das canles actualmente afectadas polo antiga canteira durante o período de explotación e a longo prazo despois da súa clausura.*



2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola. 2. Estudo das captacións e conducións de auga municipais, veciñais e privadas, existentes; incluíndo neste estudo as captacións para abastecemento e as de rega agrícola.

3. Antes do inicio de calquera actuación será necesario contar coa Autorización de Vertedura do órgano de conca Augas de Galicia, para o que se deberá iniciar a súa tramitación coa suficiente antelación.

4. Un estudo detallado da posible incidencia sobre o río Ulla e os seus elementos asociados no concello de Touro.

5. Incluír un cronograma temporal de execución ou programa de obras, que estableza a secuenciación dos traballos para realizar e identificar os puntos críticos desde o punto de vista ambiental; establecendo a secuencia dos traballos, de forma que se garanta que todas as medidas ambientais de prevención estean executadas antes da realización das actuacións con potencial contaminador.

6. Incluír un Proxecto de Execución da Restauración independente onde se inclúan todos os elementos detallados ao respecto no presente informe.

7. Incluír unha prospección intensiva do ámbito do castro de Copa que determine o seu valor arqueolóxico, e estableza as medidas de protección e control sobre o mesmo, así como sobre outros elementos que poidan detectarse durante a actuación.

8. Incluír un Proxecto de Medidas Ambientais onde se describan detalladamente as medidas para aplicar.

9. Detallar o proceso de depuración das augas de vertedura durante os cinco primeiros anos, de forma que a planta de depuración incorpore os equipos necesarios para obter os niveis de calidade normativos.

10. Incluír unha canle perimetral de recollida de augas limpas, que abranga todas as concas vertentes cara ao ámbito da canteira.

11. Incluír un proxecto detallado do sistema de drenaxe que complete os posibles erros detectados nos documentos do proxecto.

12. Incluír un sistema perimetral de recollida das augas xeradas no interior da explotación.

13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior. 13. Incluír un proxecto autorizado por Augas de Galicia onde se detalle o desvío das canles Rego de Burgos e Rego de Pucheiras; proxecto que garanta que estas canles non se verán afectadas pola auga de escorrentía interior.

14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade. 14. Incluír un plan de monitoreo e control das instalacións e



*das augas subterráneas. Este plan deberá abarcar os 15-20 anos posteriores á clausura da canteira, para permitir a avaliación da eficacia do selado e desmantelado da actividade.*

*15. Incluir un estudo de maior profundidade sobre as medidas de seguridade que se poderían adoptar para prever o risco de falla dos muros principais das instalacións de residuos.*

*16. Incluir a definición detallada das medidas preventivas e correctoras asociadas ás distintas instalacións auxiliares da nova explotación.*

*17. Realizar o estudo de avaliación ambiental específico da liña de subministración eléctrica.*

*18. Incluir unha xustificación do emprego das mellores técnicas de proceso dispoñibles, boas prácticas ambientais, así como un programa de aforro enerxético, de consumo de auga e do consumo doutros recursos naturais.*

*19. Incluir unha avaliación paisaxística específica do depósito temporal de estériles.*

*20. Incluir un Proxecto de Abandono da Explotación, onde se planifique a demolición de todos os elementos estruturais que non vaian prestar servizo con posterioridade ao peche da canteira, incluídas as cimentacións das instalacións.*

*21. Incluir un Plan de Vixilancia Ambiental detallado, segundo os contidos establecidos no propio Informe.*

*22. Incluir no proxecto a contía das garantías financeiras, detallando a que responde o cumprimento das obrigas de financiamento e viabilidade dos traballo mineiros, e a outra, que responderá o cumprimento do plan de restauración ambiental. Así mesmo, dar a coñecer cal é a constitución das mencionadas garantías (depósitos en entidades financeiras, bonos, avais etc...).*

*23. Incluir no proxecto un detallado plan de avaliación de riscos derivados dos labores de explotación e especialmente da xestión dos residuos xerados pola explotación mineira, para así determinar o máis axeitadamente posible, polo órgano competente, a contía que terá que cubrir o seguro de responsabilidade civil.*

*24. Planificar desde o inicio da explotación mineira, o futuro social e económico dos concellos afectados, desenvolvendo novas actuacións de formación axeitadas que permitan unha reconversión profesional o máis doada posible; así como estratexias de diversificación económica, aproveitando os ingresos procedentes das actividades mineiras.>>).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Boa tarde a todas e a todos.

Presentamos unha moción de catro puntos. No primeiro deles pedimos o cesamento do director xeral de Enerxía e Minas, Bernardo Tahoces; non pola súa situación xudicial de imputado por un presunto delito de prevaricación ambiental, non porque xa lle admitiran a



trámite unha denuncia do colectivo ContraMINAcción por obstaculización do acceso á información, non porque vaia haber máis casos e novidades xudiciais respecto do señor Tahoces, non porque xa houbera unha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que anulou a resolución do señor Tahoces que lles impedía aos veciños e veciñas de Corcoesto acceder á información. Non, non é pola súa situación xudicial, senón polos feitos que se describen en cada un dos casos de investigación xudicial abertos como responsable dunhas políticas do sector mineiro tolerantes coa agresión ao medio ambiente, á saúde das persoas e contrario ao interese xeral.

Como exemplo deste modelo, do que el é responsable, están, entre outras cousas, os feitos que se xulgan no xulgado de Noia, que falan da xestión acerca das minas de San Fins, e que, como xa dixeran, non son excepción senón a norma. Xúlgase a inacción da Administración autonómica fronte a décadas de contaminación impune e recoñecida por Augas de Galicia. Xúlgase a exoneración á empresa por parte da Xunta de facer o estudo de impacto ambiental, que fora exixido polo Bipartito para a reapertura e transmisión dos dereitos mineiros. Xúlganse as facilidades dadas á empresa na súa solicitude de autorización de vertedura de 1 millón de metros cúbicos de augas das balsas e galerías da antiga mina. E xúlgase a actuación da Dirección Xeral de Enerxía e Minas en relación coas balsas abandonadas, que supoñen unha ameaza para o medio ambiente, xa que poden colapsar en calquera momento e causar un grave dano ambiental.

Neste caso, o señor Tahoces está axudando a empresa a demostrar que esas balsas non pertencen á explotación mineira, para que teñamos todos e todas que pagar, cos impostos e co diñeiro público, a restauración e o aseguramento destas balsas, o que tería que facer, por outra banda, a empresa.

E dicimos que este caso non é a excepción senón a norma porque algo semellante ocorre en Touro, en Monte Neme, en Santa Comba, nas louseiras de Valdeorras, lugares onde se privatizan os beneficios e se externalizan os pasivos ambientais, os custos ambientais, que temos que pagar todos.

En Touro foi a propia Augas de Galicia a que certificou, hai case un ano, que todos os ríos da contorna da mina están xa contaminados, baseándose nos datos das analíticas realizadas en todos os puntos de control. Aínda así, o Partido Popular segue a defender a reapertura da mina cun megaproxecto incompatible coa seguridade ambiental, coa saúde e coa vida económica polifuncional e sostible.

A Xunta de Galicia porfía en apoiar un proxecto que colocará dúas balsas de enormes dimensións a poucos metros dos núcleos de poboación; unha balsa de lodos de 125 hectáreas —3,2 quilómetros por 81 metros de alto— e outra de 95 hectáreas —de 2,8 quilómetros de longo, e de 55 a 74 metros de altura—; unhas dimensións enormes, moito máis grandes que, por exemplo, a balsa que causou o drama humano en Brasil, en Brumadinho. A propia documentación do proxecto admite un risco alto de falla, e a consecuencia da falla serían vidas humanas e un drama medioambiental que chegaría mesmo ata a ría de Arousa. E se non hai falla, case seguro que haberá filtracións, como as que houbo nos últimos trinta anos en Touro, que contaminen para os vindeiros cen anos todos os acuíferos. E, como saberemos,



a empresa non estará aí para restaurar, para vixiar nin para previr a contaminación. Será con diñeiro público, como se está facendo agora.

Xa hai pouco que a conselleira de Medio Ambiente, a señora Ánxeles Vázquez, asinou un convenio co alcalde do Partido Popular de Touro, de 60.000 euros, para tratar de arranxar as desfeitas da empresa; 60.000 euros para tratar de arranxar a contaminación e os desbordamentos provocados pola actividade mineira. É o conto de sempre, os beneficios lévaos a empresa e os custos pagámolos nós.

Por iso pedimos, entre outras cousas, a dimisión do señor Tahoces. Tamén porque non cumpre en ningún lugar nin fai cumprir a lei, senón que é colaborador activo das empresas que contaminan. E, en cambio, persegue e obstaculiza o labor dos colectivos que queren defender o país. Por iso a admisión a tramite do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia desa demanda por obstaculización no acceso á información. Igual que a admisión a trámite na ONU, tamén por incumprimento do Convenio de Aarhus.

Tamén pedimos na nosa moción un cambio de modelo nas políticas mineiras. Vou ler unha parte dun artigo onde se denuncia o vergonzoso adoutramento que fai a Xunta de Galicia nos colexios galegos para defender o que se coñece como «minaría sostible de Galicia», que non é outra que adoutrinar os nenos para defender o negocio de determinadas empresas. Escribe Julia Barbosa, unha membra da Plataforma Mina de Touro-O Pino NON: «Se entendemos que a función social da minaría se exprese na utilización social dos seus recursos, é imprescindible e estratéxica. Pero precisamente por iso, porque é un recurso necesario e limitado, e moito máis na actualidade, é polo que a súa extracción e finalidade non debe de servir para alimentar unha demanda externa de produción ilimitada que satisfaga a dinámica consumista e voraz que está superando os límites físicos do planeta. Os minerais son recursos finitos. Non é posible a súa extracción en condicións de sostibilidade, pois, unha vez que se extraen, esgótanse. Por iso, e máis agora que temos a urxencia de transitar cara a outro modelo enerxético, faise ineludible garantir a dispoñibilidade e uso destes recursos para as necesidades estratéxicas que estes cambios nos poidan deparar, tanto no momento actual como no futuro que habitarán outras xeracións.»

Tamén di, doutro dos argumentos expresados para defender esta actividade: «Arguméntase tamén que aporta valor ás comarcas nas que se instala, axudando a fixar poboación no territorio. Esta afirmación non ten en conta os números. Se analizamos os datos demográficos que fan referencia aos vinte anos que, por exemplo, estivo aberta a mina de Touro, a perda de poboación nestes concellos foi moito máis acusada —perdendo o 23 % de poboación no concello do Pino e 24,5 % no de Touro— que nos anos seguintes nos que a mina xa estaba pechada. E esta tendencia é similar noutros concellos que tamén tiveron minas a ceo aberto, como Belmonte de Miranda, porque, se non hai un modelo de explotación sostible, este tipo de minaría non é compatible con outro tipo de actividades económicas sostibles, como pode ser a gandería, o turismo, etc., que son ademais incompatibles coa actividade da minaría a ceo aberto».

Ben, por outra banda, solicitamos o cambio de modelo. Solicitamos tamén, que se lle dea carpetazo xa ao proxecto de reapertura da mina de Touro. Xa hai máis de dous anos que se



comezou co procedemento deste proxecto. Hai dous anos que se lle leva dando á empresa oportunidades de demostrar o indemostrable, de demostrar que este proxecto é viable e que é unha actividade sostible.

Pero dicimos máis, e preguntámoslle algo moi sinxelo ao conselleiro que non soubo con-  
testar. No artigo 33 da Lei 21/2013 —Trámites e prazos—, o punto 4 di: «A análise técnica do expediente de impacto ambiental e a formulación da declaración de impacto ambiental realizaranse no prazo de catro meses, contados desde a recepción completa do expediente de impacto ambiental. Este prazo poderá prorrogarse por dous meses adicionais debido a razóns xustificadas debidamente motivadas».

Este último prazo para análise técnica e a declaración de impacto ambiental comezou a con-  
tar en outubro do 2018. O 21 de febreiro a empresa Cobres San Rafael presentou a petición de suspensión do procedemento de avaliación ambiental; a cuarta petición, e por catro meses desta vez. Preguntámoslle ao conselleiro se se lle autorizou esta suspensión do procedemento, e non obtivemos resposta. Pois é moi importante. Se a Xunta de Galicia non autorizou esta suspensión solicitada por Cobres San Rafael, hai que decretar a caducidade. E, se non é así e lla autorizaron, pois déronlle a enésima oportunidade *in extremis* para que aínda teñan oportunidade de demostrar iso que non se pode demostrar: que isto é compatible coa vida das persoas, con non poñer en risco a vida das persoas, e que é compatible coas actividades económicas que se desenvolven na zona.

Polo tanto, pedimos que decreten a caducidade do proxecto, ou que lle dean carpetazo a esta aberración. A dicotomía non é entre desenvolvemento económico ou non. Ao contrario, é entre unha actividade económica sostible ou un modelo depredador que crea pouca riqueza e pouco emprego.

Quérennos facer crer, os señores e señoras do Partido Popular, que, para que haxa desenvolvemento económico no rural deste país, a maioría temos que pagarlles as desfeitas a uns poucos, ás transnacionais que buscan os beneficios a curto prazo. É ao contrario, o seu modelo destrúe emprego e destrúe futuro. O modelo que defenden miles de persoas, como se viu nas rúas de Compostela, é o da coexistencia da economía produtiva e sostible no noso territorio. Os beneficios dunha empresa chipriota non pagan os prexuízos á gandería, ao turismo, ao marisqueo, á pesca, etc.

Propoñemos tamén derrogar a «lei de depredación», a Lei 4/2017, de fomento de iniciativas empresariais, que se nos vendeu coma unha panacea contra a deslocalización de empresas e para a fixación de capital estranxeiro en Galicia. E ben, en 2018 temos os datos. E lonxe de revelar unha leve melloría, mostran un retroceso. Galicia captou, no primeiro semestre do ano...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...32,6 millóns de euros, un 33 % menos do que xa captara no mesmo período do ano anterior, nun ano no que o Estado español foi récord no incremento de captación de investimento estranxeiro. E iso é o que demostra o que xa viñamos dicindo,





que esta lei non se fixo para evitar a deslocalización e para captar esforzo investidor estranxeiro, senón para facilitarlles, entre outras cousas, ás empresas eléctricas e mineiras o seu futuro, facerlles unha lei á carta e ademais dun xeito antidemocrático, como foi o que se fixo. E os datos están aí.

Por iso pedimos estes catro puntos: o cesamento do director xeral de Enerxía e Minas, o cambio de modelo nas políticas mineiras, a caducidade ou o carpetazo á mina de Touro e a derogación da «lei de depredación».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Ben, esta mañá o conselleiro de Facenda e os voceiros do Partido Popular faláron da inestabilidade política e do nerviosos que estabamos os outros grupos políticos desta Cámara, supoño que polos resultados das últimas eleccións xerais. A verdade é que eu creo que nerviosos están basicamente eles, porque, con permiso de Xulio Verne, esta infinita viaxe ao centro da caverna que non acaba de facer o Partido Popular, e que os levou a eses 66 escanos en Madrid, en fin, eu creo que os ten, insisto, bastante nerviosos. Hoxe mesmo había un titular sobre que van buscar —desesperadamente, poño eu— todos os votos daqueles votantes de Vox arrependidos. A verdade é que é unha curiosa forma de ir cara ao centro.

Falamos de emprego nesta iniciativa, e, efectivamente, tamén o conselleiro de Facenda, facendo gala do rigor habitual ao que nos ten acostumados, nos dixo que o mercado laboral melloraba en Galicia máis que no conxunto de España. E eu volvo insistir nos datos. Sei que son un pouco pesado na cuestión, pero, como son de onte mesmo, pois convén recordalos. As afiliacións á Seguridade Social medraron en Galicia un 2,14 % no último ano, e medraron en España un 2,95 %. Polo menos no sistema de xeometría e cálculo que eu estudei, 2,95 é máis que 2,14. A ocupación, na EPA, en España aumentou no último ano tamén un 3,1 %; e, en Galicia, o 2,9 %.

Eu creo que conviría —e repíto, sobre todo, para que quede en acta, para que conste nas actas do Parlamento— un mínimo rigor cuantitativo á hora de falar, especialmente de cuestións que son claramente obxectivas. E a verdade é que, se non é rigoroso o conselleiro de Facenda, como dicía a miña abuela, *Dios nos libre*. E, efectivamente, así vai a cuestión.

Eu quero tocar tres puntos nesta iniciativa. O primeiro, dirixido ao autor da moción. Hai unha entrevista a un economista, que foi o autor do plan de transición enerxética do grupo político Podemos no ano 2015, no que se lle pregunta polo papel da minaría e de onde procederán os materiais para a nosa futura enerxía limpa, baterías, muíños de vento, paneis solares etc. E



contesta —contesta eu creo que cun bo sentido da realidade—: «Por suposto necesitamos unha ampla gama de materiais para construír un sistema de enerxía limpo. O requirimento da extracción é un problema, pero non é o problema de primeira orde dentro da transición enerxética. Dende o meu punto de vista, a condición de que poidamos eliminar as emisións de gases de efecto invernadoiro, o verdadeiro problema do planeta neste momento, é involucrarnos doutra maneira na actividade da extracción mineira, de forma que sexa menos disruptiva ambientalmente». E este mesmo sábado, no diario *Público*, de Lisboa, aparecen as decisións tomadas polo goberno dese país —presidido por un socialista e apoiado polo Bloco de Esquerda e polo Partido Comunista Portugués— sobre as condicións que se lles poñen ás empresas neste momento que buscan ou que están avaliando a existencia de minas de litio no norte portugués. Eu creo que convén, efectivamente, digamos, adecuarse á realidade económica do planeta. Por suposto que o consumo infinito non leva a ningunha parte. Pero, desde logo, é imprescindible garantir aquelas materias primas que son necesarias.

Este grupo non cuestiona, por suposto, a minaría nin a industria —dígoo para que a intervención do Partido Popular aforre xa esa parte—. Quen máis dano lle fai á minaría nesta comunidade autónoma é a dereita. Faille dano o señor Feijóo cando di, como o outro día, que a concesión de San Fins foi concedida —valla a redundancia— polo Goberno bipartito. ¡Nada!, un desfase de aproximadamente cento trinta anos. Pero tendo en conta o seu rigor... Foi en 1883, que é cando os ingleses viñeron buscar volframio. En fin, son estes pequenos detalles de historia económica que é evidente que o señor Feijóo descoñece.

E logo está o problema do control medioambiental, que é un problema importantísimo. Indubidablemente, en Touro temos un caso manifesto... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Temos un caso manifesto do que é a deixación de funcións da Xunta de Galicia en todo o que ten que ser o control de zonas degradadas medioambientalmente polas razóns que sexan. E, claro, a restauración de espazos degradados, que é unha partida orzamentaria concreta, ten unha execución nos dous últimos anos dun 22 %.

A verdade é que tivo sorte o Concello de Touro con ese convenio de 70.000 euros, porque a verdade é que deixaron de gastar nos dous últimos anos, aproximadamente, 1.700.000 euros —que supoño que tamén neste caso serán plurianuais, supoño que tamén neste caso serán plurianuais—.

E en relación coa Lei de fomento das iniciativas empresariais, efectivamente, eu creo que o maior fallo está nese discurso absolutamente insostible de diminuír as accións de carácter administrativo, que significa ao final unha diminución do control efectivo. Iso da declaración responsable, que supón unha mezcla de buenismo político e defensa de intereses privados, non funciona, é evidente. Está máis que contrastado, non funcionaba nas subprime, non funciona absolutamente en nada e, polo tanto, este é o primeiro problema.

E o segundo problema desta lei é a utilización política absolutamente indignante do Partido Popular e do Goberno da Xunta a favor dos concellos nos que goberna. E, se non, que lle pregunten a unha empresa auxiliar da automoción da área de Vigo sobre o informe proporcionado polo Igape no que se lle recomendaba que investise no concello de Mos en vez de no do Porriño, porque as circunstancias eran favorables.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Desde logo, en termos simbólicos, chámase, basicamente, «chantaxe». Porque ese instituto, que era o que lle daba subvencións a esa empresa, lle estaba dicindo onde tiña que investir.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Esta é a liberdade de instalación que defende o Partido Popular. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boas tardes, señorías.

Non lles abonda con que a lexislación e, sobre todo, as adecuacións ou modificacións que se fan nas leis de acompañamento faciliten e protexan estes proxectos, eses onde os sagrados intereses do capital e do negocio mandan e priman sobre o interese xeral, facendo ridículas as exixencias medioambientais e as normas de seguridade que protexen, polo menos en teoría, a poboación. Non, pois non lles chega. Necesitan tamén contar coa complicidade de políticos colocados estratexicamente que retrasen informes definitivos na exposición pública, concedan as subvencións que fan lucrativa a actividade ou directamente eliminen escollos e atrancos. Son tamén os elementos recadadores das sociedades anónimas do delito encuberto.

Pero para denunciar todo isto está a oposición, protexida polas leis e, sobre todo, polo estatuto do deputado, que, por exemplo, no seu artigo 9 pon á disposición dos compoñentes desta Cámara a información necesaria para facer un labor rigoroso de defensa das legalidades conculcadas e o imprescindible control ao Goberno en toda democracia madura. ¡Vaiteis, vaiteis, contos de María Castaña!

¡Falso! Nesta Cámara xa foi denunciado con reiteración o retraso da información debida sobre a actividade mineira de San Fins, ou sobre o proxecto de Touro, de ata ano e medio, señorías, ¡ano e medio!, o que debería ser posto á disposición dos deputados en menos de trinta días. E parece ser que lles temos que rir a graza, porque o PP lévao con alegría, ¡olé! Trátase de conculcacións da legalidade, prepotencia e encubrimento de aspectos sospeitosos arredor das actividades mineiras.

No pleno pasado, señor conselleiro, mareou a perdiz canto puido para non responderlle a este deputado sobre o cesamento debido do señor Tahoces. Toda unha burla ao labor parlamentario que pon en solfa a existencia desta Cámara e a seriedade e función da mesma.



Señorías, ¿debe ser cesado ou non o señor director xeral, si ou non? En calquera democracia sería da adorada Europa, ¿que tería acontecido? ¿Xuízo paralelo? Non. Procuramos a decencia política dun goberno que non a ten e, por tanto, non a mostra por ningures. E nin sequera disimula. Continúa na prepotencia e no pouco respecto pola democracia e pola transparencia. San Fins: intervención da Fiscalía, presunta prevaricación ambiental polo inicio dunha actividade mineira sen estudo de impacto ambiental, con vertido reiterado de augas contaminadas, con ausencia de controis mínimos, con omisión de sancións, con balsas mineiras ameazantes de propiedade descoñecida —¿ou xa atoparon de quen eran?—.

Xa lles adianto que somos conscientes de que estamos en contra da minaría, que perseguimos os mineiros, que buscamos a ruína das empresas e que procuramos a quebra deste país. ¿Non reza así a súa cantilena, señores do Partido Popular? Pero vostedes saben ben que nós somos conscientes do perigo das actividades mineiras de espolio, as de rapina, as que chuchan a riqueza, non deixan lucro e hipotecan o futuro. Iso é o que lles roe. E para colmo nós desconfiamos —sen motivo por suposto— de vostedes, da Gürtel, da Pokemon, da Púnica, da Campión... Si, son uns campións.

Señorías, 126 hectáreas de superficie, un muro de formigón de 80 metros de alto; e, dentro, millóns de toneladas métricas de estériles, ácidos cargados de metais pesados e doutras substancias altamente tóxicas. Isto no alto da conca do Ulla, ameazando vidas, saúde e fazendas de milleiros de persoas. ¿Non é razón dabondo? Porque en Touro hai precedentes: un abandono da actividade mineira sen restauración, cun cambio de propiedade a prezo de saldo e unha contaminación continuada e impune dos ríos da zona sen que vostedes dixesen nada nin fixesen as analíticas e controis mínimos.

¿Queren máis razóns legais? Porque esta é a nosa legalidade: a exixencia de transparencia e de defensa dos intereses colectivos da poboación. Saben de que falamos. Porque todos estes proxectos que lles criticamos só deixan miserias. As actividades que vostedes trampean son de marcado corte colonial, semellantes ás que se usaron e usan en África ou en zonas de pauperadas do mundo. E non é ignorancia da súa parte, é manifesta mala fe. Son os mandados do seu deus, o neoliberalismo, que así o ordena. E hai que renderlle pleitesía. Na súa adoración todo vale. Todo vale nos negocios. O mal que ocasiona un negocio destes proporciona outro negocio. Estes segundos negocios son sempre á conta do carto público. E esa é a gran panacea, o diñeiro público, o diñeiro de todos, a riqueza de todas.

Por iso van atoparnos sempre enfronte defendendo a poboación e o país mentres non asuman a decencia política, se é que son quen —e serán—. Por certo, ¿van cesar o señor Tahoces e limpar a Consellería? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Blanco Paradelo.

**O señor BLANCO PARADELO:** Moitas grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.



Antes de adentrarme no debate en si da iniciativa, quixera dicir, primeiro, que debatemos hoxe unha moción que se deriva dunha interpelación que non tiña nada que ver co texto que foi rexistrado; pero nós, aínda que sexa así, non imos fuxir do debate para nada. E direille, señor Losada, que o presidente xa falou do de hai cento trinta anos, pero o Bipartito o que autorizou foi a transmisión dos dereitos á nova empresa, e concedelle tres axudas a esa nova empresa. (*Murmurios.*) E, por certo, tamén, que a figura da declaración responsable se crea en España a través da Lei 17/2009, firmada por José Luís Rodríguez Zapatero.

Feitas estas consideracións, podemos empezar polo primeiro punto: cesar o director xeral de Enerxía e Minas, Bernardo Tahoces. Fixéronme moita graza as declaracións do señor Sánchez, que dicía que non era por estar imputado, que non era pola súa situación procesual nin xudicial —quizais poñendo a venda antes da ferida—, porque tanto na interpelación do outro día como agora tamén estivo facendo continuamente mención a esa situación xudicial, e agora resulta que di que non é por iso.

Miren, eu voules ensinar unha fotografía. É moi ilustrativa, unha fotografía moi interesante. (*O señor Blanco Paradelo amosa unha fotografía desde a tribuna de oradores.*) Resulta sorprendente ver que alguén como o señor Sánchez, que vai visitar ao cárcere políticos presos en Cataluña, que lles mostra a súa solidariedade, reclama xustiza para eles e defende o seu dereito a estar nas institucións democráticas deste país, curiosamente aquí en Galicia non defende o Estado de dereito. Aquí vostede nin sequera respecta a presunción de inocencia como un dereito fundamental. Porque vostede xa emitiu o seu xuízo. Vostede quere que dimita porque o señor Tahoces, segundo vostede, é culpable. E resulta que nós non respectamos o Estado de dereito en Galicia. Señor Sánchez, ¡vaia cara! ¡Vaia cara e vaia hipocrisía política a súa! (*Aplausos.*)

Señor Sánchez, ¿cre vostede que o señor Tahoces ten dereito a poder explicarse e defenderse diante dun xuíz, si ou non? (*Murmurios.*) Pero ¿ten dereito a facelo mantendo a súa honra e a súa inocencia, si ou non? Porque nós pensamos que si, el e calquera persoa que se atope nunha situación similar, aínda que sexa do seu partido. Tamén, por suposto. A nós parécenos ben.

A Xunta está a respectar de forma escrupulosa o traballo da Xustiza, poñéndose sempre á súa disposición para colaborar e aclarar todas as cuestións que se poidan investigar. ¿Sabe o que pasa, señor Sánchez? Que vostedes prefiren a xustiza dos xuízos paralelos, das vendetas, que confirman que non lles importa a verdade, que o seu grupo político ten unha dobre vara de medir cando se trata de responsabilidades. Vostede sabe que houbo concelleiros de Compostela Aberta no Concello de Santiago, e mesmo ata o alcalde, que estiveron imputados. Non se lles pediu a dimisión a ninguén. Ou, por exemplo, no Concello da Coruña, nas Mareas, tamén hai xente imputada. Non se lle pediu a dimisión. O que se lle dixo foi recordarlle que o seu código ético dicía que, cando un concelleiro estivera imputado, tiña que dimitir. ¡Ah!, pero xa se olvidou. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Vaia cara, señor Sánchez, vaia cara que teñen! (*Aplausos.*)

Di vostede que queren apostar por un cambio de modelo na minaría. ¿Cal? Arruinala, que desapareza. Non apoiaron nin un só proxecto mineiro, ningún. En todos atopan sempre algún tipo de inconveniente.



Mire, a actividade mineira en Galicia cumpre a lei, precisamente a Lei de minaría de Galicia, de 2008, feita polo Bipartito, no que a Consellería de Industria a tiña o BNG. E quero recordarlle que, mentres gobernaron, concederon 100 permisos de investigación e 43 licenzas de explotación. Vostedes están nun ataque continuo e frontal á minaría.

E vostede sabe —aínda que teño que volver dicirlllo— que todos os proxectos se tramitan con rigor, segundo a legalidade vixente, e que ofrecen todas as garantías técnicas, urbanísticas e medioambientais. ¿Quere vostede derrogar a Lei de fomento de iniciativas empresariais? ¿Por que? ¿Que lle molesta, que sexa boa para a simplificación administrativa das empresas, que facilite o acceso ao solo, que teña incentivos económicos, que, en definitiva, cree emprego e riqueza? ¿Por iso lles molesta a vostedes esa lei?

Mire, teño que dicirllle tamén o exemplo de Portugal, e agradezo moito que o sacara o señor Losada: «Luz verde a la mayor mina de Europa de litio en la localidad lusa de Montalegre, a 12 kilómetros de Oímbra». ¡Que pena que non estivera en Oímbra en lugar de en Portugal!

Pero mire ese exemplo do Bloco de Esquerda, o que vostedes poñen de exemplo: «El proyecto empresarial más importante de la historia de la raía seca ya tiene el visto bueno del Gobierno de Portugal». E atenda: «Es el paso decisivo para la puesta en marcha de una iniciativa que supondrá una inversión estimada de 500 millones de euros y la creación de cerca de 500 empleos. Con todo, la explotación no comenzará a funcionar de inmediato, antes habrá que redactar un prolijo estudio de impacto ambiental que tratará de minimizar los efectos sobre el paraje de la minería a cielo abierto».

Vostede ¿atendeu ao que acabo de ler? Aquí conceden a licenza os de esquerdas antes de que estea o estudo de impacto ambiental. ¿Que pasaría se fixeramos iso en Galicia? Polo tanto, a nosa lei é totalmente garantista.

E vou rematar.

Mire, desestimar —di vostede— o proxecto da mina. Bueno, este é o argumento comodín. Falamos da minaría e utilizamos o proxecto da mina para tratar de desestabilizar e arruinar todo un sector.

Vólvolle responder e quero que me diga vostede, que me fale, da súa hipocrisía política. Di vostede que o Partido Popular segue defendendo a mina. E eu dígolle que me diga unha soa declaración en sede parlamentaria na que nós estiveramos a favor. ¿Sabe cal foi a nosa postura? Vou lerlla —proposición non de lei do 28 de marzo de 2018—: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta a avaliar as consecuencias e circunstancias do proxecto de explotación mineira San Rafael, situado nos concellos de Touro e do Pino, desde o total garantismo legal e o rigor na execución do procedemento, de forma que salvagarde o total respecto ao contorno, o estrito cumprimento da legalidade vixente e que se dote de todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas no caso de ser aprobado. Punto 2: Que se garanta o cumprimento do plan de labores e o seguimento e vixilancia de calquera impacto ambiental que se puidera producir como consecuencia do resultado actual da explotación da mina».

Vostedes votaron en contra.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor BLANCO PARADELO:** Polo tanto —e remato, señor presidente—...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BLANCO PARADELO:** ...na súa moción piden non respectar a presunción de inocencia —e nós dicimos que non—, terminar cun sector produtivo importante como o mineiro e crear máis paro —e nós dicimos que non—, poñerlles atrancos e dificultades ás empresas para a súa implantación e que poidan xerar riqueza e postos de traballo —e nós dicimos que non—, e incumplir a lei, prevaricar e emitir informes de xeito arbitrario —e nós dicimos que non—.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Polo grupo autor da moción, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Imaxinen se non tiña argumentos que tivo que recorrer a Cataluña. Claro que si, fun ver presos políticos que están na cadea simplemente por querer decidir democraticamente o futuro do seu país. (*Aplausos.*) En cambio, no Estado español «Billy el Niño», torturador franquista, está na rúa. E os corruptos, moitos dos corruptos do seu partido, están na rúa. Esa é a diferenza, e non quero un país así.

Pero tivo que sacar o de Cataluña porque non quería contestar cuestións concretas que se lle leron na interpelación e na moción. ¡Conteste, conteste! ¿Déronlle autorización para a suspensión de catro meses no procedemento, a cuarta suspensión á empresa, nun procedemento co que xa levamos máis de dous anos? Non van contestar ¿verdade?

Despois, respecto da presunción de inocencia, tanto dá o que diga eu aquí. Eu pedín a dimisión do señor Tahoces xa no 2018. Non estaba nin imputado. E xa expliquei aquí por que a pedía. Mire, «¡vaia cara!» —dixo vostede—. ¡Home!, pois vir aquí un representante do Partido Popular a dar leccións de cumprimento da legalidade... (*Murmurios.*) ¡Home!, o partido do que foi, ata hai ben pouco, home forte do rural galego o señor Miramontes, que está procesado por trata de brancas, o partido que mantén na institución á valedora do pobo despois de enchufar a sobriña de Fraga, o partido que cobra comisións das empresas ás que beneficia aplicando as leis ou mirando para outro lado, como fan en Touro, vén aquí dar leccións de cumprimento da legalidade. ¡Moi crible, señor Blanco Paradelo, moi crible!

Mire, por moito que repita unha mentira non se vai converter en verdade. Nin estamos en contra do emprego nin estamos en contra da minaría, así en abstracto. O que non aceptamos con normalidade, como aceptan vostedes, é que, para que haxa minaría, haxa que contaminar os regatos e que teñamos que pagar nós as desfeitas que deixan as empresas cando se van, como en Monte Neme. Ese é o seu modelo e nós non o queremos, evidentemente, porque o balance para o interese xeral non é positivo. Pero para vostedes si que é positivo, por-



que vostedes levan anos e anos conchabados non cos traballadores da minaría —que, por certo, está descendendo o emprego dun xeito alarmante, a ver se se poñen as pilas— senón cos empresarios da minaría que incumpren a lei, que contaminan e que, ademais, escamotean nos gastos para a restauración unha vez que se van cos beneficios. Polo tanto, nin leccións de cumprimento da lei nin tampouco leccións de modelo de minaría.

Contesten. O señor Tahoces ten que dimitir xa só polo caso de Touro. Levamos trinta anos, ¡trinta anos!, contaminando impunemente o entorno. Levan trinta anos contaminando impunemente en San Fins, levan anos contaminando en Santa Comba, levan anos contaminando en Monte Neme, ¿verdade? E dos 735.000 euros que vai custar a restauración de Monte Neme imos pagar o 95 % os galegos e as galegas, porque o señor Cotino, o da operación Gürtel, o irmán do do PP, ese Cotino do PP, pois fuxiu e non vai pagar nin un peso, non pagou nin un peso. Ese é o modelo que vostedes defenden, o da corrupción e en contra do interese xeral.

Ben, en canto ao señor Losada —e xa remato— pois a min paréceme moi ben o que vostede dixo do asesor de Podemos para a transición. Pero dígolle que, cando haxa un modelo cuxa explotación mineira estea baseado nas necesidades humanas, eu apoiareino. Pero o dirixido por Atalaya Mining e compañía non está máis que dirixido polo capitalismo máis salvaxe.

Imos aceptar un punto da emenda de engádega do Partido Socialista, porque non estamos de acordo con que este proxecto poida ser viable xa. Non hai modificacións que facer, non é viable. Hai que darlle carpetazo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Procedemos á votación das mocións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular que non foi aceptada.

*Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co réxime horario do persoal docente non universitario.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 34.*

*O resultado da votación é negativo.*





*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D. Julio Torrado, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación do servizo de fisioterapia no Sistema público de saúde.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 34.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos.

Acéptase a emenda tal e como describiu... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non acepta a emenda? Explíquese.

Déanlle voz ao escano do señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, nada máis que, no noso segundo punto, se engadiría o primeiro punto do Partido Socialista de Galicia; e os outros 26, non.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Os outros 26 puntos non?

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Non se aceptan.

**O señor PRESIDENTE:** Entón só se acepta... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor!

A ver se me aclaro. *(O señor Losada Álvarez pide a palabra.)*

¿Señor Losada?

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Si, reivindico o meu dereito a poñer 26 puntos de emenda. *(Aplausos.)* ¡Só faltaría! A ver se van ter algo que dicir tamén a iso. *(Aplausos.)*



Non, non era para isto. Vou pedir a votación por puntos. O primeiro e o cuarto por un lado, e o segundo e o terceiro por outro.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta vostede a votación por puntos? (*Asentimento.*)

Votamos, en primeiro lugar, os puntos primeiro e cuarto.

*Votación dos puntos 1 e 4 da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 34; abstencións, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Votamos agora o resto dos puntos, é dicir, o 2 e o 3.

*Votación dos puntos 2 e 3 do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos sectores da minaría, enerxía, auga e residuos.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 34.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos do texto transaccionado da moción.*

**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións.

Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, de proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luís Manuel Álvarez Martínez e D<sup>a</sup> María de la Concepción Burgo López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co mapa escolar de Galicia, o modelo de comedores escolares e o servizo de transporte escolar**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.



*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 39703)*

#### *Emenda de substitución*

*Substitúese o punto segundo polo seguinte texto:*

*«2. Derrogar o Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares dos centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación e aprobación, de maneira dialogada, doutro que garanta, progresivamente, a xestión pública e directa así como a gratuidade do servizo para o conxunto do alumnado.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Para tranquilidade do Partido Popular, a proposición non de lei que presentamos neste momento non ten 26 puntos, ten só 3. Pero cremos que afecta substancialmente a todos os ámbitos do noso sistema educativo.

En primeiro lugar, o primeiro punto propón revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia. Dicimos permanentemente que hai unha ausencia dunha política de país para garantir, en primeiro lugar, que o medio rural teña unha oferta educativa axeitada ás súas necesidades. Este grupo parlamentario xa presentou con nulo éxito unha proposición non de lei no ano 2017, en setembro do ano 2017, sobre a rede de centros, na que propoñiamos que se puxera en marcha de xeito inmediato unha serie de mecanismos precisos para redefinir, de forma consensuada coa comunidade educativa, a actual rede de centros. Esa proposición non de lei non determinaba cal debía ser o horizonte final desa rede de centros, simplemente o que propoñiamos era que se abriera un debate colectivo porque entendemos que é unha cuestión de país. E, polo tanto, é pertinente e todos debemos participar nese debate. Esa proposición non de lei foi rexeitada, pero a realidade é esa, a realidade repítese curso tras curso. Por citar unicamente os problemas de inicio deste último curso —non como unha serie de sucesos inconexos senón como unha serie de sucesos que teñen un elemento en común, que é a planificación, digamos, sobre a marcha da oferta educativa en determinados concellos—, atopámonos con problemas neste curso en Cariño, atopámonos con problemas en Portomarín, en Covelo, en Salceda de Caselas, en Allariz, porque a Consellería decide aplicar criterios, en primeiro lugar, inéditos nalgún caso e sempre apócrifos; é dicir, non hai ningunha autoridade que rubrique a posta en marcha desas medidas. Pero o certo é que se poñen en funcionamento.

Temos casos como o dos institutos de Chantada, no que temos o paradoxo de que hai profesores que están facendo gardas mentres se lles nega ao alumnado o dereito a cursar asignaturas que curiosamente formarían parte despois da avaliación do bacharelato para o acceso á universidade —é dicir, a nova selectividade—. E díxosenos en comisión que se lles ofrecera aos alumnos a posibilidade de ir cursar esas asignaturas a outro instituto da localidade ou ben facelas a distancia. Esta é a realidade que temos.



Temos outra realidade sobre a que preguntou hai pouco tempo, creo recordar, se non me equivoco —e, se non, pido desculpas—, o Bloque Nacionalista Galego. E é que a realidade obriga a que o alumnado, nalgunhas configuracións de asignaturas, curse de xeito obrigatorio a materia de relixión católica. E esta é unha realidade que ocorre porque temos unha adecuación incorrecta das dotacións dos centros ás necesidades para ofertar aos alumnos unha configuración axeitada.

Temos unha precarización das condicións laborais dos docentes galegos. Xa non vou falar dos horarios, porque sobre ese asunto xa debatemos extensamente na moción que presentou este grupo parlamentario e que foi debatida esta mañá neste mesmo pleno. Pero resulta que o alumnado repetidor non computa, o profesorado ten un elevado número de materias afíns. Este grupo parlamentario tamén presentou unha proposición non de lei para introducir na normativa o cómputo de alumnos repetidores, porque evidentemente eses alumnos non forman parte do éter, ocupan espazo, ocupan actividade dos docentes, como é lóxico. E tamén presentamos unha proposición non de lei en febreiro de 2017 para que se regularan as materias afíns que o profesorado se ve na obriga de impartir.

Todo, todo foi rexeitado, pero o certo é que a propia Consellería regulou este curso para a elección de destinos provisionais as materias afíns e puxo que non se podían impartir máis de dúas materias. É dicir, cando o propón a oposición —e lembro as palabras do meu compañeiro o señor Torrado esta mañá—, cando a oposición fai algún tipo de iniciativa, hai algún tipo de impedimento, non se sabe se conceptual, ou forma parte do ADN, que impide que esas iniciativas se aproben, pero o certo é que despois acaban poñéndose en funcionamento, en marcha, medidas que a oposición propuxo nalgún momento.

Con carácter xeral —dicía—, esas prazas non van poder ter máis de dúas afíns. E, mentres tanto, temos unha Consellería de Educación entregada á posta en marcha de programas de excelencia, que francamente ás veces un chega á conclusión de que son programas de elite, porque son cursadas en primeiro lugar por un número moi reducido de alumnos, en segundo lugar cúrsanse en centros cunha determinada configuración xeográfica e de transporte escolar, e estou a falar por exemplo do bacharelato de excelencia en ciencias e tecnoloxía, do bacharelato de especialización en idiomas.

E o último, señoras e señores deputados, foi a ocorrencia da Consellería de Educación de crear hai dúas semanas a famosa Rede de formación profesional dual, na que —non o perdan— hai corenta e seis centros seleccionados, hai corenta e seis profesoras e profesores que non van impartir unha soa hora de clase, porque van estar dedicados en exclusiva a dinamizar a formación profesional dual. Pero, cando este grupo parlamentario pregunta pola formación profesional dual, resulta que non hai ningún problema, todo funciona de marabilla, estamos no 20 % dos obxectivos que a propia Consellería estableceu para o ano 2020, e, cando preguntamos, non hai ningún problema, pero iso si, crean esta Rede de formación profesional dual, que, por certo, foi publicitada, seleccionada e posta en funcionamento en dezasete días. Isto chámase un expediente lóstrego, desde o punto de vista administrativo; é dicir, case acaba antes de empezar; o cal, evidentemente, apunta a unha clara intenciónalidade por parte de quen o pon en marcha.



O segundo punto refírese ao modelo de comedores escolares para que se acade unha cobertura suficiente, con parámetros de calidade axeitados, implantando un modelo que sexa sostible e coa participación necesaria da Administración local.

Aquí, no caso dos comedores escolares, atopámonos cun novo decreto do ano 2013, ao que fai referencia a emenda do BNG, que supuxo un auténtico —imos dicir— cuasicaos na configuración dos comedores escolares, porque produciu disfuncións importantes na súa aplicación, cando non eliminación deste servizo a persoas que o necesitaban para conciliar a vida laboral e familiar.

E produce disfuncións, en primeiro lugar, porque non conta cun marco normativo adecuado ao propio decreto. Sabemos os que aquí estamos que ese decreto ten o seu desenvolvemento nunha orde anterior do ano 2007, e, polo tanto, produce disfuncións, porque loxicamente a orde de 2007 non contempla o marco do ano 2013, como é lóxico. Non vou citar a Darwin —xa o fixo o conselleiro de Facenda pola mañá—, pero as realidades cambian aínda que a normativa da Consellería parece que non.

A estas irregularidades das que estou a falar sumáronse este curso —estou a falar deste curso— irregularidades por unha prestación incorrecta, ou mesmo non prestación directamente, do servizo de comedor, no caso do Instituto Basanta Silva, de Vilalba, con afectación no Instituto Ollos Grandes, de Lugo, e así unha detrás doutra. É certo, é certo —e é necesario recoñecelo— que a Consellería reaccionou rapidamente, resolveu os contratos con esta empresa, pero o certo é que temos que analizar que modelo temos que produce esas consecuencias, e, polo tanto, haberá que reconfigurar ese modelo.

Hai exemplos de colaboración pola comunidade autónoma adiante postos xa en marcha desde hai moitos anos, e, en concreto, no ano 2008, de colaboración entre dous centros de Sada e o Concello de Sada e a Consellería de Educación que fan que alumnos que non teñen dereito a comedor, porque está nun centro que non ten transporte escolar, si o teñen de forma efectiva acudindo a outro centro.

É dicir, cando se queren atopar solucións, cando hai vontade, atópanse, e pode facer que se presten os servizos dunha forma absolutamente eficiente e axeitada.

Para rematar —porque non me queda moito tempo—, pedimos que se aproveite con maior eficiencia o servizo de transporte escolar e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe, que curse ensinos postobrigatorios e que non dispoña do servizo regular de transporte.

Non é o momento nin é a proposición non de lei para falar do posible colapso do Plan de transporte público de Galicia, que ten recursos dun colectivo de asociacións empresariais e tamén dunha organización sindical. Pero permítanme simplemente lerlles un parágrafo que pon ese Plan de transporte público de Galicia. Di: «Nestes supostos, a Administración que reserve prazas deberá aboar pola prestación do servizo a tarifa de equilibrio contractual.» Pero o importante é que para o caso de transporte gratuíto di que o caso dos escolares de ensinanzas obrigatorias en centros públicos son os que teñen garantido o transporte; o resto, os de ensinanzas postobrigatorias, non teñen garantido ese transporte. E, polo tanto, será



necesario reformular tamén o plano normativo deste servizo, para que os alumnos —insisto— que, sendo de medios rurais, cursen ensinanzas postobligatorias teñan polo menos garantido o dereito a transporte escolar.

Creemos que o que pedimos é todo razoable e que debería contar coa aprobación unánime desta Cámara, porque insistimos en que é un problema de país, non é un problema nin do Partido Socialista de Galicia nin do BNG nin de En Marea nin do Partido Popular; é de todas esas persoas que están fóra deste Parlamento e que nos votan a uns e a outros.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde.

Unha cuestión antes de máis, señor Álvarez. Efectivamente, o BNG preguntaba pola situación na que se atopa o estudantado deste país, obrigado a cursar a materia de Relixión. A razón pola que esta anomalía se dá é porque a Relixión continúa ofertándose no currículo académico. E teño que dicirle que é unha pena que o Partido Socialista non queira revisar ou mesmo rachar o concordato coa Santa Sede. (*Aplausos.*) Perderon unha oportunidade de empezar a avanzar na necesaria —necesaria, case me atrevía a dicir que indispensábel— separación absoluta do que é unha confesión relixiosa que pertence ao ámbito privado e o espazo público.

Indo á cuestión dos puntos que propoñen hoxe na súa proposición non de lei, nós estamos de acordo coas propostas que se formulan na iniciativa. Explicarei tamén ao longo da miña intervención a emenda que defendemos desde o BNG, que non é nova, xa a temos formulado noutras ocasións.

Estamos completamente de acordo coa necesidade de que se revise o mapa escolar para atender a realidade actual que atinxe ao noso país, en termos demográficos, en termos poboacionais, en termos dos que vostede falaba, sobre a crise demográfica, que afecta sobre todo os espazos rurais do noso país. Pero, por engadir un argumento máis, non só por mor da crise demográfica e os espazos rurais. Temos exemplos en concellos que manteñen poboación, ou mesmo que medran en poboación, e nos que a situación, a realidade do mapa escolar do noso país non atende as necesidades desas poboacións.

Eu traía dous exemplos, que son o de Vigo e o de Culleredo, precisamente un mapa escolar que non atende a realidade poboacional, sobre todo no que ten a ver coa oferta de prazas públicas e de centros de ensino público que atendan a demanda existente. Sobre todo, insisto en que son localidades e concellos que teñen ou ben que manteñen unha poboación moi elevada ou que teñen un incremento na súa poboación. Dános situacións que xeran graves prexuízos sobre todo para as familias e para o alumando.



É o caso por exemplo de Culleredo, que hai unha oferta insuficiente de prazas de ensino público, precisamente pola falta dunha planificación integral e estratéxica que vaia máis alá do inmediato, de ir respondendo un pouco a salto de mata ás necesidades que se van producindo de maneira conxuntural.

É o caso de Vigo, por exemplo, onde vemos que hai moitísima máis demanda que oferta, sobre todo de prazas públicas, que o que está provocando, ademais, ou, dito doutra maneira, o único a quen está beneficiando é á escola privado-concertada. Por exemplo, no casco urbano de Vigo non hai oferta suficiente de centros públicos, o que aboca directamente as propias familias a ir á privado-concertada.

Por esa razón, e ademais subscribindo os argumentos que vostede daba en relación coa necesaria adaptación dese mapa escolar á realidade actual do noso país, entendemos que hai tamén, máis alá dos espazos rurais, necesidades imperiosas que necesitan ser atendidas.

Tamén en relación co transporte, garantir a accesibilidade sobre todo para aquelas persoas que temos que cambiar de concello moitas veces para poder cursar non só ensino secundario senón tamén o bacharelato, ou mesmo aquelas persoas que teñen que desprazarse moitos quilómetros para poder ir a aulas a un ciclo de formación profesional. Sabémolo nomeadamente no interior do país. E iso crea un enorme prexuízo en termos económicos para as familias, porque moitas veces —eu podería poñer o meu caso concreto, e non me gusta particularizar— tivemos que facer un enorme esforzo para poder estudar o bacharelato, a pesar de que o centro de ensino estaba apenas a dezasete quilómetros da casa, porque non tes transporte regular, autobús e ao final tes que acudir a taxis. E non é unha realidade que apenas aconteza nun concello no medio da montaña de Lugo, senón que se atopa en moitos máis concellos do noso país.

A emenda que presentamos desde o BNG é para a substitución do segundo punto. Nós entendemos que hai que derrogar o Decreto 132/2013, levámolo reclamando e defendendo desde a súa aprobación. O modelo privatizador e externalizador do Partido Popular non é o modelo que defende o Bloque Nacionalista Galego, e non nos cansaremos de seguir a defender volver ao modelo público, ao modelo público de xestión directa, e que apenas con carácter excepcional e debidamente xustificado se poida acudir a outros tipos de modelos, tal e como se prevía na normativa galega con anterioridade ao ano 2013.

Insistimos en que o comedor é un servizo complementario básico, que é un dereito ademais sobre todo en materia de conciliación, pero que tamén ten moito a ver coa educación das nosas fillas e dos nosos fillos, polo que nós entendemos que hai que revisar o modelo. Pero, para empezar a poder revisalo, eu creo que hai que volver recuperar o que era un servizo público e de calidade, e que agora mesmo está posto en mans de empresas —que tantas veces temos debatido na Comisión 4<sup>a</sup>— que nin sequera están a garantir uns criterios mínimos de calidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.



Grupo Parlamentario de En Marea, señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Grazas, presidente.

Dicíao antes: cando se trata de sumar para recuperar servizos públicos privatizados e ameazados pola ofensiva popular, os nosos votos estarán sempre dispoñibles, como neste caso.

Precisamente porque a iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista defende, aínda que entendemos que de maneira non moi concreta, exixencias que o noso grupo parlamentario ten posto sobre a mesa en numerosas ocasións, por iso votaremos a favor delas, porque nos parece un punto de partida de mínimos que calquera podería asumir, mais pensamos que deben ser obxecto dunha maior concreción, e é o que quero comentar.

Na súa iniciativa din, por exemplo, no primeiro punto, que é necesario revisar e adecuar ás necesidades reais o mapa escolar de Galicia. Por suposto, ninguén debería estar en contra de algo semellante. Pero ¿como se substancia? ¿Que facemos por exemplo coas escolas unitarias? ¿Cantos mestres e mestras terían que contratarse? ¿Que recursos económicos e materiais se precisarían? Nesta iniciativa non se di nada.

O segundo punto tampouco concreta demasiado. Di: «Revisar o modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente, cos parámetros de calidade axeitados.» Ninguén podería estar en contra de algo semellante, nin sequera o Goberno do Partido Popular podería recoñecer estar en contra disto. ¿Quen vai votar en contra dunha cobertura suficiente ou da calidade axeitada? O debate para nós debería ser en que consiste esa cobertura suficiente e esa calidade axeitada.

Con respecto ao primeiro punto, pensamos que debería completarse con cando menos dous matices. Un, no que ten que ver coa necesaria zonificación actualizada en tantos concellos que o demandan; xa se mencionou aquí o caso de Culleredo ou o de Vigo, e tantos outros que poderíamos poñer sobre a mesa. E, en segundo lugar, deberíamos falar de ter un plan a medio e longo prazo para manter as escolas do rural abertas. As familias non teñen a culpa de que as nefastas políticas do Partido Popular sigan baleirando o rural. Polo tanto, non é xusto que sexan castigadas obrigándoas a enviar os seus fillos e fillas lonxe da casa para poder acceder á educación.

O pasado ano pecháronse, por exemplo, a escola de educación infantil de Apeadeiro, en Cambre; a de Solveira, en Paderne de Allariz (Ourense); un suma e segue que desangra o ensino rural que —dicía esta mañá— que non podemos seguir consentindo.

Polo demais, debemos falar tamén de canto profesorado precisamos ata alcanzar polo menos os niveis anteriores á crise, garantindo que ao profesorado de ESO, formación profesional e réxime especial lle corresponderán dezaioito horas lectivas semanais e aos mestres e mestras de educación infantil e primaria, vinte e tres.

No que atinxe ao segundo punto da iniciativa do Grupo Socialista, pensamos que o asunto debería ser abordado nunha proposición non de lei particular, como temos intentado varias veces, pero, polo momento, gustaríanos engadir tres ideas á proposta socialista.





En primeiro lugar, a aposta firme polo servizo de comedores de provisión directa, isto é, con comedores atendidos por persoal propio da Consellería, con cociñas nos centros, un servizo de proximidade que garanta de verdade a máxima calidade. En segundo lugar, os comedores dos centros educativos deberían dar opcións variadas, como a opción do menú vexetariano, algo que a Xunta de Galicia descartou hai só uns meses negando aos rapaces e rapazas esta opción. En terceiro lugar, os comedores porán á disposición das familias información real, veraz e completa acerca dos produtos empregados nos menús e asesorarán acerca dos alimentos máis saudables e adecuados para a alimentación diaria das nenas e nenos de Galicia.

Alimentación, saúde e educación, en definitiva, a tríada que entendemos que debe presidir calquera debate sobre o servizo de comedores en Galicia, e non aforro, aforro e aforro que pretende o Partido Popular.

E sobre o terceiro punto da iniciativa, pouco que engadir; subliñar o obvio. Dada a dispersión poboacional galega, é preciso facer fincapé no transporte, non sacando peito, como sempre fai o Partido Popular dicindo o moito que se gasta, senón vendo se o gasto que se está acometendo é suficiente para atender todas as necesidades. Non se pode entender, non se pode aceptar que as nenas e nenos de Galicia teñan que abandonar os seus centros educativos e trasladarse a outros por intereses privados das empresas de transporte. Lamentablemente, isto está acontecendo,

Por todo isto, como dicía, votaremos «si» á iniciativa do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

Grupo Parlamentario Popular, señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

Debates unha proposición non de lei que consta de tres puntos que son tres cuestións que, como ben se sinalou, xa temos debatido noutras ocasións. E, como vostedes comprenderán, eu creo que a posición de cada un dos grupos é perfectamente coñecida, está perfectamente definida e non vexo elementos na realidade actual que nos fagan cambiar de opinión, polo menos ao noso grupo. Nós estamos convencidos de defender un modelo e un sistema educativo que está dando bos resultados, que dá bos froitos, e, polo tanto, non entendemos ou non vemos necesario levar a cabo eses cambios que vostedes están planteando.

Pero é que, ademais, imos falar detidamente, evidentemente, de todos e cada un destes cambios e dos argumentos que vostedes empregan, porque se me permiten alterar a orde sobre a orde argumentativa da proposición non de lei, vou empezar a falar polo tema dos comedores, porque falaba agora a señora Chao e dicía que eles defenden unha aposta firme polo servizo de comedores de provisión directa e... Mire, isto xa o temos falado, como dicía, noutras moitas ocasións. Se vostedes gobernan en concellos que teñen encargada a xestión de



comedores e o fan de forma indirecta, non veña aquí e diga que apostan decididamente pola xestión directa. (*Aplausos.*) Porque basicamente o que está facendo é mentir. Entón, non estamos aquí para mentir.

Vostede falaba de que o PP só defende o sistema de aforro, aforro e aforro; por iso optan pola xestión indirecta. Ben, vostedes, cando xestionan de xeito indirecto en concellos os comedores escolares, ¿que o fan: pensando que lle dan igual un bo servizo á cidadanía ou pensando en aforro, aforro, aforro, como di vostede? Eu quero presupoñer que o fan pensando en darlle un bo servizo á cidadanía. Polo tanto —xa digo—, cando subimos aquí e vimos falar e defender argumentos, é bo que sustentemos eses argumentos en feitos, porque, se non sustentamos os argumentos en feitos, o que facemos é mentir ou pretender enganar.

Sobre a rede de centros, vamos ver, vostedes estiveron falando tamén da necesidade de concibir o sistema educativo e o mapa de centros como un elemento dinámico e como un elemento vivo e ao mesmo tempo parece que están pedindo facer unha planificación estática. Parece que están pedindo trazar un mapa ou unha rede de centros a longo prazo sen ter en conta os cambios puntuais que van xurdindo no curto prazo. Se queremos concibir a rede de centros e o mapa de centros como un elemento dinámico e vivo, teremos que ir facendo os cambios que sexan necesarios en función das necesidades que existen en cada momento. E, nese caso, ¿quen é a Administración competente par facelo? Evidentemente, a Consellería. Pois a Consellería, conforme criterios pedagóxicos, criterios demográficos, criterios económicos, de sostibilidade do sistema, ten que ir tomando decisións para a reconfiguración da rede de centros. É que xa digo: é unha cuestión que temos debatido ata a saciedade e non vexo elementos que fagan cambiar esta realidade.

E, ademais, ata —xa digo— detecto certa contradición nas súas palabras, porque non se pode dicir ao mesmo tempo que temos que entender a rede de centros como algo dinámico e vivo que dea resposta ás necesidades da cidadanía e ao mesmo tempo plantexar que creamos un mapa e un plan estático a longo prazo que non responde a esas necesidades puntuais de cada momento.

Despois, cuestión do transporte. O tema do transporte tamén é un tema debatido, ao mellor non tanto asociado á educación senón a outros ámbitos, nomeadamente en todo o que ten que ver co Plan de transporte e demais. Miren, nós cremos que está perfectamente garantida a cobertura de transporte para a cidadanía e para a mocidade en Galicia no Sistema educativo obrigatorio, e tamén se implementan co novo Plan de transporte e cos plans de transporte que leva a cabo a Xunta de Galicia medidas, como pode ser a Tarxeta Xove de transporte e demais, para garantir acceso gratuíto ao transporte a menores de 19 anos que acoden a niveis de ensino non obrigatorio. Polo tanto, estase garantindo tamén a accesibilidade de todo o alumnado na comunidade autónoma ao servizo de transporte escolar.

En definitiva, é o que lles dicía ao principio: é que partimos da premisa de que nós consideramos que temos un sistema educativo que está no máis alto nivel a nivel nacional en todo o que ten que ver con parámetros de equidade, con parámetros de inclusión, con parámetros de calidade, e está garantida a accesibilidade ao transporte, está garantida a accesibilidade aos comedores e están garantidos ademais os menús saudables nos comedores escolares,



están garantidos os parámetros de calidade, e —dicíano vostedes— cando non se cumpren eses parámetros de calidade en contratos, automaticamente a Administración actúa, resolve estes contratos, vólvese licitar e garántese unha calidade nestes menús.

Se as cousas están funcionando razoablemente ben —evidentemente, sempre hai que mello-  
rar—, non hai que intentar traer aquí unha visión de que as cousas non funcionan ben e que  
hai que facer unha revolución no sistema. Nós nese sentido non estamos de acordo. Nós con-  
sideramos que, como dicía antes, se están garantidos tanto unha rede de centros que garanta  
a escolarización evidentemente de toda a cidadanía galega na rede tanto pública como sostida  
con fondos públicos de centros educativos, un modelo de comedores escolares que garante a  
cobertura suficiente con parámetros de calidade axeitados a toda a cidadanía de Galiza e, ade-  
mais, un servizo de transporte público para centros escolares que garante tamén a accesibi-  
lidade de todo o alumnado, comprenderán que, unha vez máis, cando nos traen estes temas  
dando unha visión distorsionada ou falsa da realidade, o noso voto non vai ser favorable.

Polo tanto, señor Álvarez, comunícolle que nós votaremos en contra da proposición non de lei.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.

Por ir por orde de intervencións, con respecto á señora Rodil, á que lle agradezo o apoio do seu grupo, un pequeno matiz, unha aclaración. O feito de que determinados alumnos se vexan na obriga de cursar Relixión católica non é un problema do concordato, é un problema da LOMCE, é un problema da LOMCE. É dicir, podemos entrar no debate de se a Relixión debe formar parte ou non do currículo escolar, pero que algúns alumnos teñan que cursala obrigatoriamente é problema desa marabilla de lei que prevé unha oferta de optativas que nalgún caso é superior ao propio número de alumnos dos centros. Esa é a realidade.

Con respecto á súa emenda, aceptámola como engádega se está de acordo co punto número 2 da nosa proposición non de lei, porque, efectivamente, ese marco debe ser superado.

Con respecto á intervención da señora Chao, evidentemente a nosa proposición non de lei pode ser cualificada —e non o vou debater— de ambigua, vaga, pero preferiríamos un espazo de consenso —que, polo tanto, se se concreta demasiado, pode verse desvirtuado— a un espazo no que non hai ningún tipo de consenso, que é ao que nos aboca a sorprendente, por outro lado, posición do Partido Popular. Por tanto, agradézolle tamén o apoio do seu grupo a esta proposición non de lei.

Señor Fernández Gil, di vostede que non hai elementos novos. Eu fíxenlle —digamos— unha pequena descrición do que ocorreu ao inicio deste curso e é unha realidade que se repite



todos os cursos. Claro que hai elementos novos, porque, aínda que temos un pleno darwiniano, evidentemente, hai un organismo vivo que é a escolarización —por certo, ese mesmo organismo vivo que dicía como argumento o ex-conselleiro de Educación con respecto á zonificación de Vigo—. A escolarización é algo vivo e, polo tanto, aquel documento que presentaban que ía ser aprobado leva dous anos sen aprobación; non sei se segue vivo ou feneceu. Pero, en todo caso, ninguén está pedindo unha foto fixa.

Dese contrato o que estamos pedindo é un acordo de país entre todos para definir como debe irse adecuando a rede de centros cada curso. Entendeuno vostede mal, cousa que me estraña, porque coñezo a súa capacidade. Polo tanto, veu aquí facer unha argumentación falaz. Sabe vostede perfectamente que eu non estaba proponendo iso, que a proposición non de lei non vai en definir unha foto fixa, nin en educación infantil nin en primaria nin en secundaria nin en bacharelato nin en formación profesional. Evidentemente, o que farán vostedes é ter uns acordos nos que todos nos poidamos mover dunha forma consensuada e que polo tanto non tensione a realidade escolar de cada curso.

Como teño que rematar, simplemente co tema do transporte escolar, di vostede que está todo funcionando con normalidade. E, en primeiro lugar, nada garante no marco actual que o alumnado de ensinanza postobligatoria teña garantida unha praza de transporte escolar coa actual definición de usuario lexítimo que se ten do transporte escolar. E, polo tanto, nada garante que, por exemplo, a señora Rodil, que foi transportada desde Ribeira de Piquín a Meira cando estaba facendo educación secundaria obrigatoria, tivese garantida esa mesma oferta de transporte escolar para facer bacharelato. Esa é a realidade, porque se se decide que para levar alumnos de Ribeira de Piquín a Meira é suficiente un microbús de dez prazas e hai dez alumnos de secundaria obrigatoria, a señora Rodil xa non ten transporte. Esa é a realidade que pode darse, e non o pode negar e sabe que estou dicindo a verdade.

Por tanto, lamento a falta de apoio do Partido Popular, pero ben, nós seguiremolo intentando, aínda que se nos acuse de repetir moitas veces o mesmo, porque entendemos que é un problema verdadeiramente importante.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup>. María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, sobre o inicio polo Goberno galego, no ano 2019, da contratación dos proxectos construtivos, así como da redacción do informe de impacto ambiental, do treito A Pobra de San Xiao-Nadela da vía de altas prestacións Lugo-Monforte de Lemos**

**O señor PRESIDENTE:**

¿Está ben San Xiao-Nadela? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non quixera eu dicir mal un nome e máxime nunha historia destas...



Hai emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, do Grupo Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 40520).*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine a seguinte frase:*

*<<Así como o tramo Sarria-Monforte.>>*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 40520 [10/PNP-003045].*

*Emenda de substitución.*

*Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento insta a Xunta de Galiza a iniciar e desenvolver todos os trámites necesarios para converter en autovía o Corredor Nadela –Monforte.>>*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei, doc. núm. 40520 (10/PNP-003045).*

*Emenda de adición.*

*Débese engadir ao final da parte resolutiva un novo punto:*

*- <<O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reverter os recortes nas partidas orzamentarias dedicadas ao mantemento e construción de estradas.>>*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Saúdo tamén as persoas que nos acompañan no público de Sarria e do Incio.

A proposta que trae a esta sesión plenaria o Grupo Popular ten que ver coa mellora da funcionalidade dun vial que é determinante para as comunicacións do sur de Lugo. Nos últimos



anos tense acreditado que a mellora das estradas, tanto das xa existentes como a creación doutras de trazado novo, é unha aposta moi clara polo reequilibrio territorial, pola vertebración do interior de Galicia, que vén sendo un obxectivo prioritario do Goberno galego.

Refírome, señorías, concretamente neste caso, á vía de altas prestacións entre Lugo e Monforte, unha alternativa á estrada LU-546 que se culminou en novembro de 2015 e que permitiu evitar os múltiples accesos desta estrada tamén aos centros das vilas e dos pobos que se atopan no seu trazado. Permítanme que neste punto valore e destaque o importante esforzo investidor que se fixo para rematar un vial de altas prestacións nun momento de crise, no que se investiron 135 millóns de euros e que se rematou nunha primeira fase entre Sarria e O Incio en 2012, unha segunda entre Bóveda e Monforte en 2015 e pouco tempo despois O Incio volverá tamén en 2015. Un fito importantísimo na vertebración do sur de Galicia.

E dicimos que é un fito importante porque mellorou de maneira moi apreciable a seguridade viaria e os tempos de desprazamento entre Lugo e Monforte, que se situaron a partir dese momento en pouco máis de corenta e cinco minutos. E foi un paso tan decisivo, señorías, que a partir dese momento o tráfico se disparou entre Lugo e o segundo concello da provincia, estando o incremento de circulación de vehículos moi por riba das medias, tanto galega como provincial; unha media de sete mil seiscientos vehículos diarios foi o que tivo no tramo de máis densidade este vial no ano pasado. E, por tanto, isto acredita que temos que seguir e que cómpre seguir avanzando na mellora da conectividade do sur de Lugo.

E isto, señorías, é o que está a facer o Goberno galego: traballar para incrementar a funcionalidade deste vial, a través precisamente da conversión en autovía do tramo de vía de altas prestacións entre Sarria e A Pobra de San Xiao —señor presidente, ese é o enunciado correcto: entre Sarria e A Pobra de San Xiao—.

Unha conversión que foi obxecto dunha longa demanda veciñal pero que foi obxecto sobre todo dun compromiso do Partido Popular recollido no programa electoral co que concorremos ás últimas eleccións autonómicas no ano 2016. Unha conversión na autovía que representará, sen dúbida, un antes e un despois para a mobilidade das empresas, dos veciños, para a seguridade viaria das comarcas de Sarria, de Lemos, de Quiroga, en definitiva, para todo o sur de Lugo.

E, atendendo ese compromiso, a principios do ano 2017 a Axencia Galega de Infraestruturas iniciou a contratación do proxecto do trazado do impacto ambiental e tamén do proxecto construtivo desa primeira fase de desdoblamento da vía de altas prestacións entre Nadela e Sarria, concretamente no treito comprendido entre A Pobra de San Xiao e Sarria-centro. Un desdoblamento que xa estaba contemplado no proxecto inicial e deseñado e executado dende o inicio desta actuación e que, por tanto, prevía non só esta actuación nas condicións estruturais dos seus viadutos senón tamén dos desmontes, mesmo todo o que correspondía ás estruturas, para acoller esta futura ampliación da plataforma, e tamén as expropiacións necesarias en boa parte do trazado. Isto, sen dúbida, facilitará os traballos de conversión a autovía e simplificará e minimizará as afeccións do tráfico mentres se leven a cabo estas obras de desdoblamento.



¿E por que se inician neste tramo? Ben, pois a Xunta inicia o desdoblamento deste treito, de arredor de dez quilómetros, comprendido entre A Pobra de San Xiao e Sarria-centro —e refírome tamén ás emendas que se teñen presentado—, precisamente porque é o tramo onde se ten detectado que resulta máis necesaria esta ampliación. Tamén pola propia orografía dese tramo, porque ten importantes pendentes, reducen a velocidade e é moi difícil e complicado, e os que vivimos nese contorno sabemos que se dificulta bastante os adiantamentos.

E, por tanto, tamén porque, como lles dicía antes, se os incrementos dos tráxicos xustifican a conversión desta vía de altas prestacións en autovía, pois hai que ter presente que entre 2016 e 2017 foi un tráfico moi superior ao que tiña a LU-546, moi superior ao que representaba o incremento que sufriu o conxunto da rede autonómica, pois a opción deste inicio polo tramo entre Lugo e Sarria por este treito ten que ver tamén co incremento dos tráxicos, porque neste tramo concretamente supera os sete mil vehículos diarios, namentres que a medida que nos alonxamos da cidade de Lugo, e, por tanto, en Sarria ou en Monforte, ese tráfico diminúe.

Por tanto, ¿que se está a facer? Se este é o compromiso, ¿que está facendo o Goberno galego? Pois en xuño de 2018, señorías, o proxecto do trazado de desdoblamento neste treito foi sometido a información pública, tamén a relación de bens e dereitos, de maneira que todos os interesados puideran facer as súas alegacións e achegas.

Ese anuncio sinalaba como obxecto da actuación o desdoblamento do corredor neste tramo, contemplaba que se trataba dunha calzada paralela existente sobre a marxe esquerda no sentido A Pobra-Sarria e indicaba que a construción desta nova infraestrutura conseguiría mellorar as condicións de seguridade, de comodidade dos vehículos, que representaría un notable aumento da capacidade dos niveis de servizo e unha mellora —isto é moi importante— da seguridade viaria e que, por tanto, representaría unha diminución importante do número de accidentes neste treito.

Por tanto, señorías, non estamos a falar de algo virtual, non estamos a falar de algo que simplemente queda no eido, no ámbito das ideas, senón que este desdoblamento xa está en marcha, xa ten iniciado a Xunta o trámite ambiental desta primeira fase o pasado mes de febreiro. E mesmo, para acurtar ao máximo os prazos, prevese un período de estudo para avaliación ambiental de catro meses, prevese a aprobación definitiva do proxecto do trazado a información pública arredor do verán, de maneira que, unha vez que se poña en marcha o proceso expropiatorio no segundo semestre do ano, pois todo estea en disposición para que se liciten as obras neste mesmo ano nese tramo comprendido entre A Pobra de San Xiao e o centro de Sarria, cun investimento aproximado, señorías, de vinte e tres millóns de euros.

Este é o cronograma e, por tanto, estas son as previsión que manexa o Goberno galego en relación con esta importante infraestrutura, este desdoblamento da vía de altas prestacións, que representará, sen dúbida —e todos sabemos o que representou a conversión ou o feito de que tiveramos unha vía de altas prestacións entre Lugo e Monforte e a repercusión que tivo—, como dicía antes, un antes e un despois para os veciños, para as empresas, e, por tanto, terá unha importantísima repercusión no ámbito económico e social do sur de Lugo.



Isto acreditará un novo pulo. Por tanto, o Goberno galego está actuando con axilidade, con dilixencia, e estase a traballar neste ritmo. Pois a pregunta pode ser entón que é o que pretende impulsarse con esta iniciativa. Pois ben, nós cremos, dende o Grupo Popular, que hai que dar un paso máis á vista desta clara aposta da Xunta de Galicia. Queremos que se vaian dando pasos neste tempo en que se está a traballar para poder licitar as obras e que poidan iniciarse neste ano que vén, pero queremos que se traballe tamén noutros treitos, e, por tanto, a nosa proposta vai na liña de que se avance na redacción do proxecto de desdoblamento do resto do trazado, isto é, o que vai dende Nadela ata Sarria, e neste ano 2019 concretamente dende A Pobra de San Xiao ata Sarria. ¿Con que fin? Pois co fin de que se poida materializar o antes posible a execución completa desta conversión deste vial en autovía.

O que lles propoñemos na nosa iniciativa, señorías, é que a Xunta inicie a contratación neste ano 2019 dos proxectos construtivos e de impacto ambiental do treito A Pobra de San Xiao–Nadela a fin de avanzar de forma definitiva no total desdoblamento desta infraestrutura. Isto, señorías, sen dúbida vai ser determinante para as comunicacións de todos os veciños do sur da provincia de Lugo. E cremos que, ao tempo que o Goberno galego está actuando de maneira —como dicía antes— dilixente e eficaz para impulsar este desdoblamento, pode irse avanzando administrativamente nesoutro tramo para que, cando as obras deste, que se están agora tramitando, estean en disposición de executarse, teñamos xa avanzado no tramo seguinte e desta maneira todos poidamos ver antes, máis pronto que tarde, materializada esta autovía que unirá definitivamente Lugo con Sarria.

Así que esperamos contar co apoio do resto dos grupos para esta proposta do Grupo Popular.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez Barreira.

Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Boa tarde de novo. Grazas, presidente.

Benvidas tamén todas as persoas que nos acompañan na bancada de convidadas.

Nós presentamos unha emenda, señora Rodríguez, e tamén me gustaría facer un pouco de memoria. Facer un pouco de memoria é facer así unha pequena viaxe ao pasado colectivamente desta Cámara, porque, escoitando a señora Rodríguez, todo o mundo diría que a autovía da que se está falando ou arredor da que xira a iniciativa do Partido Popular pois comezásemos a falar dela hai cinco ou seis anos e que rematase efectivamente conectando Nadela e Sarria, e iso non é así.

Nós presentamos unha emenda porque cremos que a iniciativa do Partido Popular chega tarde —explicarei agora por que digo que chega tarde— e despois resulta para o Bloque Nacionalista Galego claramente insuficiente.





Efectivamente, do que se leva falando moitísimos anos neste país é dunha autovía que conecte Lugo e Monforte, Lugo e Monforte. E digo que chega tarde a iniciativa do Partido Popular, e ademais resulta claramente insuficiente, porque sobre as promesas do Partido Popular —e imos empezar esta pequena viaxe ao pasado— falaba vostede do último programa electoral con que o PP concorreu as eleccións. ¡Ui!, pero é que vostedes chegaron ao Goberno da Xunta de Galiza no ano 2009; daquela tamén tiñan un programa electoral; no ano 2009 no programa electoral, facilmente consultable grazas ás novas tecnoloxías, o Partido Popular prometía a autovía Nadela-Sarria, nunha primeira fase, para o ano 2011; desa primeira fase desa autovía Nadela-Sarria, ano 2011, falábase de 30,6 quilómetros, 30,6 quilómetros. Con posterioridade, cando xa na Xunta de Galiza o Partido Popular redactou o denominado Plan MOVE, xa foron rebaixando un pouco as expectativas e daquela xa se situaba no ano 2015 esa autovía Nadela-Sarria.

¿Cal é a realidade a día de hoxe?, para non tampouco enfangarnos excesivamente nesa ollada ao pasado, ¿cal é a realidade no ano 2019? En boa medida a señora Rodríguez xa o explicaba, pois as obras dos primeiros 11,5 quilómetros dese desdoblamento non van empezar ata o ano 2020. No primeiro tramo, que nin sequera é o que vostedes se comprometían a facer no ano 2009, non comezarán esas obras ata o ano 2020; apenas serán once quilómetros que teñen que unir A Pobra de San Xiao con Sarria-centro.

E falaba vostede de axilidade e dilixencia, señora Rodríguez. Axilidade e dilixencia cando hai dez anos ao que se comprometían é a que a primeira fase estaría no ano 2011, que ademais iría de Nadela a Sarria-centro. Por iso dicimos que chega absolutamente tarde.

Chega absolutamente tarde e ademais, despois, porque nese proceso de licitación de exposición pública para iniciar esas obras do que será Sarria-centro-A Pobra de San Xiao o Concello de Sarria, por exemplo, facía xa unha achega. A única emenda que nos consta ao BNG, a única emenda que presentou a ese proceso de exposición pública o Concello de Sarria xa pedía que nesa primeira fase se fixese a conexión entre Nadela e Sarria, esa primeira fase inicial que fose a conexión entre Lugo e Sarria. E para nós, e á vista da súa iniciativa, iso non foi tomado en consideración.

Chega tarde e, ademais, é claramente insuficiente —insisto—, porque a autovía que se leva comprometendo desde hai moitísimos anos —lévase falando desa autovía Lugo-Monforte no mínimo desde o ano 2004, do ano 2004—, e o que se anunciou a bombo e prato eternamente como promesa electoral unha e outra vez é que se conectaría Lugo con Monforte. Que o total desdoblamento, que é o que vostedes propoñen na súa iniciativa, na última frase: «a fin de avanzar de forma definitiva no total desdoblamento desta infraestrutura.», o total desdoblamento pasa por converter o conxunto do corredor de Lugo a Monforte nunha autovía, como foi prometido —insisto— de maneira reiterada e recorrente nos últimos anos. Por iso na nosa emenda o que facemos é abranguer o conxunto desa vía de altas prestacións ou o corredor que une a cidade de Lugo coa cidade de Monforte.

Nós entendemos que iso sería o que podería, dalgunha maneira, dar resposta a esa axilidade e a esa dilixencia coa que nós entendemos que debería traballar a Xunta de Galiza. Porque eu hai algo co que coincido plenamente con vostede, señora Rodríguez, e é que é unha in-



fraestruturas chave para a vertebración territorial do noso país e sobre todo para a vertebración territorial do sur da provincia de Lugo, tan necesitada como está de investimentos en infraestruturas, que nos permitan continuar a desenvolver e a mellorar a situación social, económica e demográfica das nosas comarcas interiores.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, presidente.

Boa tarde tamén aos veciños de Lugo que nos acompañan esta tarde.

Sen que mo tome como unha falta de cortesía, voulle facer un par de observacións á señora Rodil, que parece a dinámica desta tarde. Tamén ¡mire vostede que utilizar o programa electoral do Partido Popular como un documento fiable! Parece nova na empresa. *(Aplausos.)* De verdade que isto é curioso.

E esta iniciativa, señora Rodil, non chega tarde, esta iniciativa chega a tempo, porque esta iniciativa é para as eleccións autonómicas do ano 2020, e, polo tanto, chega no momento xusto.

Señora Rodríguez Barrera... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, ¿perdón? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, perdón, perdón, Barreira —andamos un pouco exquisitos coa pronunciación, pero ben, está ben—, señora Rodríguez Barreira, hai poucos días vostede defendeu na Comisión 2ª unha proposición non de lei tamén un tanto curiosa con respecto ao remate da autovía A-54 entre Lugo e Santiago onde pedía que estivera rematada toda no ano 2020, pese a que sabe vostede perfectamente —e se non o sabe, díxollo o ex-ministro de Fomento Íñigo de la Serna— que iso era imposible, porque hai tramos que están a un 10 % de execución.

E agora vén vostede con esta iniciativa, que nós emendamos na mesma liña que o Bloque Nacionalista Galego; é dicir, hai que desdobrar por completo ese corredor entre Nadela e Monforte, e non a cachiños, non a cachiños.

Resulta que hoxe pola mañá asistimos a ese debate que, como lle gusta dicir ao meu compañeiro señor Losada Álvarez, é unha especie de construto teórico. Pero este é un construto inintelixible. Deste superávit, deses cento trinta millóns que non están pero que si están, que son corenta e oito este ano e outros corenta e oito o ano que vén, outros trinta que aparecen de non sei onde, ¿que pasa? ¿Que lle tocou a pedrea nesta repartición para facer ese cachiño entre Nadela e A Pobra de San Xiao? E agora vén vostede e presenta esta proposición non de lei, porque sabe que vai haber fondos non se sabe onde, cando, ademais, resulta que curiosamente da Axencia Galega de Infraestruturas se detraen nada máis e nada menos que trinta e dous millóns de euros do capítulo VI para obra nova, que van



parar a outro sitio. ¿De onde van sacar os fondos para facer isto? ¿Ou é que van poñer unha cantidade pequeniña —¿que sei eu?, ¿un millón de euros ou algo así?—, igual que fixeron para este tramo entre A Pobra de San Xiao e Sarria para o estudo construtivo de impacto ambiental?

¡Home!, a verdade é que vostedes din cousas pintorescas na súa iniciativa. Falan de que hai unha partida orzamentaria. Non, ¡home!, non. O que houbo sempre son fichas, son fichas; unha no ano 2017, outra no ano 2018, outra no ano 2019, (*O señor Álvarez Martínez mostra uns documentos.*), e as anteriores, todas, poñen: conversión en autovía do corredor Nadela-Sarria, completo, Nadela-Sarria, e resulta que no 2017 había en total 16.250.000 euros orzados na ficha —na ficha, non na partida orzamentaria—, e esa mesma cantidade apareceu no ano 2018, apareceu algo máis incrementada no ano 2019 para dar cobertura a ese millón, que é o que figura nos orzamentos, que parece ser que vai custar o proxecto de desdoblamento entre A Pobra de San Xiao e Sarria, e así sucesivamente.

Insisto: esta iniciativa chega a tempo, porque é unha iniciativa que está preparada para as eleccións autonómicas do próximo ano, e iso pese a que se acaba de facer público un estudo no que, segundo unha determinada organización empresarial —á cal non teño que facerlle publicidade de ningún tipo neste momento—, a provincia de Lugo é, de Galicia, á que menos orzamento se dedicou en investimento en obra pública.

Polo tanto, que veña vostede agora dicir que van facer este estudo e que van desdobrar ese tramo de corredor paréceme moi ben, paréceme estupendo, porque me parece necesario. Comparto os argumentos —fíxese— que utilizou tanto vostede como a señora Rodil, porque os que somos de Lugo e utilizamos ese corredor con certa frecuencia sabemos que hai cousas que son así, sabemos que o tramo entre Nadela e Sarria é particularmente lento se lle dás alcance a un vehículo pesado, porque ten pendentos moi elevadas. Estamos totalmente de acordo, estamos totalmente de acordo en que hai que desdoblalo para acabar con ese illamento.

Pero, ben, eu creo que debера vostede aceptar a nosa emenda, que —insisto— é igual que a do Bloque Nacionalista Galego, porque creo francamente que os veciños do Incio, de Bóveda, incluso os de Quiroga, incluso os que van en tránsito cara á Rúa, ao Barco de Valdeorras, pola nacional 120, merecen ter unha conexión dende e cara a Lugo suficiente e con categoría e seguridade como o resto dos usuarios que chegan dende Lugo ata Sarria.

Polo tanto, entendemos que non haberá problema en que vostede acepte xenerosamente a nosa emenda, porque estou seguro de que saberán encontrar a cantidade necesaria para poder levar a cabo ese desenvolvemento.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.



Boa tarde a todos e a todas.

Dicían a señora Rodil e o señor Álvarez que a proposta é insuficiente e falaban tamén de onde se van sacar os cartos, e sobre iso vai xirar a miña intervención, porque o problema de raíz é a insuficiencia orzamentaria que hai para aplicar nas infraestruturas galegas, e por iso nós introducimos unha emenda para reverter os recortes que o Partido Popular vén aplicando no investimento nas estradas galegas, e desta maneira poderíase acometer o desdoblamento total e a autovía completa de Lugo a Monforte, e creo que as distintas emendas poden conseguir un todo que pode solventar o problema. E aí veremos se o Partido Popular ten intención realmente de facer esta vía e de mellorar a vertebración do interior ou se simplemente queda nunha iniciativa de propaganda e de publicidade.

Nós, evidentemente, non estamos en contra da proposta que trae o Partido Popular, pero parécenos insuficiente. Nós do que si estamos en contra é de repartir as migallas electorais mentres non se solventa o problema de fondo da rede de estradas de Galicia, que pode parecer que ao Partido Popular lle valla, que teña falta de ambición para mellorar a vida dos galegos e das galegas, pero para nós non é suficiente.

En Galicia temos moitos problemas relacionados coa nosa rede de estradas, pouco investimento e irracional, e non se solventa traendo este tipo de iniciativas repartindo as migallas. A falta de investimento suficiente, tanto por parte de Fomento como tamén por parte da Xunta, fixo que a nosa rede de estradas sexa insuficiente, insegura e pouco competitiva. Ese é o resultado das políticas que se veñen facendo dende as distintas administracións a este respecto. E isto é o que hai que mudar, o problema de fondo, o investimento, a falta de investimento na nosa rede de estradas.

Dende o Estado houbo unha parálise no investimento de estradas, na última década, cun descenso continuado dos orzamentos, e coa maior parte deses orzamentos adicado á construción do AVE a Madrid, abandonando completamente o resto de investimentos nas infraestruturas, o que xerou un abandono absoluto da rede de estradas de competencia estatal e das infraestruturas ferroviarias, que son as máis importantes para o desenvolvemento económico e social. Eses son os investimentos que prioriza unha administración responsable.

A Xunta de Galicia, tamén durante esta época, aplicou un recorte moi importante nos investimentos na rede viaria da súa competencia. E isto responde a dúas cuestións fundamentais: a unha redución dos orzamentos debido á saída neoliberal da crise financeira, ao recortazo, ao austericidio, e á proposta absurda do Partido Popular de que cada galega e cada galego teñan unha vía de alta capacidade ao lado da casa, que tampouco avanza.

Unha proposta absurda porque ningunha administración seria pode propoñer algo así. Só hai que botar nun vistazo a todos os países do noso contorno como ninguén, absolutamente ninguén, está facendo isto. Non responde a unha visión racional, non está pensado dende a eficiencia do investimento con respecto á súa relación co desenvolvemento do país, senón a unha convivencia político-empresarial na que as grandes construtoras teñen un papel moi importante, como podemos coñecer por multitude de informes e conclusións de corpos de seguridade do Estado e de xuíces, que falan dun modelo de corrupción que leva moitos anos



esquilmando os nosos recursos. Grandes obras, con orzamentos sobredimensionados, que teñen pagado festíns de corruptos e corruptores e que teñen pagado campañas políticas.

Pero é que, a día de hoxe, cunha economía en crecemento, seguimos tendo esa insuficiencia orzamentaria. Co mesmo PIB que antes da crise, temos un 40 % menos en Galicia de investimento en creación e mantemento de estradas. E aí está o problema. Se non hai cartos para acometer as obras, pois as obras evidentemente non se poden levar adiante, e ao final acabamos traendo iniciativas e repartindo migallas, a ver onde e a que veciñanza pode convenecer un pouquiño máis agora de cara ás eleccións municipais, pero non solventamos o problema de raíz.

Quero establecer este contexto para evidenciar que, se temos un problema serio nas estradas galegas, se son insuficientes, se son inseguras, non se solventa traendo este tipo de iniciativas. Temos que ser máis ambiciosas para mellorar a vertebración interior e para mellorar o dereito á mobilidade e ao desenvolvemento económico e social de Galicia. E para ter as infraestruturas que precisamos, infraestruturas seguras e suficientes, precisamos incrementar os orzamentos adicados ao mantemento e á creación de estradas, porque non sei como pensan vostedes mellorar a nosa rede de estradas recortando ano tras ano o investimento de estradas. Non é posible, isto non se pode facer. Con menos orzamentos, temos menos actuacións nas nosas estradas.

Polo tanto, nós introducimos esta emenda, que o que pretende é que se revertan os recortes nas partidas orzamentarias adicadas ao mantemento e construción de estradas. Como vostede sabe, dende 2009 ata 2019 hai un recorte do 39,75 % da partida 512B, de construción, conservación e explotación de estradas. E mesmo este último ano, cando levamos varios anos de crecemento, de 2018 para 2019, hai un recorte do 1,12 %.

Polo tanto, deixen vostedes de traer iniciativas localistas e para tratar de contentar a veciñanza dunha zona e incrementen os orzamentos para a creación e mantemento de estradas e deixen de recortalos, porque así van quedar só en palabras e non van poder vostedes acometer estas obras.

Pola miña banda, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodríguez Barreira.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Grazas, señor presidente.

Ben, pois eu lamento moito que de verdade isto o vexan todo en clave electoral, como dicía o Partido Socialista. Non, miren, isto é unha realidade, isto é un compromiso. Non lle vou contestar ao Partido Socialista sobre compromisos electorais incumpridos, porque non me chegaría o tempo, nin sequera sumando o da primeira intervención (*Aplausos.*) Nós estamos a falar doutra cousa, estamos a outra cousa, estamos a mellorar a conectividade dos veciños do sur de Lugo, e levámolo facendo.



Vou intentar seguir a orde das súas intervencións.

Respecto da señora Rodil, di que chega tarde e é insuficiente. Ben, eu non sei se vostede sabe que entre 2009 e 2012, en que se abriu o primeiro tramo no que era o treito entre Sarria e Monforte, houbo cambios de trazado. Pero non sei se sabe, ademais, que sufrimos unha crise moi importante, onde, ademais das infraestruturas, o Goberno galego tiña que atender outras necesidades, que vostedes veñen aquí reclamar permanentemente. Seguramente o sabe, porque vostede foi tamén responsable —e recordareillo sempre— deses orzamentos que apoiaban do señor Zapatero, (*Murmurios.*) e, por tanto, ¡joia!, non deixarei de recordarllo.

Pero mire, con respecto ao Partido Socialista, di o señor Álvarez que de onde van saír, que se nos tocou a pedrea, que de onde van saír os cartos. Pois mire, dos fondos do Goberno do señor Sánchez non, porque mire, co castigo dos orzamentos do señor Sánchez a Galicia era como para que vostede veña aquí poñer en cuestión os orzamentos da provincia de Lugo do Goberno galego. De verdade, señor Álvarez, ¡hai que ter valor, eh, hai que ter valor! (*Aplausos.*)

Mire, di vostede que hai que contemplar o trazado, e son vostedes os que presentan as iniciativas, as emendas nese sentido en relación con Lugo-Monforte. Mire, eu son de Monforte, e, por tanto, ¿como eu vou estar en contra de que ese desdoblamento se faga, efectivamente, e que tamén os veciños de Sarria a Monforte teñan opción a dispoñer dunha vía desas características? Pero ¿sabe o que pasa? Que cando se executa unha obra destas características hai que empezar por algún sitio; vostedes mesmos, cando se iniciou a vía de altas prestacións, inauguraron o tramo Lugo-Sarria. Por tanto, non se pode facer todo ao mesmo tempo, hai que ir paso a paso.

E a vostedes iso lles consta, pero veñen aquí facer este alegato de que por que non se fai todo. Pois mire, non se fai todo porque todas as infraestruturas destas características se fan seguindo uns tramos, unhas fases, e vostedes isto sábeno perfectamente.

Por tanto, nós temos a mellor disposición para acadar un acordo transaccional respecto das súas emendas no que atinxe a ese desdoblamento futuro do tramo Sarria-Monforte.

E xa me vou dedicar nos últimos momentos a En Marea. Mire, paréceme verdadeiramente impresionante, impresionante, que veñan vostedes aquí falar de recortes cando as partidas para a seguridade viaria, para mantemento e mellora das estradas do Goberno galego no último orzamento se incrementaron un 30 %. Pero aínda hai que ter máis valor para que vostedes sexan os que plantexen ese tipo de emenda, cando vostedes, ano tras ano, nos orzamentos da Xunta de Galicia do Goberno galego, presentan emendas que reducen os orzamentos da Axencia Galega de Infraestruturas. O ano pasado, o 40 %; este ano, no orzamento de 2019, o 59 %. Se se reduciran esas contías que vostedes propoñen nos orzamentos da Xunta, seguramente nin esta infraestrutura nin moitas outras se poderían levar a cabo. E vostede vén aquí dicir que non se recorte. Pero ¡imos ver! Pero ¿con que autoridade moral, se son vostedes mesmos os que piden estes recortes cada vez que se presentan os orzamentos?

Por tanto, non imos aceptar a súa emenda, pero por unha cuestión de que nos parece absolutamente incoherente que quen pide sistematicamente o recorte dos orzamentos en



materia de infraestruturas veña aquí pedir precisamente unha emenda que, por certo, nada ten que ver con esta cuestión concreta que estamos a plantexar, que non é outra que se siga avanzando e que ao tempo que se está traballando administrativamente se inicien as obras no ano que vén deste desdoblamento da vía de altas prestacións entre A Pobra de San Xiao e Sarria, que se siga traballando precisamente para avanzar tamén no treito da Pobra a Lugo.

E vostede vén aquí cunha iniciativa que é máis propia dos orzamentos, unha emenda, e que ademais non se sostén, porque é absolutamente incoherente co que vostede mesmo plantexa cando se debaten os orzamentos da Xunta de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. *(Aplausos.)*

¿Sobre as emendas? ¿Sobre a emenda do BNG e do PSOE? Non lle entendín se as acepta.

**A señora RODRÍGUEZ BARREIRA:** Si, trataremos de acadar algún acordo, se é que é posible. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Correcto. Grazas.

Seguinte proposición.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central para garantir o mantemento dos centros produtivos e dos postos de traballo de Alcoa en Galicia, así como o establecemento dunha nova tarifa eléctrica industrial para a industria electrointensiva**

**O señor PRESIDENTE:** Hai unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Substituír o punto 1 polo seguinte texto:*

*«1. - Demandar do Goberno central que, no caso de non haber solución para a situación de Alcoa, active os mecanismos para a adquisición pública a fin de asegurar, alén dos seis meses inicialmente pactados, o mantemento do emprego e da actividade industrial en tanto non aparece un investidor privado solvente. Para iso, a Xunta de Galiza comprométese a, dentro dos seus instrumentos e capacidades, a colaborar en desenvolver os estudos xurídicos e económicos complementares precisos conducentes a reforzar e promover que o Goberno central active os mecanismos legais existentes de cara a ter prevista esta posibilidade no próximo mes de xullo.»*



(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Fermín Losada Álvarez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 43406)

*Emenda de modificación.*

*O contido do punto 3 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«3. Convocar unha Mesa Sectorial da Industria Electointensiva en Galicia, na que se integren todos os axentes económicos e sociais implicados, para buscar posibles novos investidores, para facilitar que os posibles investidores coñezan as empresas e para desenvolver un programa específico de incentivos dentro das súas competencias.»)*

*Emenda de modificación.*

*O contido do punto 5 da parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«5. Demandar ao Goberno central que estude a modificación da escala de tarifas de alta tensión, para crear unha nova tarifa destinada especificamente á industria electointensiva e ultra-electrointensiva, que sitúe as baixadas medias en termos porcentuais da nova tarifa en termos similares aos descensos da nova tarifa 6.2 de media tensión.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Grazas, señor presidente.

Ben, boa tarde.

Facendo memoria, no pasado pleno do Parlamento galego abordabamos en xeral a crise que está a vivir neste momento a industria galega; particularmente, a industria electointensiva. Daquela, acompañábanos na tribuna traballadores e traballadoras de Alcoa —a quen desde aquí queremos tamén enviar un afectuoso saúdo, aínda que non poidan acompañarnos—. E agardaban esperando escoitar do Goberno galego algo en firme diante da crise que están a atravesar. Pola contra, o que recibiron do conselleiro de Economía, Emprego e Industria foi máis ben un mitin preelectoral na antesala das eleccións xerais. Xa vemos que os resultados non lle saíron moi ben. Nós, confiando en que lles pasara ese arrebatado, hoxe vimos poñer aquí nesta Cámara o que lle faltou no seu día á Xunta de Galiza, que é responsabilidade e planificación para ver que facer con esta crise, en concreto, de Alcoa.

Eu quero recordar que ao longo dos últimos meses debatemos en moitas ocasións este asunto, e que mesmo o Bloque Nacionalista Galego no que vai de lexislatura chegou a presentar ata dúas proposicións de lei sobre o sector enerxético e industrial proponendo unha tarifa industrial estable para o noso país. Na que, ademais, entendemos que, como comunidade produtora, deberíamos ter algún tipo de vantaxe competitiva. Desde entón pouco a pouco o Goberno galego foi cedendo nas súas posicións. Pasou a recoñecer que era un problema neste país o prezo da enerxía. Pasou a recoñecelo pero non deu o seguinte paso, que





é asumir que é absolutamente indecente que nun país que exporta un 35 % de media de enerxía para o resto do Estado sigan pechando empresas polo prezo da enerxía.

Nós non desistimos, porque non o di só o BNG, dino tamén os comités de empresa, dino tamén asociacións empresariais do sector, como a Asime, e dío calquera que olle o sector. E o certo é que temos un problema de fondo, que é ese marco legal construído polos diferentes presidentes do Partido Popular —primeiro Aznar en 1997, despois Rajoy no 2013—. Que, por certo, vainos deixar unha tarifa eléctrica galega do revés neste 2019 coa repercusión dos suplementos territoriais que nos van afectar a todos e a todas. (*Aplausos.*) Imaxinen o que pode supor de afectación negativa engadida para o que é o principal consumidor deste país, que é Alcoa.

En todo caso, a cuestión é que a inestabilidade deste sistema e a complicidade que tivo nela o Partido Popular deixounos unha situación moi delicada, co anuncio de Alcoa xa alá por outubro. E entendemos que nestes momentos pois hai moitos motivos para manter a preocupación, porque o certo é que durante estes meses, aínda que nos discursos do Partido Popular se nos dicía que eran proclives ao diálogo, non acabou de callar como nos tería gustado nin como lle tería gustado á parte social, que pediu reiteradamente que se contara coa súa opinión.

En todo caso, o resumo da situación é que estamos nun momento crítico, que deixa tamén —hai que dicilo— un papel por parte do Estado co que desde o BNG somos moi críticos e críticas. Porque, primeiro, estiveron meses enredando con ese estatuto de electrointensivas; despois vimos un borrador que en absoluto nos satisfixo e que nós —igual que outros colectivos e partidos políticos— tamén emendamos; e, por riba, despois, en teoría íase aprobar ese último venres de campaña electoral e vimos como finalmente non saía á luz. A verdade é que para nós isto é un síntoma de preocupación, porque entendemos que, se daquela non saíu á luz, será porque quizais non nos trae novas demasiado positivas.

En todo caso, o tempo vai avanzando. Onte houbo unha nova reunión de seguimento desta situación en Madrid, e o único que temos en claro é que se van elevar as axudas de CO<sub>2</sub> ata o máximo que permite a Unión Europea. Pero iso, aínda que é algo positivo, nós entendemos que non vai ser o determinante para que Alcoa renuncie á posibilidade de pechar, ou para que algún investidor dea un paso adiante. Sabemos que hai nove posibles investidores interesados, pero iso é unha posibilidade, non unha certeza, que temos a medio camiño. E, polo tanto, entendemos que neste momento crítico hai que ter altura de miras; e, nese «ter altura de miras», hai que pensar nun plan «b». Porque, ¿que pasa se o próximo 1 de xullo, que é o límite que temos marcado, non hai comprador?, ¿que pasa se ese día non hai comprador? ¿Collemos, choramos, e damos unha rolda de prensa dicindo que estamos apenados e apenadas? Pois nós entendemos que cabe esperar outra cuestión tanto do Goberno galego como deste Parlamento, e que este momento require seriedade, planificación e poñer todas as alternativas enriba da mesa. E cando dicimos «todas» dicimos todas sen excepción, tamén pasando por estudar a alternativa da adquisición pública, porque nos xogamos moito: 400 empregos máis auxiliares na Coruña; e tamén temos que falar de San Cibrao. Sabemos que nos últimos meses se sumou esa ameaza e esa incerteza tamén ás plantas da Mariña. Se a de alúmina, no Cervo, emprega a máis de 500 persoas, a de aluminio fai que este complexo



industrial chegue a roldar os 1.200 traballadores, que chegan a máis de 2.000 se temos en conta tamén toda esa industria auxiliar. Polo tanto, isto sería sentenciar de morte varias comarcas do noso país, e non é tempo de poñerse de perfil.

E mentres o goberno do Partido Popular da Xunta de Galiza se limitaba a criticar e a respirar aliviado porque tiña alguén en Madrid a quen botarlle a bronca, pois houbo quen si fixo o seu traballo. E hoxe isto que eu teño aquí é un informe que, impulsado pola Confederación Intersindical Galega —ese sindicato que lle dá alerxia ao grupo do Goberno pero que é o maioritario en Galiza e maioritario no sector—..., (*Murmurios.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** ¡Silencio, por favor!

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...elaborou con rigor, con traballo e con seriedade a Universidade da Coruña. E ten unha conclusión moi clara: avala a legalidade e a viabilidade da adquisición pública das fábricas a través da SEPI.

Polo tanto, nós entendemos que esta é unha alternativa que hai que poñer enriba da mesa, que hai que estudar e que hai que ter preparada por se é necesaria. Non estamos pedindo nada do outro mundo. E isto non significa que renunciemos ás outras demandas. Seguimos insistindo hoxe en varias cuestións: que se rectifique o incumprimento deses acordos dos que nos dotamos o pasado 23 de outubro; seguimos insistindo en que hai que incorporar a parte social a esa mesa das electrointensivas e xerar realmente un consenso amplo no sector; seguimos insistindo en que hai que mudar o marco de fondo —como dicía ao comezo da miña intervención— e acadar unha tarifa industrial que sexa estable no tempo e que vaia suxeita tamén a obrigas de investimentos e a obrigas de mantemento de traballo; e seguimos insistindo —e, por suposto, non imos renunciar a iso— en que entendemos que o noso país debería ter un tratamento diferente nesas peaxes e nesas cargas.

Pero hoxe, sobre todo, queremos buscar nesta Cámara un consenso sobre a cuestión da posibilidade da adquisición pública; insisto, a de contemplar esa posibilidade, porque a cuestión é que temos que ter eses mecanismos preparados por, se non hai compradores, que haxa unha saída.

Neste momento, non sabemos cando ese estatuto de electrointensivas vai estar enriba da mesa. Agora mesmo o Goberno central afirma que en xuño, pero o certo é que iso xa o escoitamos antes. E nós entendemos que temos que estar previstos e previstas por se a final de xuño ese estatuto non viu a luz e, polo tanto, pode haber un factor de desincentivación nesas posibles investidores. Entón, se iso acontece, pois hai que facer algo que non é nada estraño, intervencionista e que nunca se vira nun país da Unión Europea, por exemplo, como é a adquisición pública. A propia Constitución española —que tanto se nomea neste Parlamento—, no seu artigo 128.2, reconece a iniciativa pública na economía en pé de igualdade coa privada como un mecanismo legal e posible, baixo os fins de utilidade e interese público.

O informe que eu citaba anteriormente recolle literalmente que é perfectamente válido en termos constitucionais que os poderes públicos asuman directamente actividades comerciais ou industriais cando tal intervención estea xustificada por razóns de interese público debi-



damente acreditadas. Nós pensamos que o están. Xa falei do emprego, xa falei da necesidade de pulso industrial, e poderíamos engadir o carácter estratéxico que ten a industria do aluminio na economía deste país. Este estudo tamén explora as posibilidades e os posibles límites que podería ter o dereito comunitario, porque ao final é quen máis está a mandar nestas cuestións, pero recolle como sería perfectamente viable esa adquisición de activos empresariais privados en condicións normais de mercado e que iso non sería considerado como unha axuda de Estado. Polo tanto, tería non só o consentimento da Unión Europea, senón que mesmo non habería nin que pedir autorización. E temos experiencias que xa temos citado noutras ocasións, pero é que a casualidade quere que incluso teñamos unha experiencia próxima en Italia coa propia Alcoa. Temos aí a experiencia de Portovesme, en Italia, co mesmo sector e a mesma empresa.

Polo tanto, hoxe queremos insistir unha vez máis nesta cuestión. Levamos sete meses nos que este debate é recorrentemente escapado, tapado e no que se mira para outro lado. Nós o que queremos é apelar hoxe á prudencia e á planificación e simplemente que se demande do Goberno central que, no caso de non haber solución para esta situación de Alcoa, se activen estes mecanismos de adquisición pública. E pedimos que a Xunta se comprometa e colabore con isto. Hai posibilidade de facer estudos económicos complementarios e demais que promovan esta posibilidade se non queda outro remedio.

Remato xa, señor presidente.

Oxalá no mes de xuño teñamos unha alternativa sólida que garanta os postos de traballo para Alcoa no noso país. Oxalá isto non sexa necesario. Pero queremos hoxe facer un chamado a esa prudencia, non pechar ningún tipo de posibilidades e estar preparados e preparadas para tomar as decisións valentes que haxa que tomar o próximo día 1 de xullo para salvagardar o futuro de Alcoa en Galiza.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, a verdade é que, despois de ver o debate dos candidatos á presidencia do Goberno de España o outro día e agora, a Constitución española está a punto de converterse nun *best seller*, o cal a min persoalmente me resulta satisfactorio. *(Murmurios.)*

Nós presentamos —e empezo polas emendas para, en fin, deixar o tema máis ou menos pechado— dúas emendas de substitución. A do punto 3 vai sobre a Mesa Sectorial da Industria Electointensiva de Galicia. Nós entendemos que teñen que estar todos os axentes económicos e sociais concernidos, sen ningunha dúbida; vímolos mantendo así dende o principio. E no caso do punto 5 entendemos que as modificacións nas tarifas eléctricas teñen que estar



vinculadas a determinados sistemas de tensión e non a cuestións de ámbito territorial. É un debate longo, prolixo, do que vimos falando moito tempo neste Parlamento pero, desde logo, nós entendemos que é así. E probablemente da mesma maneira que a nova tarifa 6.2 de media tensión, que é certo que afectaba maioritariamente as industrias de Euskadi —aínda que non só—, pois habería que explorar a posibilidade de que as tarifas que afectan as industrias electrointensivas ou ultraelectrointensivas tamén se poidan modificar nesa liña.

E nesta cuestión é na que se atopa o Goberno de España. Por unha parte, estaba garantido ese estatuto electrointensivo, que ten que pasar o filtro da Comisión Nacional de Mercado e da Competencia. E, desde logo, hai, efectivamente, no informe desta comisión, algunha serie de reparos —por dicilo dalgunha maneira— en termos da consideración de axudas do Estado. Claro, a nós tamén nos gustaría que fora posible neste momento desenvolve-lo xa, sen ningunha dúbida, pero preocúpanos unha fuxida cara a adiante que logo supoña custos importantes en termos de denuncias a esta cuestión en tribunais internacionais de calquera tipo. E sabemos que isto, lamentablemente, pode acontecer. Polo tanto, efectivamente, temos esa limitación temporal neste momento. O compromiso do Goberno de España de seguir adiante está aí. Estamos en tempo de negociar. Eu non comparto ese pesimismo parcial da voceira do Bloque Nacionalista Galego. E, desde logo, esta primeira medida das axudas vía CO<sub>2</sub>, de pasar de 91 a 200 millóns de euros, pois palía, polo menos temporalmente. O Grupo Socialista é plenamente consciente, e o Goberno tamén, de que non estamos falando dese paquete das electrointensivas que permitiría a estabilidade en termos de investimentos de futuro, que cremos que é un elemento central —así o dicíamos cando gobernaba o Partido Popular e así o seguimos dicindo—. Calquera empresa necesita ter un escenario de estabilidade normativa, e, neste caso, tendo en conta o peso do prezo da enerxía, pois sen ningunha dúbida.

Preocúpame moito máis o papel do Partido Popular e do Goberno galego en todo este problema. Preocúpame, primeiro, o papel do Partido Popular, porque eu quero volver dicir aquí os seis elementos fundamentais das políticas enerxéticas do Goberno do señor Rajoy: un claro alonxamento dos obxectivos de loita contra o cambio climático, un fortísimo ataque ás enerxías renovables, unha perda nas posicións de liderado tecnolóxico do país, afrontar reclamacións internacionais multimillonarias —catro mil trescentos millóns de euros— en tribunais internacionais, un incremento medio por encima da media europea do prezo da enerxía para empresas e familias e —iso si— crecentes beneficios para as empresas do oligopolio eléctrico.

E este contexto é o contexto no que o señor Feijóo se permite dar leccións sobre o que hai que facer no ámbito enerxético, cando el, no ámbito das súas competencias, non fai absolutamente nada. (*Aplausos.*) Eu pídolles a vostedes que teñan a paciencia de ler a Memoria dos orzamentos de Galicia, onde aparecen os obxectivos que buscan eses orzamentos en relación co tema enerxético; absolutamente nada diso aparece no discurso político do Partido Popular cando falamos de Alcoa. Dá a sensación de que Alcoa, en vez de estar na Coruña, está en Xúpiter; dá a sensación de que está, literalmente, en Xúpiter.

Iso si, o señor Feijóo, coma sempre, axudando. É como aquilo de «*que caiga España, que ya la levantaremos nosotros*», ou aquilo de «*se acabó la fiesta*», por non dicir o «*que se jodan*».



Forma parte dese contexto global de coñecemento do Partido Popular de clara solidariedade cos problemas do país. *(Aplausos.)*

«Feijóo acusa al Gobierno de Sánchez de “no” tener “interés” en presentar un estatuto para las electrointensivas. Alerta de que las plantas de Alcoa en Galicia están “en el aire”». «Feijóo dice que casi no existe posibilidad de mantener la plantilla de Alcoa».

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** O señor Alberto Nadal tivo o cuajo —Alberto Nadal foi o secretario de Estado de Enerxía que tiña eses seis éxitos dos que falaba antes postos; ben, el e o ministro Soria, que era aquel da suite de luxo gratis na República Dominicana, un pequeno detalle sen importancia— de propoñer superar os cento cincuenta millóns de subvención ás electrointensivas.

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Remate, por favor.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** É dicir, todo este panorama absoluto de poñer paus nas rodas ás medidas que o Goberno de España pode desenvolver para axudar a Alcoa é o que están facendo o Partido Popular de Galicia e o señor Feijóo exactamente por uns votíños, neste tema como noutros moitos.

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Ten que rematar.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** E, afortunadamente tamén, os cidadáns empézanse a dar conta, e teñen sesenta e seis en Madrid e tiveron nove en Galicia. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Losada.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Casal Vidal.

**O señor CASAL VIDAL:** Boa tarde.

Ben, sexa benvida esa autoemenda do BNG na que, por primeira vez, á tarifa 6.2 chámase 6.2; está moi ben. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, pero na súa emenda tamén, no punto 5... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Non dialoguen, por favor.

**O señor CASAL VIDAL:** Vale, perdón; confundínme. *(Risos.)*

Ben, porque realmente a PNL estaba desfasada. Hai que avanzar e de verdade, porque xa queda mes e medio; esa é a realidade. Queda mes e medio e si hai camiños de solución. Ou sexa, nós si pensamos que os douscentos millóns de euros que, de momento, o Goberno do señor Sánchez promete que aprobará co Goberno en funcións ou xa incluso, aínda que o novo Goberno non estea constituído, son imprescindibles. Penso que si é importante e que



as empresas si o terán en conta. Para iso, señor Losada, transmítalles vostede á ministra de Transición Ecolóxica e ao ministro de Industria que de verdade leven a algún consello de ministros a repartición efectiva dos douscentos millóns de euros.

Porque sabemos a experiencia: no 2017, o Partido Popular repartiu seis cando a Unión Europea permitía repartir noventa; no 2018, o Partido Popular puxo cento cincuenta millóns — ¡moi ben! — cando a Unión Europea permitía cento setenta e cinco, e os señores do Partido Socialista baixárono a noventa, incomprendiblemente. Despois, o orzamento do señor Sánchez do 2019 baixouno aínda máis: a trinta, incomprendiblemente tamén. Se están vostedes a favor da grande industria en España, é bastante incomprendible. Agora prometen que o van subir a douscentos, ao límite que a Unión Europea permite para este ano, ¡perfecto! Esperemos que antes do 15 de xuño isto sexa efectivo para que verdadeiramente as empresas non teñan a tentación de pechar. Isto son douscentos millóns.

Despois, non coincidimos co punto 4 da PNL do BNG porque cremos que as poxas de interrompibilidade non hai que suprimilas. As poxas de interrompibilidade teñen que ser verdadeiramente un servizo técnico de axuste da demanda, e cada vez van ser máis necesarias segundo se vaia incrementando a aportación da produción renovable. O que si teñen que ter é un custo razoable para que non impacten na economía do resto de consumidores. Calculamos que un custo razoable poderían ser outros douscentos millóns de euros.

Tendo en conta que o consumo total das empresas electrointensivas son 43 teravattios/hora —ou sexa, corenta e tres millóns de megavattios/hora—, todos estes incentivos supoñen 9,3 euros por megavattio/hora, ou sexa, que isto baixaría o prezo maiorista ao redor dos cincuenta e dous euros o megavattio/hora, con respecto aos sesenta e dous, sesenta e catro ou sesenta ao que está na maioría dos días. Pero isto non chega: estaríamos dez ou doce euros por encima das tarifas que teñen en Alemaña e en Francia, e xa non digamos dos trinta e dous que teñen en Noruega.

Entón, ¿que hai que facer? Pois o que hai que facer é o que xa tiñan preparado, que me enterei a semana pasada por unha filtración destas —non sei, ao mellor xa o sabe todo o mundo—. A señora Teresa Rivero xa tiña preparado o decreto para establecer o que En Marea leva dous anos pedindo, que é sacar a produción hidráulica e a produción nuclear do *pull* de subastas diarias. Tíña xa totalmente redactado, pero os *lobbies* do Partido Socialista e do Partido Popular que están nos consellos das grandes eléctricas tiráronse directamente ao pescozo, e iso foi así. E xa sabemos quen son os *lobbys*: o señor Aznar e o señor González. Dixéronlle que a onde ía esta loca terrorista radical, a querer quitarlles máis de dous mil millóns de beneficios ás eléctricas. Ben, pois esa barbaridade é o que Francia fixo cando se liberalizou a enerxía, e foi o que Francia fixo para protexer a súa industria, que é a famosa tarifa ARENH —terminado en H—: Acceso Regulado á Enerxía Nuclear Histórica.

Ben, pois En Marea propón unha tarifa ARENHH, con dous H: Acceso Regulado á Enerxía Nuclear Histórica e Hidráulica. ¿Por que? Porque as centrais nucleares en España e as centrais hidráulicas en España —e sobre todo as galegas— están totalmente amortizadas, e isto si que faría baixar o prezo da enerxía por debaixo dos corenta euros ou arredor dos corenta euros. E iso pódese facer directamente cun real decreto lei; un real decreto lei que, ademais,



a señora Rivero xa ten redactado. Simplemente é sacalo dese caixón no que llo meteron e do que, ademais, lle dixeron: non se che ocorra volver sacalo de aí, do fondo do caixón, e poñelo en marcha.

Con estas medidas Alcoa non pechará, Megasa non pechará, Celsa non pechará e Ferroatlántica non pechará; esa é a verdadeira solución. E non é unha grande idea, é copiar o que fixo Francia hai xa doce anos.

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando.

**O señor CASAL VIDAL:** E, por último, tamén —remato xa—, non olvidarse dos consumidores. A ver se o novo Goberno fai o mesmo que fixo esta semana o Goberno portugués de baixar o IVE. En España nós propoñemos que se baixe ao catro por cento para os consumidores con ata 4,6 quilovattios instalados e 3.500 quilovattios/ hora ao ano.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señor Casal.

Por parte do Grupo Popular de Galicia ten a palabra a señora Nóvoa Iglesias.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Grazas, presidenta.

Boas tardes, señorías.

A verdade é que, señora Presas, hai que ter valor, ou mellor dito, hai que ter cara para vir a este parlamento e botarlle a culpa do problema de Alcoa á Xunta de Galicia. ¡Hai que ter valor!

Mire, non llo digo eu, dillo o Comité de Empresa, *(A señora Nóvoa Iglesias amósalles un documento aos membros da Cámara.)* o sindicalista, o señor José Corbacho, que di: «*Ya no hay excusa: ganó las elecciones el Gobierno que prometió solucionar Alcoa*»; martes, 30 de abril. Señoría, non llo digo eu, dillo o presidente do Comité de Empresa de Alcoa: o Goberno do señor Sánchez é o que ten a responsabilidade sobre o peche de Alcoa; señorías, non inventen. *(Aplausos.)*

Señor Losada, ten razón vostede: isto ocorreu na época do señor Rajoy e solucionouse. Dígame vostede por que non se soluciona agora, ¡será por algo!

E, se falamos de resultados electorais, a que menos ten que dicir aquí dos resultados electorais será a señora Noa Presas. ¿Cantos deputados conseguiron? Cero deputados. ¿Iso que é, un logro, unha vitoria? Mire: nós non estamos contentos co noso resultado; nós non estamos contentos. Pero é que hai que ser humildes cando se perde e humildes cando se gaña. ¡Hai que ser humildes, señorías! *(Aplausos.)* E dígollo eu, que pertencín a varias candidaturas gañadoras, señoría, e non sigo a falar do tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Voume centrar en Alcoa, que é o importante. *(Murmurios.)*



**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Silencio.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** Miren: levamos sete meses falando do peche de dúas factorías de Alcoa, unha na Coruña e outra en Avilés; sete meses falando da perda dos postos de traballo de catrocentas persoas que quedarán sen traballo se non se atopa un comprador antes do próximo 30 de xuño. Eu preguntolles se sete meses lles parece normal, se lles parece tempo abondo para, polo menos, poñer enriba da mesa algunha solución que posibilite que algún comprador se faga cargo de Alcoa. Señorías, o problema de Alcoa é o prezo da enerxía e a falta de acción dun goberno central que abandonou a axenda industrial en Galicia e en todo o país; un prezo da electricidade que é unha competencia estatal, señorías, non da Xunta de Galicia.

Señora Presas, tan só uns días despois do anuncio do peche de Alcoa, o Grupo Popular traía unha iniciativa a este pleno sobre a industria electrointensiva, vendo xa a inacción dun goberno en materia de interrompibilidade. A maiores desa iniciativa, que saíu cun acordo unánime deste parlamento, aprobáronse, tanto no Pleno como na comisión, numerosas iniciativas con todo o que criamos que era necesario para conseguir a salvación de Alcoa, propostas consensuadas cos traballadores, cos sindicatos e tamén coa patronal da industria electrointensiva. Polo tanto, señora Presas, este grupo non se vai mover, nin se vai desdicir, nin vai aprobar cousas que non cumpren a legalidade nin tampouco que afectan unha administración que non é directamente responsable, como é a Xunta de Galicia.

Señoría, no Grupo Popular non estamos de acordo con nacionalizar empresas; non estamos de acordo con culpar a Xunta de Galicia cando aquí hai un claro responsable, que é o Goberno central, e por suposto que non estamos de acordo cunha ilegal tarifa galega para a nosa comunidade que, ademais, non sería beneficiosa para Galicia. Evolucionen, señora Presas; xa llo dixó esta mañá o conselleiro de Facenda, e repítollo eu: evolucionen e non propoñan outra vez ideas desfasadas, señoría.

Este grupo e o Goberno da Xunta levamos meses dicindo que non imos na dirección correcta. O Goberno do Estado incumpriu a súa palabra. O señor Sánchez visitou Galicia na campaña e dixó que o problema de Alcoa estaba solucionado. Señor Losada, dixeron que o estatuto da industria electrointensiva estaría aprobado antes das eleccións do 28 de abril, e un día antes do último consello de ministros antes das eleccións, cando se esperaba a aprobación do estatuto, dixeron que non cumpría a normativa e que quedaría para despois.

Señorías, volveron fallarlles aos traballadores de Alcoa e aos máis de cinco mil traballadores da industria electrointensiva galega. Saben que temos a Ferroatlántica con problemas, e agardamos e esperamos que non haxa ningunha outra. Coa situación actual non existe ningunha posibilidade que invite a ser optimistas, non existe ningunha posibilidade de que Alcoa manteña todos os empregos na Coruña e, aínda por riba, pon en cuestión o futuro de Alcoa en San Cibrao e do resto da industria electrointensiva.

Insisto, señorías: non se pode xogar así con Galicia e coa súa industria. Agora gañaron as eleccións; o Goberno xa non ten escusas, señores socialistas, quedan menos de dous meses para atopar un comprador. E, dende logo, o estatuto dos consumidores electrointensivos é un requisito imprescindible se queremos que Alcoa teña futuro en Galicia.





Señorías, o estatuto é imprescindible se queremos que os posibles investidores presenten ofertas viables para a planta da Coruña; imprescindible se queremos garantir a continuidade de Alcoa en San Cibrao; imprescindible, señorías, se queremos manter a actividade e a carga de traballo no resto da industria electrointensiva galega, que agora mesmo carece dun prezo eléctrico estable e competitivo.

En moitas ocasións, señorías, veñen —a oposición— falar de desigualdades sociais. Vostedes saben que a maior desigualdade é non ter emprego. Miren: hai que loitar por todos os empregos coa mesma forza. Ata o de agora, nestes últimos meses, vimos como o Goberno do señor Sánchez fallou aos traballadores da industria de Galicia, fallou aos traballadores de Alcoa e aos de toda a industria electrointensiva, fallou aos traballadores das centrais térmicas de Meirama e das Pontes...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Vaia rematando.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...fallou aos traballadores de Ence e tamén lle fallou a toda a industria auxiliar da automoción co «dieselazo» que, lamentablemente, vai afectar na compra de novos automóviles e todos os que teñen un coche diésel, que son a maioría en Galicia.

Onte —como xa dicían— houbo unha reunión en Madrid, e non puxeron data para a aprobación do estatuto da industria electrointensiva; só anunciaron unhas axudas en materia de compensación de emisións indirectas de CO<sub>2</sub>, que saben que non é a solución.

Insistimos: na nosa humilde opinión...

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Remate, por favor.

**A señora NÓVOA IGLESIAS:** ...creo que deberíamos ser serios e manternos firmes nos acordos tomados neste parlamento. E vostedes, señores socialistas, gobernan en España; agardamos, dende este grupo, que tomen a decisión correcta de aprobar o estatuto electrointensivo canto antes que permita que non se peche a factoría de Alcoa na Coruña e tampouco en Avilés.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**A señora PRESIDENTA (Solla Fernández):** Grazas, señora Nóvoa.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Non se preocupe, señor Losada; cítoa porque non me queda outra, pero prométole que non se me vai pegar o rolo este que está de moda na esquerda española de pasear a Constitución como solución de nada, porque eu penso que máis ben nestes corenta anos de autonomía e desa sacrosanta Constitución este país foi perdendo bastante. Non se preocupe, que non se me vai pegar.

Vostede pediunos moitas veces, ao longo destes debates que mantivemos sobre a cuestión das electrointensivas e da industria, que tivésemos paciencia e que désemos tempo. E nós



tivemos paciencia e demos tempo, pero o certo é que se vai esgotando o tempo. Entón, hoxe simplemente pedimos que se contemple a posibilidade do plan B. De feito, efectivamente, presentamos unha autoemenda por dous motivos: primeiro, porque no punto 1, no que falabamos da intervención pública, faciamos unha mención á cuestión da electrólise, que coa paralización estaba xa efectivamente ultrapasada; e segundo, para estender un pouco a redacción e que se entendese ese espírito de que non pretendiamos entrar con canóns, con pistolas e cunha AK-47 na fábrica de Alcoa e conquistala nin nada polo estilo, senón prever un mecanismo que está dentro da legalidade, que é habitual e que, de feito, é cada vez máis habitual na contorna europea ao fío de políticas máis proteccionistas no económico.

Pero, en todo caso, visto o visto, dá igual como nos expliquemos diante de quen non quere oír, porque a señora Nóvoa escoita a parte que lle gusta. Entón, escoitou a parte na que atacamos a historia do Partido Popular e a responsabilidade que ten no deseño do modelo enerxético español e puxo os tapóns dos oídos cando repartimos culpas ao Goberno do señor Sánchez; menos mal que isto queda gravado e queda tamén transcrito por escrito. Pero é curioso que quen nos vendía hoxe pola mañá autogoberno e exercicio de autogoberno agora non queira facerse cargo das súas competencias estatutarias en materia de enerxía.

Dixo vostede, señora Nóvoa, unha gran verdade nun momento da súa intervención, porque dixo: «Este grupo non se vai mover». Ese pode ser o resumo, díxoo vostede: «Este grupo non se vai mover», (*Aplausos.*) e xa vemos que é a liña. E valor ten que ter vostede para vir a esta cámara falar de Ferroatlántica despois de que a Xunta de Galiza non queira empregar o instrumento das concesións que ten ao seu favor.

Fala vostede de que evolucionemos: non sei se lle chama vostede evolución á evolución que ten a tarifa da luz neste país, que imos pagar a máis cara de todo o Estado precisamente polos suplementos autonómicos, (*Aplausos.*) ou como evoluciona o emprego industrial con vostedes na Xunta de Galiza, ou o número de empresas que están a ameazar de peche.

En fin, nós seguiremos insistindo con esta cuestión. O que estamos a pedir é algo que piden os traballadores e as traballadoras de Alcoa. Señora Nóvoa, vostede citou unhas declaracións do señor Corbacho; se as escoitase todas —por exemplo, as que fixo esta mañá na Radio Galega deste país—, escoitaría como, moi razoablemente, os traballadores tamén teñen preocupación polo que pode pasar se acaba o mes de xuño e non hai un comprador en firme, e tamén falan da posibilidade, plenamente legal, dunha adquisición pública transitoria na procura dun investidor privado. Porque se pode demorar o marco do estatuto electrointensivo e iso pode desincentivar unha posible compra, e hai mecanismos absolutamente regulamentarios que non supoñen ningunha revolución —tamén hai que dicilo— e que poderían abrir unha posibilidade.

Nós o que agardamos é que, de aquí a ese tempo, se non hai unha novidade positiva antes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...vostedes rectificquen e teñan a xenerosidade entón que non teñen hoxe.



Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** ¿Sobre a emenda? Non sei se...

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Si, imos aceptar o primeiro punto que propón o Partido Socialista respecto da mesa de electointensivas e non aceptamos o segundo punto. Facilitaremos, se o quixesen, a votación por puntos.

Nada máis e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Marcos Cal Ogando e D<sup>a</sup> Paula Quinteiro Araújo, sobre as actuacións que debe levar a cabo Xunta de Galicia en relación coa atención sanitaria aos pacientes transexuais e os requisitos exixidos para o seu acceso a procedementos médicos de transición, así como de recoñecemento legal da súa identidade**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Noela Blanco Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:*

*1º. Cumprir a Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.*

*2º. Consensuar, antes de que remate o ano, o desenvolvemento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais coas organizacións LGTBI galegas e as demais administracións implicadas.*

*3º. Impulsar durante a X lexislatura unha lei integral de identidade de xénero en Galicia.>>).*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición ten a palabra o señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Boa tarde a todos e a todas, novamente.

Como ben saben, o próximo 17 de maio, ademais de ser o Día das Letras Galegas, tamén é o Día Internacional contra LGTBIfobia, e é nese contexto, no contorno deste día, no que trae-



mos esta iniciativa. A ver se con esta presión, tendo máis ollos postos nas políticas públicas que se fan con respecto ás políticas LGTBI, conseguimos aprobar dúas medidas fundamentais e moi doadas de poñer en marcha, porque, de maneira xeral, o que vimos vendo durante toda esta lexislatura é que o Partido Popular estivo votando en contra de todas as iniciativas LGTBI que trouxemos dende a oposición.

Hoxe quixemos ser prudentes e non quixemos traer unha iniciativa con grandes cambios normativos, nin volver traer a Lei 2/2014, nin volver traer a Lei trans. Quixemos —como digo— ser prudentes e traer dúas cuestións que son urxentes, que están neste momento no centro das reivindicacións do colectivo LGTBI e que son fundamentais para que poidan ter vidas máis vivibles e vidas máis dignas as persoas trans.

Son dúas cuestións que contemplaba a Lei trans —a Lei de identidade de xénero—, que xa se debateu neste parlamento durante esta lexislatura e que o Partido Popular votou en contra alegando, entre outras cousas, ou centrando o seu argumentario en que xa en Galicia contabamos coa Lei 2/2014 e que, polo tanto, non facía falta unha lei de identidade de xénero. Xa lles dixemos naquel momento que non teñen nada que ver, que son cuestións totalmente diferentes. Ou sexa, o problema non é só que a Lei 2/2014 estea gardada nun caixón ou estea sen desenvolver, senón que a Lei 2/2014 non contempla moitas das necesidades que precisa o colectivo trans, e por iso son precisas leis concretas para o colectivo trans.

As dúas actuacións que propoñemos hoxe non están contempladas na Lei 2/2014; polo tanto, agardo que hoxe non se utilice como escusa que en Galicia xa exista a Lei 2/2014, porque estas dúas medidas concretas nin están na liña normativa nin se están desenvolvendo —ben, non se está desenvolvendo absolutamente nada, pero non están contidas na Lei 2/2014—. Polo tanto, son dúas medidas que ou se queren implementar ou non se queren implementar, pero non existen nin hai ningún marco normativo nin ningunha actuación en Galicia que xa estea propoñendo esta cuestión.

Esta iniciativa que traemos hoxe defende o dereito a ser e a que cadaquén poida desenvolver a súa vida en igualdade independentemente da súa identidade ou orientación sexual; unha iniciativa que defende avanzar no sentido da liberdade de que cadaquén poida ser quen é dignamente e sen discriminacións. Traemos unha iniciativa para instar a Xunta de Galicia a que poña en marcha dúas accións urxentes para que o colectivo trans poida ter —como digo— unha vida máis vivible; dúas actuacións moi sinxelas de poñer en marcha que están no centro das súas reivindicacións por ser das que máis precisa o colectivo para ter unha vida o máis normalizada posible.

A Xunta de Galicia e o PP teñen completamente abandonados os dereitos das persoas LGTBI. É por iso que non se desenvolveu a Lei 2/2014 e é por iso que o Grupo Popular rexeitou a toma en consideración da Lei de identidade de xénero, elaborada polos propios colectivos que traballan coas persoas trans e que defendemos nesta cámara os tres grupos da oposición conxuntamente.

Hoxe —como digo— traio dúas actuacións. Por unha banda, no eido sanitario, pedimos que se impulsen protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans que aclaren os procede-



mentos e que despatoloxicen o servizo. Porque, efectivamente, as persoas trans non son persoas enfermas e non teñen un trastorno —o trastorno é a transfobia—, polo que non teñen por que someterse a controis psiquiátricos, non precisan dunha diagnose psiquiátrica para que sexa recoñecida a súa identidade e non teñen que desprazarse a centros segregadores para ser atendidas, xa que a maioría das consultas ás que teñen que acceder poden realizarse perfectamente no seu médico de cabeceira. Pero para iso fan falla protocolos, fai falla que sexan públicos e fai falla vontade política.

Por outra banda, a outra actuación ten que ver co eido administrativo e legal: facilitar o acceso a procedementos de recoñecemento legal de cambio de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e/ou o consentimento psiquiátrico. Porque para evitar moitísimas das discriminacións que o colectivo trans atopa no seu día a día, ter unha documentación acorde coa súa identidade é unha cuestión necesaria e urgente.

Calquera de nós pode imaxinar como sería o seu día a día se a súa identidade de xénero non se correspondese co seu nome do DNI: cada vez que utilizas o DNI, cada vez que vas facer calquera documento, atópaste con problemas, tes que andar dando explicacións a xente descoñecida sobre a túa identidade e sobre a túa realidade. Evidentemente, iso supón moitos problemas, e poden imaxinar, no eido laboral, os problemas que tamén supón e as discriminacións ás que se ven sometidas por esta cuestión, que é moi facilmente arranxable.

Na actualidade, as persoas trans en Galicia teñen que soportar un longo periplo por distintas institucións para, no mellor dos casos, ver recoñecida a súa identidade. No ámbito sanitario, os colectivos veñen denunciando xa en moitas ocasións as trabas para acceder aos tratamentos hormonais. O descoñecemento social sobre a realidade das persoas trans fai que as súas necesidades médicas estean sempre sometidas a un constante cuestionamento e á tutela impropia de democracias do século XXI. De acordo coas normativas sobre o dereito do paciente, a atención das persoas trans debe ser de proximidade e non segregadora, pois a transsexualidade non é unha patoloxía, e non é preciso apartar as persoas trans a unidades específicas e segregadoras que acrecentan o estigma e a vulnerabilidade.

Tamén o Parlamento Europeo emitiu as súas resolucións sobre a situación dos dereitos fundamentais da Unión Europea, onde apuntan a necesidade de que os estados membros adopten leis e políticas contra a homofobia e a transfobia. Lamenta que as persoas transxénero sigan sendo consideradas enfermas mentais en moitos estados e pide aos mesmos que revisen as súas clasificacións nacionais dos trastornos mentais e que desenvolvan modelos alternativos de acceso exento de estigma, garantindo que todas as persoas transxénero poidan acceder ao tratamento médico preciso. Tamén pide que os estados membros que recoñezan o cambio de xénero faciliten o acceso a procedementos de recoñecemento legal de xénero rápidos, accesibles e transparentes, sen requisitos médicos como a cirurxía, a esterilización e o consentimento psiquiátrico; exactamente o que pedimos nós nesta iniciativa. Non o pedimos só dende o noso grupo; as resolucións europeas sobre os dereitos fundamentais están lanzando as mesmas indicacións. Nós o que traemos aquí son unhas iniciativas para executar e para dar saída a estas resolucións europeas.



Faise preciso crear protocolos sanitarios de atención aos pacientes trans que aclaren os procedementos e despatoloxicen o servizo. Non pode ser que os dereitos das persoas dependan da boa vontade do doutor que lles toque. Non pode ser que o acceso a segundo que tratamentos, como os bloqueadores hormonais en menores —que está ocorrendo en Galicia—, dependan da sorte de se naces nunha provincia ou noutra. Depende da provincia na que nazas, tes facilidade para acceder a eles ou non polos doutores que te tratan; nunhas provincias estanos facilitando e nas outras, non.

Polo tanto —como digo—, traemos dúas iniciativas moi concretas e moi sinxelas. Aquí non valen excusas: ou se apoian ou non se apoian. Non imos entrar en grandes profundidades; aquí estamos falando de dar cumprimento ás resolucións europeas sobre os dereitos fundamentais e estamos falando de cumprir coa Lei do paciente. Estamos falando de dúas cuestións que son fundamentais na vida e nos dereitos das persoas trans, e na administración temos a obriga de defender os dereitos de todas as persoas.

Hoxe imos votar poñernos do lado das persoas trans e dos seus dereitos ou poñernos do lado da transfobia; hoxe falamos de poñernos do lado das persoas e do colectivo LGTBI e dos seus dereitos ou do lado da LGTBIfobia. Porque de nada valen os discursos e de nada vale que o Día contra a LGTBIfobia se fagan comunicados e se fagan tuits se despois, no día a día, nas actuacións concretas e nas políticas públicas que levamos a cabo non se fai absolutamente nada por mellorar as súas vidas.

Pola miña banda, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo Parlamentario Socialista, Señora Blanco.

**A señora BLANCO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Hai xustamente dous anos, en abril do 2017, debatíamos nesta cámara a Proposición de lei de identidade de xénero, impulsada polos tres grupos políticos da oposición e elaborada polas entidades LGTBI, que foi tombada cos votos do Partido Popular.

Lembraba no día de onte aqueles días previos ao debate desa proposición de lei, no que coincidiron dous feitos: que o autobús de Hazte Oír se apostou ás portas deste parlamento e que o señor Feijóo decidiu anunciar a creación dunha unidade de referencia en Santiago para intentar maquillar ese non a esa proposición de lei que ía traer a oposición aquí. Este anuncio, aínda que no fondo atacaba o colectivo LGTBI, nas formas nós consideramos que o único que amosa é o éxito dos avances que a sociedade galega leva consolidando nestes últimos anos e que o leva facendo tamén de man das entidades, posto que se logrou poñer en primeiro plano os dereitos das persoas LGTBI.

Claro, había que maquillar e había que dicir algo contundente para intentar paliar ese non; algo que —como dicía— demostra o impulso que a sociedade e as entidades levan facendo



nestes últimos anos que levan derrubando armarios, polo que o Partido Popular tivo que buscar ese titular da creación da unidade de referencia para —como dicía— lavar a cara. Lavar a cara a pesar de que todos e todas sabemos o que o Partido Popular pensa dos dereitos e das liberdades das persoas LGTBI: soubémolo cando recorreron ante o Tribunal Constitucional a lei que garantía esa reforma do Código Civil para garantir os matrimonios entre persoas do mesmo xénero, soubémolo cando votaron en contra desa Proposición de lei de identidade de xénero, que era importantísima, e sabémolo agora, cando o Partido Popular volve, unha vez máis, collerse do ganchete de Vox e da súa filial Hazte Oír.

Porque esa coincidencia no tempo, señorías, volveu repetirse moitas veces. Nas propias primarias ou non primarias —non o temos moi claro— do Partido Popular, Hazte Oír volveu apoiar... (*Murmurios.*) Ben, é certo que coincidiron: (*A señora Blanco Rodríguez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) o señor Feijóo e Hazte Oír apoiaron o mesmo candidato: o señor Casado —supoño que ás deputadas do Partido Popular lles produce risa—. Apoiaron o mesmo candidato e volveu haber unha coincidencia no tempo entre Hazte Oír e o Partido Popular de Galicia: coincidiron en que o señor Casado era a persoa que mellor os representaba.

Vendo que o Partido Popular cada día se mete máis na caverna, ao Grupo Socialista non nos estraña que, malia toda a vangarda á que estivemos con esa aprobación da lei do ano 2014, esa lei de protección dos dereitos e das liberdades das persoas LGTBI impulsada polo Grupo Socialista, agora esteamos á cola no que se refire aos dereitos das persoas transexuais. Porque, claro, aquí non se quixo aprobar esa proposición de lei, pero resulta que esa lei existe xa en Navarra, Euskadi, Andalucía, Canarias, Madrid e Valencia. E nós o único que temos, lexislativamente falando, nesta comunidade autónoma é un artigo —o artigo 20, exactamente— desa lei do ano 2014, que é insuficiente. O resto teñen leis específicas para regular estes dereitos e estas liberdades.

E nós preguntámonos: ¿ata cando, señorías do Partido Popular? ¿Ata cando se van seguir resistindo, como levan facendo todos estes anos, ao torrente que hai entre a cidadanía para reclamar estes dereitos? ¿Ata cando van seguir dicindo non?

É ese o motivo polo que nós, señor Cal, presentamos hoxe unha emenda, porque cremos que non pode —como vostede dicía— depender da boa vontade de quen governe, e menos se, como neste caso, se trata da dereita. Para nós lexislar non é cuestión, nesta iniciativa —dicía vostede—, de que se plantexe este tema con prudencia. Nós cremos que na consolidación e no respecto aos dereitos hai que ser contundentes, non prudentes. E por iso presentamos esta emenda, onde avogamos polo básico: que se cumpra, cinco anos despois, a lei do ano 2014, que se desenvolva esa norma e que, ao mesmo tempo, para deixar de ser o farolillo vermello de toda España, lexislemos e fagamos unha lei de identidade de xénero durante esta décima lexislatura.

Non sabemos o que vai votar o Partido Popular. É certo que ultimamente están como navegando ideoloxicamente non para atoparse a si mesmos —todos sabemos e eles mesmos saben tamén o que pensan, no que cren e no que non—, senón para decidir que é o que queren parecer ante a cidadanía; esa é a deriva que teñen agora mesmo. Non sabemos se hoxe



lles toca ser liberais, de centro reformista, de extrema dereita...; o que está claro é que cando vexamos o resultado desta votación imos saber en que tendencia ideolóxica están hoxe.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Blanco.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, Señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi boa tarde.

Efectivamente, se tivésemos que medir o compromiso do Goberno galego do Partido Popular coas persoas gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia polas súas iniciativas, a verdade é que non ía saír moi ben parado.

A Lei 2/2014, cunha aplicación —por ser xenerosos— escasa cinco anos despois, é unha lei onde apenas se recollen nunhas liñas aspectos referidos á transexualidade. É unha lei que, dende logo, non finaliza coa discriminación trans, porque esta lei non despatoloxiza; non recolle aspectos cruciais como a dificultade no sistema sanitario, educativo e legal; non facilita o cambio de nome no rexistro nin de sexo no carné de identidade, e é unha lei que non garante o acceso a bloqueadores de pubertade nas crianzas, por poñer algúns exemplos. A isto apenas se poden engadir algunhas campañas moi mornas e algún protocolo que apenas pasan das páxinas web á realidade.

Nos últimos anos fomos vendo como, efectivamente, ao longo do Estado español se foron aprobando lexislacións que despatoloxizan as identidades trans e as recoñecen como un dereito humano fundamental. Mais en Galiza segue existindo ese baleiro legal; segue sen aparecer no marco legal a definición de que é a transexualidade, que é a intersexualidade ou que é a identidade sexual ou de xénero.

Efectivamente, o voto contrario do Partido Popular á lei redactada polos colectivos LGTBI deixou esta situación de baleiro legal. Polo tanto, seguen a ser moitos os impedimentos para aquelas persoas cuxa identidade de xénero non se corresponde co seu sexo; persoas ás que lles son atribuídos nomes, corpos e roles que non representan a súa identidade, representan atrancos e límites que comezan no mesmo momento en que, para acceder a calquera servizo público, incluído o sanitario ou o recoñecemento legal do seu xénero, teñen que ser diagnosticadas con trastornos de disforia de xénero.

Dende logo, nós estamos máis que convencidas de que é preciso actuar para loitar contra a intolerancia e contra a impunidade que insulta, acosa e agride, e superar da mellor maneira as barreiras que aínda quedan por derrubar, que son moitas.

É certo que a sociedade galega nos últimos anos foi experimentando avances importantes. Conseguiuse poñer no debate público e no debate político os dereitos das persoas trans e vaise, pouco a pouco, avanzando. Mais as cifras seguen sendo realmente moi preocupantes; cifras no que respecta ao número de suicidios destas persoas, que está no oitenta e cinco





por cento, cando na media da sociedade non chega ao dous por cento, nas taxas de desemprego ou nas taxas de acoso escolar. Hai un informe elaborado a finais do ano 2017 que establece que o 28,7 por cento das persoas trans se sentiron discriminadas ou foron tratadas de forma incorrecta nos servizos sanitarios de saúde e que, por iso, o 48,1 por cento decide non acudir ao seu médico de atención primaria por medo —o cincuenta por cento—, por non querer expresar abertamente a súa identidade de xénero nas consultas ou porque cren que poden ser atendidas de xeito vexatorio —case un trinta e cinco por cento—. Dende logo, son datos preocupantes e que demostran a necesidade de regular esta actuación.

É unha evidencia que as persoas trans non teñen unha enfermidade nin son enfermas. Creemos que o protocolo que demanda esta iniciativa —que, efectivamente, estaba incluído na lei que o Partido Popular votou en contra— o que pretende é facilitar o traballo clínico e detallar os pasos a seguir tanto polos profesionais como polo contorno. Un protocolo para a igualdade, a calidade, a equidade, a accesibilidade e a dispoñibilidade de recursos necesarios, coa finalidade de respectar, asesorar, acompañar...; é dicir, todas esas cuestións que deberían, a esta altura, ser máis que normais e estar máis que reguladas.

Polo tanto, hoxe o BNG vai apoiar esta iniciativa que presenta En Marea, tanto se acepta a emenda presentada polo Partido Socialista como se non.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, Señora Rodríguez-Vispo.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señora Blanco, que nos veña vostede falar de primarias, cando realizan as primarias, non lles gustan os candidatos que saen e os cambian... Non nos parece que veña dar leccións vos- tede disto. (*Aplausos.*) Pero ben, non vou perder un minuto, precisamente por respecto ás persoas transexuais, contestando algunhas cousas que aquí se dixeron e que non teñen nada que ver co tema do que estamos a falar.

Nós realmente estamos a favor de que as persoas transexuais teñan unha vida en perfecta liberdade, como aquí se dixo. Co que non estamos de acordo, señor Cal, é co que acaba vos- tede de expoñer. Porque, realmente, eu estaba escoitándoo e dicía: ¿de que país está a falar?, ¿está a falar de Rusia, doutros países, de Irán, con pena de morte? Nós estamos en España, grazas a Deus, e estamos en Galicia.

Dende logo, asistimos con tristeza a que en pleno século XXI aínda se persiga a homose- xualidade e a transexualidade e que en cinco países —como lle dicía— se castigue con pena de morte; prodúcenos tristeza, realmente.



Por sorte, nós vivimos en España, onde a Lei 3/2007 supuxo un avance na consolidación de dereitos das persoas transexuais maiores de idade, pois lles permitía corrixir a asignación rexistral do seu sexo contraditoria á súa identidade sen necesidade de someterse a un procedemento cirúrxico de reasignación de sexo e sen procedemento xudicial previo. España liderou en Europa a loita pola plena igualdade das persoas lesbianas, gays, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais, e, dentro de España, Galicia foi pioneira coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación das persoas LGTBI.

Tamén fomos pioneiros na creación, no ano 2017, da unidade de referencia para a atención dos nenos e nenas trans, unidade feita —non esquezan— da man das asociacións, e, ademais, na posta en marcha do Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero, no DOG, (*A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero. Non desenvolvemos a Lei 2/2014, señor Cal, non a desenvolvemos. ¿Iso que llo din, as asociacións que están precisamente axudando á formación deste Observatorio galego? ¿Dinllo esas asociacións?

A iniciativa da que vostede fala, que trouxeron aquí e da que nós votamos en contra, a Lei para a transexualidade, non contaba co apoio de todas as asociacións. Nós non temos a culpa de que algunhas asociacións estiveran a favor desa lei e outras non estiveran de acordo. Esa foi realmente a causa do noso voto en contra. (*Murmurios.*)

Galicia, señor Cal, dispón da Instrución 13/2017, que establece o procedemento a seguir polos profesionais do Sergas para a atención á transexualidade. Na propia instrución expóñense os principios básicos para calquera actuación dentro do Sergas, que son, por un lado, os de respectar as persoas trans e as súas diferentes identidades e expresións de xénero, e, por outro lado, despatoloxizar a súa situación. Desta forma, defínense os equipos de profesionais que aa atenden: que estean formados por un equipo multidisciplinar que proporcione unha atención cunha mirada trans positiva e non patoloxizante, non como vostede di; non patoloxizante. (*Aplausos.*)

Por outra banda, señoría, as sociedades científicas están a traballar nos protocolos a seguir en cada unha delas para as atencións ás persoas trans; as sociedades científicas, que son as que teñen que traballar, porque son as coñecedoras deste tema.

Pero é que, ademais, en Galicia, para os chamamentos ou contactos que se establezan, os profesionais dos centros sanitarios promoven a utilización do nome sentido que se especifícase, tendo sempre presente a seguridade e a correcta identificación do paciente para a actuación sanitaria. Do mesmo xeito, séguense as directrices do Ministerio de Sanidade para a derivación de pacientes de cirurxía de cambio de sexo no protocolo de designación de centros. Así, aínda que non hai ningún centro de referencia designado, inténtase, en primeiro lugar, a derivación a centros públicos —ao Carlos Haya, concretamente, de Málaga—, e no caso de que a lista de espera sexa moi alta, dérvase a un centro privado que solicita a persoa que quere realizar a cirurxía.

O Sergas garante en todo momento o acceso aos servizos relacionados co cambio de sexo: durante o ano 2018 autorizouse a cirurxía de cambio de xénero a seis persoas que o solici-



taron —dúas á clínica de Iván Mañero e catro a Barnaclínic— e durante o ano 2019 foron dúas as persoas que solicitaron o cambio de xénero e foi autorizado.

Respecto do punto segundo, que causa tantos problemas, señor Cal, e que se refire á regulación do procedemento de recoñecemento legal de cambio de xénero, vostede sabe que non é competencia de Galicia; vostede sabe que é competencia estatal, ¿verdade? Sábeo precisamente porque o pasado ano 2018 o Grupo Parlamentario de Unidos Podemos-En Comú Podem-En Marea presentou ante o Congreso unha *Proposición de ley sobre la protección jurídica de las personas trans y el derecho a libre determinación de la identidad sexual y expresión de género*, onde recoñecían vostedes mesmos que o artigo 149.8 da Constitución —leo textualmente— «*atribuye competencia exclusiva al Estado en materia de legislación civil y relaciones jurídico-civiles relativas a ordenación de los registros e instrumentos públicos*». Sábeo vostede, señor Cal:...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ...o punto segundo —remato, señor presidente— desta iniciativa non é competencia da comunidade autónoma.

E tamén o sabe o Grupo Socialista. E digo que o sabe porque a emenda de substitución que vostedes presentan, señora Blanco —que tan preocupada está tamén polo tema—, e que vostedes, señor Cal, supoño que apoiarán —como sempre fan coas emendas do Grupo Socialista— non contempla o punto segundo, ¡que casualidade! Bota vostede balóns fora, o que parece que evidencia que o Goberno central... (*A señora Blanco Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.*) Si, señora Blanco, é unha emenda de substitución e non contempla o punto segundo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODRÍGUEZ-VISPO RODRÍGUEZ:** ... polo que parece que o Goberno central non vai adoptar ningún compromiso sobre este tema.

Polo tanto, señorías, non podemos apoiar a súa iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodríguez-Vispo.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

A ver, os problemas dos que hoxe estou falando son problemas de Galicia, non son nin de Irán nin doutros partidos. Os problemas dos que eu estou falando son problemas cos que se atopa día a día o colectivo trans. (*Murmurios.*)

Non veña dicir que hai avances; ¡evidentemente!, claro que houbo avances durante todos estes anos, claro que houbo avances, pero aínda hai moitísimas discriminacións que dan as



seguintes cifras: se todo estivese tan fantásticamente, non teríamos oitenta e cinco persoas das persoas trans pensando suicidarse; non teríamos que o corenta e un por cento das persoas trans intentou suicidarse, cando o total da cidadanía é o 1,5; non falaríamos de que a taxa de paro das persoas trans está entre o oitenta e cinco e o noventa por cento. Se estivese todo tan ben... *(A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* Non estamos en Irán, pero en Galicia estas son as cifras, e precisamos medidas para mudar esta realidade.

Se se estivesen facendo as cousas correctamente non estaríamos coa cifra de que o noventa por cento dos casos de acoso escolar están vencellados á orientación sexual e ás identidades. Evidentemente, en Galicia temos moitísimos problemas e moitísimas discriminacións co colectivo LGTBI e co colectivo trans —non hai que ir a outros países—, e dende aquí é dende onde temos que poñer solucións, porque é onde nós temos capacidade para actuar.

Evidentemente, claro que España liderou os avances a nivel mundial do LGTBI, pero non foi grazas ao Partido Popular; foi grazas á sociedade civil. Porque o Partido Popular estivo constantemente poñéndose en contra e boicoteando todos estes avances. Esa é a realidade e, por sorte, a nosa sociedade estivo avanzando.

Mire, vultle dicir o que din os colectivos, porque vostede di que non apoiaron a Lei trans porque os colectivos estaban divididos. Vostede sabe que iso é mentira; vostede sabe que, dos dous colectivos que vostedes nomearon, un non existe —non está rexistrado— e o outro tiña unha voceira en Galicia dun colectivo estatal. Os colectivos trans que traballan en Galicia —rexistrados en Galicia— estaban coa lei, ¡todos! Vostedes buscaron unha escusa *(Murmurios)* e apoiáronse nunha persoa e noutra persoa que non estaban nun colectivo para dicir que os colectivos non estaban de acordo. *(Murmurios)* Vostedes saben que isto é así. *(A señora Rodríguez-Vispo Rodríguez pronuncia palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

Mire o que din os colectivos trans do centro de referencia que fixo Feijóo: a plataforma estatal polos dereitos trans Nadie Sin Identidad, que aglutina o oitenta por cento dos colectivos trans do Estado, manifestou con respecto á unidade de referencia da que vostede di que está facendo todo fantásticamente ben —que, por certo, ten psiquiatras no seu equipo; estamos agardando por ver eses protocolos, porque se vostedes non están sacando eses protocolos é porque algo están agochando—... *(Murmurios.)* *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

Se quere falar a señora Prado, dámoslle unha quenda de palabra; podémoslle dar unha quenda de palabra.

**O señor PRESIDENTE:** Silencio. Estamos terminando xa.

**O señor CAL OGANDO:** O que din os colectivos trans con respecto á unidade de referencia, que din vostedes que é o avance: «*Retrotraernos a viejas, retrógradas y segregatorias formas de atención, contrarias a la despatologización y a la novedosa pero necesaria figura del derecho; la libre determinación de la identidad y expresión de género, anunciándose como un “modelo nuevo”*» —que é o que fixo agora vostede— «*es un ejercicio torpe de malabarismo que solo esconde intereses que no son los de las personas trans*». *(O señor Cal Ogando amósalles un documento aos membros da Cámara.)* Isto opina o colectivo trans das medidas que vostedes están facendo en Galicia.



E remata o tempo. Eu dicía que viña cunha iniciativa prudente, porque son dúas medidas nas que neste momento os colectivos LGTBI están centrando a atención porque cren que é do máis urxente, porque cría que poderíamos sacalo adiante; por iso non fun máis contundente —como di a voceira do Partido Socialista—. Pero vendo que o Partido Popular vai votar en contra tamén destas dúas iniciativas, transaccionaremos co Partido Socialista, seremos máis contundentes e verase que defende cadaquén.

Máis nada. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Suspendemos o pleno ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás seis e cincuenta e catro minutos da tarde.*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

